



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 114

Sesión plenaria
21 de febreiro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Solicitude de creación dunha comisión de investigación

Proposta polas dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a tramitación da autorización de parques eólicos por parte da Xunta de Galicia e nomeadamente sobre os plans industriais e as monetarizacións dos parques eólicos adxudicados no concurso eólico de 2010 (doc. núm. 48941, 11/SCI-000007)

Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 451, do 09.02.2023

Punto 2. Comparecencia

49767 (11/CPP-000117)

Do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar sobre a situación e perspectivas do desenvolvemento eólico en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

Punto 3. Mocións

3.1 49613 (11/MOC-000138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a atención primaria no sistema sanitario público galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 46698, publicada no BOPG núm. 447, do 2 de febreiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 7 de febreiro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

3.2 49687 (11/MOC-000140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín

Sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 44916, publicada no BOPG núm. 447, do 2 de febreiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 7 de febreiro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

3.3 49689 (11/MOC-000141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre as axudas á agricultura ecolóxica (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 44622, publicada no BOPG núm. 447, do 2 de febreiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 7 de febreiro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023



3.4 49692 (11/MOC-000142)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 47324, publicada no BOPG núm. 441, do 25 de xaneiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 7 de febreiro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 17581 (11/PNP-001725)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte Ferrol-San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162, do 29.06.2021

4.2 44473 (11/PNP-003785)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para executar todos os orzamentos que ten propios e procedentes do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e dos fondos europeos para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 418, do 07.12.2022

4.3 48602 (11/PNP-004022)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un protocolo de prevención e intervención fronte a agresións e abusos sexuais no ocio nocturno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

4.4 48659 (11/PNP-004029)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver os procesos selectivos das ofertas públicas de emprego dos exercicios 2018 e 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

4.5 48809 (11/PNP-004039)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego fronte ás condutas adictivas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023



4.6 49281 (11/PNP-004066)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as actividades de per-
cebeiros e bateiros se desenvolvan de xeito coordinado e en igualdade de condicións

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 450, do 08.02.2023

Punto 5. Interpelacións**5.1 41573 (11/INT-002022)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política en relación co impulso demográfico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.2 47608 (11/INT-002298)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre o fomento da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023

5.3 49002 (11/INT-002350)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 49754 (11/POPX-000095)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre que medidas vai tomar o Goberno galego diante da reacción social pola deterioración
dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

6.2 49755 (11/POPX-000096)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as intencións de rectificación da política sanitaria do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 49679 (11/PUP-000303)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da xestión dos fondos europeos realizada polo Goberno de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

7.2 46269 (11/POP-007004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do servizo de mantemento co que durante seis meses apoiaba os concellos pertencentes ao parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

7.3 48100 (11/POP-007389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego para iniciar, no ano 2023, os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2023

7.4 49697 (11/PUP-000304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre o cumprimento da lei relativa á autorización de verteduras industriais e á actividade mineira no caso das instalacións de San Finx, no concello de Lousame

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

7.5 49743 (11/PUP-000305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis

Sobre o risco para o marisqueo da ría de muros e Noia que supón a autorización de vertido da mina de San Finx en Lousame

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

7.6 48272 (11/POP-007431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis

Sobre o investimento para facilitar a conciliación das familias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2023



7.7 45696 (11/POP-006780)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dun plan específico para dotar de persoal a atención primaria na zona sur de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

7.8 47379 (11/POP-007251)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e nove deputados/as máis**

Sobre as obras de reforma proxectadas polo Goberno galego no Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

7.9 48036 (11/POP-007346)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir todas as baixas e vacacións da atención primaria da comarca da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2023



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Antes de entrar na orde do día, o señor presidente informa das inasistencias xustificadas á sesión e das delegacións de voto. (Páx. 12.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa de dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a tramitación da autorización de parques eólicos por parte da Xunta de Galicia e nomeadamente sobre os plans industriais e as monetarizacións dos parques eólicos adxudicados no concurso eólico de 2010. (Punto primeiro da orde do día.)

Rolda do G. P. proponente: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 12.)

Rolda dos GG. PP. non proponentes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 15.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 18.)

Rolda de réplica do G. P. proponente: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 22.)

Votación da solicitude de creación da comisión de investigación

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa de dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a tramitación da autorización de parques eólicos por parte da Xunta de Galicia e nomeadamente sobre os plans industriais e as monetarizacións dos parques eólicos adxudicados no concurso eólico de 2010: rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 24.)

Comparecencia do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar sobre a situación e perspectivas do desenvolvemento eólico en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 30.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 34.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 38.)



O señor Bará Torres (BNG) solicita intervir ao abeiro do artigo 76 por alusións. A señora presidenta (Candia López) concédelle a palabra. (Páx. 42.)

Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 43.)

A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 48.) Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 48.), a señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 50.), a Sra. Nóvoa Iglesias (P) (Páx. 52.) e o Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 55.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a atención primaria no sistema sanitario público galego. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 65.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 69.)

O señor Puy Fraga (P) pide a palabra, ao abeiro do artigo 76, por entender que houbo determinadas alusións á súa persoa no debate, petición á que accede o señor presidente. (Páx. 72.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia o debate conxunto de dúas mocións. (Páx. 73.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico. (Punto terceiro da orde do día.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre as axudas á agricultura ecolóxica. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas ás mocións. (Páx. 73.)

Intervención dos grupos autores das mocións: Sr. Seco García (S) (Páx. 74.) e Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Armada Pérez (P) (Páx. 79.)

O señor Seco García (S) (Páx. 83.) e o señor Rivas Cruz (BNG) (Páx. 85.) interveñen para posicionarse respecto da emenda.



Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 90.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)* (Páx. 93.)

Nova intervención da señora Díaz Varela (S). (Páx. 96.)

Votación das mocións

Votación dos puntos 1 ao 11, agás o punto 9, da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a atención primaria no sistema sanitario público galego: *rexeitados por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación do punto 9 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a atención primaria no sistema sanitario público galego: *rexeitado por 17 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación do texto autoemendado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre as axudas á agricultura ecolóxica: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Antes da votación da seguinte moción, a señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) solicita unha votación por puntos. A autora da moción non accede a esta petición. (Páx. 99.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte Ferrol-San Cibrao. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 100.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 102.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 105.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 107.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para executar todos os orzamentos que ten propios e procedentes do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e dos fondos europeos para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ojea Arias (S)*. (Páx. 113.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 115.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 119.)

O señor Ojea Arias (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un protocolo de prevención e intervención fronte a agresións e abusos sexuais no ocio nocturno. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 124.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 124.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. López Sánchez (P)* (Páx. 127.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 130.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 133.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver os procesos selectivos das ofertas públicas de emprego dos exercicios 2018 e 2019. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 135.)



Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 137.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 140.)

Nova intervención do señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 143.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou inasistencia a deputada Iria Carreira Pazos, e tamén o fai dona Alexandra Fernández Gómez, que delega o seu voto na deputada Olalla Rodil Fernández, conforme o disposto no artigo 84.4 do Regulamento da Cámara.

E, sen máis, entramos na orde do día, punto primeiro.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa de dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a tramitación da autorización de parques eólicos por parte da Xunta de Galicia e nomeadamente sobre os plans industriais e as monetarizacións dos parques eólicos adxudicados no concurso eólico de 2010

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposta, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Señor Conde, bo día. Está ben que estea hoxe aquí, neste parlamento, porque vai ter que escoitar unhas cantas cuestións. Vai ter que escoitar, por exemplo, por que traemos aquí esta petición de comisión de investigación despois dunha sucesión de vetos e boicots do Partido Popular; vetos e boicots para unha cousa moi simple: é dar información.

Preguntámoslle primeiro ao director xeral de Planificación Enerxética, e negouse a responder. Preguntámoslle despois a vostede nunha interpelación parlamentaria, e negouse a responder. E, despois, presentamos unha moción na que había un punto que dicía: «Trasladar ao Parlamento a documentación dos expedientes sobre os plans industriais e as monetarizacións do concurso eólico de 2010»; e pedimos a votación separada deste punto, así de fácil, e vostedes votaron que non. ¿Que teñen que ocultar, señoras e señores do Partido Popular? (*Aplausos.*) ¿Por que se negan a dar a documentación a este parlamento? ¿Por que se negan a responder ás peticións polo artigo 9 sobre esta mesma cuestión? ¿Que teñen que ocultar? ¿A quen protexen? ¿Por que este expediente X no que converteron vostedes o concurso eólico de 2010? ¿A quen están protexendo, señor Conde?

Queremos respostas, queremos saber a verdade, queremos luz e taquígrafos, queremos que se acabe a ocultación. E téñeno vostedes moi fácil: déannos esta documentación e retiramos esta petición. Pero, como non nola deron, como non nola dan, vémonos na obriga de pedir formalmente en sesión parlamentaria a petición dunha comisión de investigación sobre os



plans industriais e as monetarizacións do concurso eólico de 2010 —¿recordan, non?—, o maior plan industrial da historia de Galiza, con 6.000 millóns de investimento e 13.200 postos de traballo, dito polo seu antecesor, o señor Guerra. En realidade, non o maior plan industrial da historia de Galiza, o maior fiasco industrial da historia de Galiza (*Aplausos.*), a demostración clara dun goberno mediocre, dun goberno gris, dun goberno sen ansia, sen ansia e sen substancia, porque vostedes só teñen ansia para abrazarse ás eléctricas, para facerlles favores ás eléctricas, para iso si. (*Aplausos.*)

E miren, voume centrar, por limitacións de tempo, nalgunhas cuestións que me parecen especialmente relevantes a respecto dese plan industrial ou dese concurso eólico, que segue vivo e coleando, porque as empresas que se presentaron en 2010 están agora mesmo tramitando proxectos, doce anos despois, trece anos despois. Esa é a súa eficacia como gobernantes. ¿Así é como gobernan vostedes? ¿Trece anos despois tramitando proxectos e once anos despois considerando eses proxectos de interese prioritario? E que é unha broma: once anos despois decláranos de interese prioritario, cando pasaron once anos sen mover un papel, ou si, movendo papeis para ocultar, para silenciar e para perdoarlles plans industriais e investimentos a esas empresas. Para iso si que que moven papeis vostedes, para iso si que se menean, para iso si que están apurados.

E queremos información, queremos a verdade. Queremos, por exemplo, saber cantos plans industriais se desenvolveron deses proxectos de 2010 e que investimentos se fixeron e cantos postos de traballo se crearon, un por un.

Igualmente, queremos saber cales foron as monetarizacións que estaban previstas —que temos aquí a documentación, publicada no DOG (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) —, á que se comprometeron esas empresas. Non ten tanta ciencia. Porque, ademais, vostedes crearon unha comisión de seguimento deses plans industriais en 2011, por certo, que a cambiaron ao ano seguinte, porque tiveron que cambiar o presidente desa comisión de seguimento, un presidente, director xeral que estaba investigado e cuestionado por moitas denuncias públicas, e cambiárono. Pero esa comisión actuou e no ano 2014 vostedes déronlles validez ás propostas presentadas polas empresas, polo menos —din— nun 84 por cento, porque houbo algunhas renuncias, tamén algunhas anulacións, pero supostamente eses plans seguiron adiante, aínda que hai por aí algunhas informacións un tanto perturbadoras, que nos falan de que lles perdoaron vostedes máis de 1.500 millóns de monetarizacións ás empresas.

Porque —está aquí no DOG publicado (*O señor Bará Torres mostra un documento.*)— só Fenosa Wind, coa que vostedes teñen tantas relacións amistosas, comprometeuse a pagar 1.175 millóns —está aquí no DOG (*O señor Bará Torres mostra un documento.*)—, desmíntano vostedes—, e, en todo caso, a facer un plan industrial valorado en 1.200 millóns de euros. ¿Onde están eses plans industriais?, porque non os vemos por ningún lado. Despois falaremos de Fenosa Wind, Gas Natural.

Pero antes imos falar doutros casos moi escandalosos. Por exemplo, empresas adxudicatarias do concurso que foron mercadas por outras, como Kaekias Eólica, mercada por Greenalia; as portas xiratorias a pleno funcionamento. Esta empresa, Kaekias, comprometérase a pagar 11,7 millóns de euros por dous parques e a Xunta perdooulle ese pagamento, con grave dano



para as arcas públicas, e fíxoo por un procedemento absolutamente irregular, porque vostedes permitíronlle cambiar o plan industrial que presentaran en 2010 por outro completamente distinto e déronlle validez a ese plan industrial, ao cambiazo, que fixeron en 2019, con efecto retroactivo, con investimentos que non tiñan nada que ver e que se fixeran antes mesmo de que Greenalia comprase Kaekias Eólica; é dicir, un auténtico cambalache, que se descubriu casualmente, por certo; se queren, coméntolles despois por que. En todo caso, este asunto está na Fiscalía, unha denuncia por presunta prevaricación e malversación de fondos públicos, á que terán que dar vostedes resposta.

Pero isto só é a punta o iceberg, o caso Kaekias-Greenalia. Temos outros: Beltaine Renovables, monetarización de 10,1 millóns de euros, ¿onde está esa monetarización? Esta empresa tamén a comprou Greenalia, ¿casualidade?; está tramitando, entre outros parques, Touriñán III-2 agora, trece anos despois, un, por certo, dos que afecta a rapa das bestas de Sabucedo, denunciada polo señor Sorogoyen, na entrega dos Goya, ¿vírono, non?, como vostedes maltratan o medio ambiente, como vostedes maltratan as tradicións populares, como a rapa das bestas, con aprobación destes parques.

Pois ben, outros, os do Monte do Gato, aos que lles deron tamén o cambiazo, tramitados por unha empresa, Estela Eólica, que renunciou ao concurso de 2010, e vostedes fixeron un cambiazo —tamén de novo Greenalia está no allo— e tramitan con outros nomes os mesmos parques dunha empresa á que lle anuláron o concurso concedido no ano 2010. En fin, isto non hai por onde collelo, é unha auténtica trapallada.

Ou Enebro Renovables, con monetarización de 7,8 millóns de euros. ¿Onde están?

Ou un caso tamén recente: Esus Energías Renovables, unha empresa do Banco Sabadell. Resulta que se lle acaba de dar a DIA favorable ao parque eólico Mondigo, con 45 megavatios, entre Trabada e Ribadeo. E ¿saben que plan industrial presentou esta empresa, Esus Energías Renovables? Un plan industrial de 1.050 millóns de euros para facer o Plan eixo dixital de Galicia. ¿Onde está ese investimento? Vostedes déronlle a DIA favorable e ¿perdoáronlle o investimento de máis de 1.000 millóns de euros a unha empresa? ¿Isto como se chama? Se non é prevaricación, pasa rozando o poste. *(Aplausos.)* Se non é prevaricación, ándalle moi cerca. ¿Onde están? Queremos saber onde están estes investimentos.

E despois xa está a traca final de Fenosa Wind, Gas Natural Fenosa, a que factura todos os anos en Galiza miles de millóns de euros, á que vostedes lle perdoaron a monetarización de 1.175 millóns, ou, en todo caso, o plan industrial de 1.200 millóns de euros. Non sabemos nada diso, queremos saber, queremos que nos dean a información, porque esa empresa está tramitando agora, por exemplo, dous parques —Campo das Rosas e Porto Vidros—, tamén denunciados por Sorogoyen na gala dos Goya, porque afecta a rapa das bestas e destrúe hábitats prioritarios, que é unha fragmentación de libro, como unha catedral, do mesmo parque en dous, que comparten liña de evacuación, comparten subestación, e, ademais, un atentado ambiental.

Pois ben, cada día que pasa medra a bóla de neve, medra o escándalo eólico do Partido Popular. Cada día é máis evidente que este asunto lles queima nas mans, e por iso queremos saber, queremos saber a verdade, queremos que dean a cara, queremos que nos dean a



documentación, queremos que preman sen medo o botón verde do «si» a esta comisión de investigación. É un exercicio saudable, un exercicio de transparencia, un exercicio de democracia.

Polo tanto, voten «si» á información, voten «si» á transparencia, voten «si» á documentación, e, polo tanto, acaben xa dunha vez coa ocultación coa que están levando este tema xa durante trece anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputados.

O Bloque Nacionalista Galego trae hoxe unha proposta para crear esta comisión de investigación, en base ao artigo 52 do Regulamento do Parlamento galego, sobre a tramitación da autorización de parques eólicos por parte da Xunta de Galicia e, nomeadamente, sobre os plans industriais e as monetarizacións dos parques eólicos adxudicados no concurso eólico de 2010 e que se contemplan no anexo V, no plan industrial das empresas seleccionadas.

A verdade é que hai menos dun mes que o mesmo grupo trouxo unha moción na que se solicitaba, entre outros puntos, que se dera traslado ao Parlamento galego da documentación dos expedientes sobre eses plans industriais e as monetarizacións do concurso eólico de 2010, así como levar a cabo de oficio a revisión dos expedientes dos parques eólicos Campelo e Lamas de Feás para garantir o cumprimento do compromiso de monetarización que figura na adxudicación do concurso eólico de 2020.

Pois ben, hai menos dun mes que o voto do Partido Popular foi negativo, polo que, señores do BNG e compañeiros e compañeiras do Partido Socialista, moito me temo que nada ten mudado nestes días e que, unha vez máis, pois teremos que os deputados e deputadas do Partido Popular votarán en contra de crear esta comisión de investigación.

Os socialistas, pola contra, como defensores sempre a ultranza da transparencia contida nas leis, nesas leis que o propio Goberno galego aprobou aquí cos deputados e deputadas do Partido Popular, votamos a favor da moción que trouxo o Bloque Nacionalista Galego hai algo máis dun mes e volveremos votar a favor da creación desta comisión de investigación, posto que o achegamento de documentación e o esclarecemento das posibles irregularidades ou non que puidese haber nestes feitos deberan ser a maior garantía de calidade da nosa democracia.

Os socialistas denunciámos unha e outra vez que a Xunta de Galicia non dá resposta ás preguntas formuladas para a súa resposta escrita por parte dos grupos parlamentarios nin



nos achega esa documentación que solicitamos a través do artigo 9, incumprindo reiteradamente os prazos marcados polo Regulamento desta cámara; nalgúns ocasións sobrepan o ano esas respostas, e en moitas outras nin tan sequera contestan.

Polo que os socialistas voltamos demandar do Goberno galego que cumpra o Regulamento desta cámara, pero que tamén dea cumprimento a esa Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, que na propia exposición de motivos establece que os mecanismos de transferencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte ás hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. E no artigo 2 establécense os principios reitores desta lei e o primeiro que establece é o principio de transparencia, polo que toda a información pública é accesible e relevante; é máis, toda persoa ten acceso libre e gratuíto a ela, coas únicas excepcións previstas na lei.

Xa que logo, os socialistas solicitamos que a Xunta de Galicia cumpra a lei e que se achegue aos grupos parlamentarios toda a documentación que forma parte dos expedientes de tramitación sobre as autorizacións de parques eólicos e, nomeadamente, sobre os plans industriais e as monetarizacións dos parques eólicos adxudicados no concurso de 2010.

A falla de transparencia, señor conselleiro —xa que está vostede aquí—, só xera desconfianza. E no caso deste concurso eólico do ano 2010 recórdolle que houbo 21 das empresas, dos promotores que presentaron proxectos que se sumaron nese anexo V á monetarización, é dicir, dixeron «si». E, polo tanto, parece bastante xusto e bastante claro que os deputados e deputadas que formamos o poder lexislativo galego pois teñamos acceso a esa información, para así despxear calquera dúbida que puidera xurdir, e, se a hai, pois tamén que se coñeza.

Ben, todo isto vén fundamentalmente polo debate que tivemos hai uns meses dos parques eólicos de Lamas de Feás e Campelo, que no mes de novembro —como vostede ben sabe— se presentou ante a Fiscalía unha denuncia en base a que hai determinadas mudanzas polas que a Xunta de Galicia eximiu esta enerxética —que neste caso é Greenalia— de pagar 11,7 millóns de euros sen que se contemplase este cambio no plan industrial eólico no que se lle concedeu.

Por facer novamente un pequeno resumo dos acontecementos que levaron a esta petición, vemos que en agosto de 2009 a Consellería de Economía e Industria —xa co PP— publica no *Diario Oficial de Galicia* a suspensión do Decreto eólico do Bipartito. Posteriormente, en 2009 publica a Lei 8/2009, na que regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Con base na dita lei, en marzo de 2010 publícase a orde para a asignación deses 2.325 megavatios de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia, iso si, fixando como obxectivo acadar en 2012 unha potencia autorizada en Galicia de 6.500 megavatios de enerxía eólica. En decembro de 2010 publícase a Resolución pola que se aprobou a redacción de anteproxectos de parques eólicos seleccionados —que nese momento eran 93— pero que superaban as potencias inicialmente previstas, polo que se fai unha fase de preselección e se elixen os anteproxectos, segundo a Xunta de Galicia, que mellor cumprían os requisitos.



Polo tanto, na normativa que regula a asignación da potencia establécese que os titulares dos anteproxectos seleccionados que asociasen á súa solicitude un plan de natureza industrial quedan comprometidos, por unha banda, á execución do investimento en activos fixos tanxibles e á creación do número de empregos que teñan previsto, e que, cando a potencia asignada a un solicitante fose menor que a potencia mínima de compromiso consignada na súa solicitude, o solicitante poderá optar pola renuncia ou por monetarizar o seu plan industrial.

Pois ben, na resolución de decembro apróbase a relación de parques eólicos seleccionados por zonas, e na anterior moción que se debateu neste parlamento falabamos de Kaekias Eólica, S.A. Pero, como lle dicía antes, hai 21 promotores que asinaron, que dixeron «si» a esta monetarización no caso de que esa potencia asignada fose menor á prevista por eles inicialmente.

Pois ben, nesta resolución —e falabamos naquel momento do parque eólico de Lamas de Feás— pois temos que no anexo V da resolución aparece ese plan industrial das empresas seleccionadas con indicación do importe proporcional de investimentos en activos tanxibles e o número de empregos que van crear. No caso de Kaekias Eólica —que, xa digo, é polo que saltou un pouco toda esta situación— pois vemos que o que propoñen é o secado térmico de Lamas e a fabricación de *pellets*. Solicitaban 108 megavatios e tiveron unha asignación de potencia de 75, cun investimento total de 18,9 millóns de euros, con 48 empregos totais, e na opción de renuncia ou monetarización o promotor dixo «si».

Pois ben, en cumprimento do artigo 7.1 do penúltimo parágrafo da orde do 29 de marzo de 2020 o investimento total proporcional que lle quedaría en función da potencia que se lle asignou serían 11,7 millóns de euros e 33 empregos totais proporcionados. Pois ben, Kaekias Eólica renunciou a executar ese plan industrial, monetarizando o importe do mesmo en 11,7 millóns de euros, tal e como permitía a normativa que regulaba estas adxudicacións eólicas. ¿Que sucede? Que no ano 2016 Greenalia absorbe esta empresa e a titularidade destes dous parques eólicos de Campelo e Lamas de Feás, así como os compromisos vencellados a estes dous proxectos que non se tiñan feito, asumindo a subrogación dos dereitos e as obrigas da sociedade, mantendo os compromisos de natureza industrial asociados aos megavatios adxudicados.

Pois en 2019 Greenalia solicita que se dese por executado ese plan industrial en base ao desenvolvemento de tres das súas actividades levadas a cabo por Greenalia entre 2015 e 2019, no canto de ingresar eses 11,7 millóns de euros. E o 21 de xullo de 2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais acepta esta modificación do plan industrial, que non estaba contemplada, sendo as actuacións recollidas que nada teñen que ver co que estaba inicialmente previsto: a compra de instrumental para a recollida de biomasa, un buque para a exportación de madeira e diversos investimentos no Hotel San Andrés da Coruña; por certo, investimentos que moitos deles xa estaban feitos antes de que adquirira esta empresa.

Polo tanto, señor conselleiro, tendo en conta esta situación, tendo en conta estes cambios, estas mudanzas, que non estaban contempladas, os socialistas cremos absolutamente



necesario que se entregue toda a documentación, nun acto de transparencia. E insístolle en que, cando non hai transparencia, o único que hai é desconfianza. E, en calquera caso, no caso —que dubido que sexa así— de que o Partido Popular decida hoxe votar a favor da constitución desta comisión de investigación, os socialistas tamén lle queremos facer dúas puntualizacións: que a maioría absoluta desta cámara, representada polos deputados e deputadas do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...non actúe unha vez máis como rodillo, petando as achegas que fan habitualmente dos distintos grupos da oposición para as comparecencias. Exiximos que se acepten tamén as nosas propostas para ser oídas, tal como se establece nese artigo 52 do Regulamento. E, como lle dicía antes, que se nos facilite previamente toda a documentación aos grupos parlamentarios...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para ter toda a información, e non como habitualmente vostedes veñen moitas veces comparecer e nin sequera traen a documentación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que fai falta para poder facer esas comparecencias.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Moitas grazas, señor vicepresidente primeiro, por estar hoxe aquí escoitando este debate, que non é con vostede; vostede comparecerá, en aras desa transparencia que, como sempre, demostra o Goberno da Xunta de Galicia, no seguinte punto da orde do día, pero agora o debate é cos grupos. En calquera caso, moitas grazas dende o Grupo Parlamentario Popular por estar agora mesmo aquí neste debate.

E é que, señorías, estamos de novo ante un capítulo máis mostra absoluta do negacionismo exacerbado climático, negacionismo climático dun Bloque Nacionalista Galego que perdeu, señorías, totalmente a razón.

Eu entendo a frustración dunha líder que leva moitos anos loitando por sobrevivir en política tras facelo sobre as súas propias loitas internas, e por iso cren vostedes que con esa



insistencia, indo incluso contra o progreso e o avance da nosa sociedade cun tema tan transcendental como é a evolución en enerxías renovables, pois tratan de arañar uns poucos votos facendo esa política da mala, da que trata de enganar a poboación para desgastar o adversario, iso si, señorías, sen ningún tipo de proposta razoable.

Pero o caso é que, señorías, eu levo sete anos case neste parlamento escoitando esas soflamas características do señor Bará, como «espolio», «depredación», «colonialismo»..., toda esa indución ao medo á poboación galega, e a verdade é que nada máis lonxe da realidade. Eu entendo que lles vaia moi mal en política, porque predín vostedes moi mal, vailles moi mal nas eleccións, predín moi mal, señorías. Porque Galicia segue sendo unha comunidade cun medio ambiente e cunha natureza que todos admiran cando nos visitan, nada máis lonxe desa Galicia arrasada que vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, queren facer ver. E por iso, señorías, a maioría dos galegos e galegas non os cren e colócanos sempre en todas as eleccións nesa bancada, na bancada da esquerda. (*Aplausos.*)

Mire, señor Bará, a súa pancarta de «eólicos si, pero non así» é unha fórmula que se lles ocorreu a esa sección moderada do Bloque Nacionalista Galego para intentar facer un discurso máis amigable nesa táctica de ensanchamento da señora Pontón. Pero claro, ese slogan, señor Bará, a vostede non o representa. A vostede o slogan que lle gustaría é: «eólica, non». Ese é o slogan do señor Bará: «eólica, non». É o seu slogan, señor Bará, slogan do BNG que ratifica o rexeitamento á implantación de calquera proxecto industrial en Galicia. Vostedes queren unha Galicia da prehistoria, illada, na que non se poida vivir e, se é posible, sen rastro de industria.

E por iso, señorías —insisto e repito—, a maioría dos galegos e galegas, cando teñen que decidir quen vai xestionar o seu territorio, a súa economía, colócaos aí, na bancada da oposición. E non veña aquí, como sempre vén, asoballando, cando vostedes son oposición, son durante catro lexislaturas seguidas e van ser unha quinta lexislatura; téñano por seguro, señor Bará.

E vén vostede falar dos amigos das empresas e de cando gobernaban. Para o BNG o eólico só é válido cando eles gobernan. Cando eles gobernan, o eólico si se pode implantar e poden ter un obxectivo de implantar 6.500 megavatios no horizonte de 2012. Señorías, estamos no ano 2023. Temos 3.800 megavatios de potencia instalada. ¿Saben canto quería o BNG, a Consellería de Industria, do BNG, que xestionaba o eólico? 6.500 megavatios en 2012; o dobre, señorías, do que temos instalado hoxe.

Pero é que, claro, eles cando gobernaban adxudicaban proxectos e adxudicaban a empresas que lles vou citar —a ver se lles soan estas empresas—: Enel Green Power España, EDP Renovables, Naturgy Renovables, Iberdrola Renovables, Acciona Eólica de Galicia, Eólica Galega —que saben vostedes patrocinada por Caixanova e Banco Gallego—, Puentengasa, Enerxías Renovables de Galicia, Enel, Unión Fenosa. Pero vostedes ¿pódese ter máis cara para vir aquí a este estrado, señor Bará, sempre a acusar este goberno de a quen adxudica os megavatios cando son vostedes os que adxudicaban megavatios ás grandes empresas do oligopolio eléctrico? Por favor, señor Bará, un pouco de respecto á intelixencia. (*Aplausos.*)



Miren, a continuación vostedes poderán debater co vicepresidente primeiro, que vén expoñer a situación do sector eólico, a petición propia. Pero é que, señorías, en Galicia todas as resolucións ditadas pola dirección xeral competente de enerxía están avaladas por diferentes informes emitidos pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. Eses informes avalan a posibilidade de que os promotores poidan expor modificacións no contido dos plans industriais en calquera momento, que avalan, así como substituír estes pola monetarización e á inversa, sempre, señorías, que se garanta que levan a cabo os compromisos en investimento e en emprego polos cales os proxectos eólicos lles foron seleccionados. Señorías, esa é a realidade e a explicación de toda esa multitude de mentiras, señor Bará, que acaba de dicir vostede neste estrado.

E neste momento estase a completar o informe que nos ten requirido a Fiscalía para remitir con toda a documentación, así como o resto de información que se considere de especial relevancia. E será unha vez cumprido este trámite cando se valore, señorías do PSdeG e do Bloque Nacionalista Galego, se procede o envío da información a esta cámara, en que momento e cal é o alcance da mesma.

En conclusión, señorías, a Xunta de Galicia está a ofrecer a súa máxima colaboración co ámbito xudicial, como obviamente non pode ser doutra forma. E, señorías, as sentenzas ditadas demostran que a seguridade xurídica do concurso de 2010 está blindada e ratifican a legalidade e a constitucionalidade da lei eólica impulsada por este goberno. De feito, o Tribunal Supremo, na sentenza de 2018, entendeu que o alto tribunal galego se excede nas súas funcións e non había xustificación ningunha para revisar todo o concurso.

Por outra banda, recordar que os plans industriais executados ao abeiro do concurso teñen impulsado investimentos por máis de 1.500 millóns de euros e máis de 3.000 empregos. Esta é a realidade.

Señor Bará, unha comisión de investigación baséase en feitos e non en prexuízos, como acaba de facer aquí vostede hoxe e nas anteriores intervencións que leva tido a raíz desta cuestión.

Pero claro, a vostedes isto non lles vale. A súa verdade é a súa sentenza e, en calquera caso, sen ningún tipo de xuízo, porque xa o dita vostede, que agora, ademais de experto en enerxía, señor Bará, é tamén xuíz.

Miren, resulta paradoxal escoitar o señor Bará falar de Sabucedo e de incumprimentos medioambientais cando vostedes acaban de aprobar, xunto co Partido Socialista en Madrid, que se quiten as tramitacións ambientais dos parques eólicos. Si, señor Bará, vostede e eu debatemos sobre esa cuestión nesta tribuna, e vostede díxome —votaron a favor en xuño, naquel real decreto— que ían pedir e ían conseguir, con ese súper deputado, Néstor Rego, que se modificase ese real decreto para volver colocar as tramitacións ambientais nos parques eólicos. Nada máis lonxe da realidade. Outro fracaso do Bloque Nacionalista Galego e do señor Rego, señor súper deputado, que ía solucionar todos os problemas de Galicia; outro fracaso. Non é, señorías, que non se modificara esa lei non; é que aínda se ampliou a máis parques.



Polo tanto, señor Bará, vostedes conseguiron que a tramitación ambiental para os macroparques de máis de 50 megavatios se basee única e exclusivamente nun informe medioambiental que presenta o promotor. E ¡oian!, eu imaxinaba —inocente de min— que virían coas pancartas contra o Goberno do Estado, porque xa ocorreu. Claro, xa hai un parque. Mire (*A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.*): *El Gobierno permite un parque eólico del que la Xunta informó en contra.* Claro, vostede hoxe falou do de Sabucedo, pero deste non quixo falar. Mire, señor Bará, sobre este parque eólico a Xunta de Galicia emitiu unha declaración de impacto ambiental negativa, porque o proxecto era de menos de 50 megavatios. (*Murmurios.*) Si, si, si. O promotor presentou un proxecto, modificou o proxecto, ampliou o proxecto a máis de 50 megavatios para que o tramitara o Estado, que como define vostede e os seus compañeiros deputados que de vez en cando veñen intervir sobre enerxías en diferentes comisións e din que a tramitación estatal é a máis garantista, e por iso teñen que ser proxectos de máis de 50 megavatios e, ¡caramba!, ¡oia!, o Estado dálle a declaración de impacto ambiental positiva, pasa para diante, di que non hai ningún efecto no medio ambiente e o parque pode saír, cando a Xunta de Galicia si dicía que había impacto no medio ambiente. ¿E sabe vostede cal era o impacto no medio ambiente? ¿A que o sabe?, ¿verdade que si? ¿As turbeiras, verdade? A vostede ¿cantas veces lle temos escoitado aquí que a Xunta de Galicia non protexe as turbeiras?, ¿cantas, señor Bará? Moitas, moitísimas. E agora o Estado acaba de lle dar o OK para que ese parque se siga tramitando cando afecta directamente unha turbeira e a Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, ditara unha declaración de impacto ambiental negativa. Un pouco de pudor.

Eu, señor Bará, (*Aplausos.*) cría —inocente de min— que viría coa pancarta, pero non; a pancarta súa é a de «eólico non» e se é para atacar a Xunta de Galicia, toda a forza; se é para dicirlle algo ao Goberno do Estado, caladiño e agochadiño, señor Bará.

Mire, a realidade é que fala vostede de boom eólico e de montón de proxectos. Claro que temos montón de proxectos, claro que si, provocados por un decreto do ano 2020 que quitaba os permisos de acceso á conexión se non había declaracións de impacto ambiental positivas. E tramitáronse proxectos: 77 declaracións de impacto ambiental positivas, 43 negativas; un 15 por cento dos proxectos é o único que se autorizou ata o de agora.

E miren, eu leo aquí, de *Nós*, (*A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.*), dun diario deses que lles soa a vostedes: «Os megavatios eólicos denegados a Greenalia superan os aprobados». Eu dígolle que lean a súa propia prensa, señorías.

Miren, nin barra libre, como pide o PSdeG, nin obviamente podemos paralizar os proxectos que cumpren coa lei e que supoñen un avance para Galicia. Ese é o modelo do Partido Popular e da Xunta de Galicia: tramitar os proxectos que cumplan coa legalidade. E por iso en Galicia (*Aplausos.*) se tramitan coa avaliación ambiental ordinaria, señor Bará. E vostedes en Madrid permiten que se quite a avaliación ambiental; e non só a avaliación ambiental, moito máis grave: é que denegan a información pública...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora NÓVOA IGLESIAS: ...a consulta aos órganos sectoriais, aos veciños e veciñas, eses que tanto defenden coa pancarta en cada parroquia. Non poden facer as súas achegas porque o Goberno do Estado quitou esa tramitación dos proxectos eólicos.

Mire, señor Bará, un pouco de pudor, un pouco de razón, un pouco de sentidiño, como din os dirixentes do meu partido, e, obviamente, claro, obviamente que imos votar que non a esta iniciativa, que o único que pretende é demonizar o sector eólico. Vostede non busca outra cousa, vostede está en contra absolutamente do sector eólico, e non veña cunha pancarta que está aí, daquela maneira o din así suavizado: «eólico, así non». Non, eólico non, para vostede o eólico é «non».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Nada máis pola miña parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, grupo autor desta solicitude de comisión, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Nóvoa, teño que recoñecerlle unha cousa: fixo vostede un meritorio intento de desviar a atención sobre o asunto que se debatía aquí, *(Murmurios.)* que era a comisión de investigación. *(Aplausos.)* E non lle vou entrar ao trapo, pero si que lle vou aclarar unha cuestión que me parece relevante, que é o tema do parque eólico Carballoso, ese primeiro que ten a determinación de impacto ambiental favorable. Porque, ademais, estiven esta fin de semana, molesteime esta fin de semana en ir alí, á serra do Suído, a ver esa zona. ¿E sabe o que pasou con ese parque? Ese parque tivo esa determinación, que non é unha DIA, por varias razóns: porque se cambiou a norma estatal, porque a Xunta non protexeu as turbeiras cando había que protexelas *(Murmurios.)*, porque a Xunta non incluíu a serra do Suído na Rede Natura, paralizou a ampliación da Rede Natura, e ademais porque a Xunta non emitiu nin un só informe na tramitación dese proxecto; non emitiron informe, é que o di o BOE. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Non, non. *(Murmurios.)*

A empresa renunciou á tramitación, retirou o proxecto antes de ter a DIA, retirou o proxecto, retransmitouno. *(Aplausos.)* E vostedes son corresponsables porque non emitiron informes na tramitación estatal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E se declarasen ese espazo Rede Natura, como tiña que ser, desde o ano 2012, non había problema, non había caso. Son vostedes os principais responsables do ecocidio que se está cometendo en Galicia. *(Aplausos.)*

Miren, vostede repetiu aquí todos os mantras, todas as mentiras e todas as trapalladas que levan dicindo, pero non nos van sacar da cuestión, porque este non é o caso BNG. Este é o caso da Xunta do PP, é o caso da tramitación dos proxectos dos parques eólicos do ano 2010, dos plans industriais e das monetarizacións.



Para quen non entenda, monetarización é o pago que tiñan que facer as empresas a cambio dos plans industriais, 1.600 millóns de euros que tiñan que ingresar nas arcas públicas e que se esfumaron. Este caso podía chamarse: *Foise co vento, Lo que el viento se llevó, ¿non?* Os 1.600 millóns de euros que se esfumaron porque vostedes llelos perdoaron ás eléctricas. (*Aplausos.*) Porque vostedes gobernan para as eléctricas, porque vostedes son a xestoría ao servizo dos intereses das eléctricas, e van ter que dar contas. E agora véñennos vostedes con que lle pediron a documentación na Fiscalía. Por certo, dixo vostede tamén que había informes técnicos que avalaban todo ese procedemento dos plans industriais. Entón, ¿que problema hai? Se hai informes técnicos, déannos a documentación, manden a documentación ao Parlamento. ¿Por que a ocultan se non? (*Aplausos.*)

E con respecto á Fiscalía, a investigación da Fiscalía refírese exclusivamente ao caso Kaeikas-Greenalia, que é unha pequena parte de todo o montante do que vostedes armaron aí coas eólicas, coas empresas enerxéticas, unha pequena parte, non chega nin ao 5 por cento.

Polo tanto, queremos o resto da documentación, que ademais llela pedimos polo artigo 9, hai dous meses: extracto sobre a documentación dos expedientes individualizados do desenvolvemento dos plans industriais comprometidos polas empresas e das monetarizacións do concurso eólico de 2010. Teñen isto hai dous meses nos seus despachos (*O señor Bará Torres mostra un documento.*). ¿Por que non nos dan a documentación? ¿Que están ocultando? ¿A que intereses protexen? (*Aplausos.*) É claro: vostedes están vulnerando os dereitos parlamentarios, están vulnerando os dereitos dos deputados e deputadas, estanse burlando da presidenta do Parlamento, que lles pide esta documentación. Isto é pasar por enriba dos dereitos e da democracia, e non o imos consentir. E xa os avisamos: vaian preparando a documentación, porque, se non nola dan, ímola ir buscar nós. (*Murmurios.*) Si, si, si, si. Poñan alí a traballar a xente, a recompilar a documentación e tamén aos que nos poñen alí de vixilantes xurados, non vaia ser que levemos algún documento.

Miren, vostedes son tan falsos e tan tramposos e búrlanse tanto do Parlamento que houbo ata dúas resolucións no debate de política xeral no ano 2011 e 2012 que literalmente dicían: «O Parlamento insta a Xunta a presentar no Parlamento de Galicia, polo menos de xeito anual, un informe sobre o grao de cumprimento dos plans de industrialización derivado do concurso de adjudicación de parques de xeración eólica, indicando investimentos postos en marcha, así como traballadores contratados a tempo completo ou equivalentes.» Resolución do ano 2011. ¿Que fixeron vostedes? Tírala ao lixo. Así é como tratan vostedes o Parlamento. Resolución do ano 2012, outra igual, e vostedes negáronse a dar esta documentación. ¿Por que se negan a dar a documentación? ¿Por que o fixeron no 2011, por que o fixeron no 2012, por que o fixeron de novo no 2022, por que o están facendo agora e por que se negan a crear esta comisión de investigación? ¿Saben por que? Porque vostedes protexen os intereses das eléctricas, porque vostedes practican a ocultación, o escurantismo e o conchabeo.

E vostedes teñen que escoller —está moi claro—: ou voto ou veto; ou voto a favor desta comisión de investigación —en todo caso, dannos a documentación— ou veto, seguir practicando o veto, a falta de transparencia, a ocultación. Deixen xa de ocultar a documentación, tráiana a este parlamento, non se escusen na Fiscalía, porque a Fiscalía só está investigando un caso, que é o caso Kaeikas-Greenalia; o resto —e temos aquí a



documentación (*O señor Bará Torres mostra un documento.*)—, os compromisos das empresas, teñen que enviálo ao Parlamento, ou, se non, aprobar esta comisión de investigación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación desta iniciativa.

Votamos.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polas dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a tramitación da autorización de parques eólicos por parte da Xunta de Galicia e nomeadamente sobre os plans industriais e as monetarizacións dos parques eólicos adxudicados no concurso eólico de 2010

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a solicitude de creación desta comisión de investigación.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, co punto segundo.

Comparecencia do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar sobre a situación e perspectivas do desenvolvemento eólico en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Presidente, señoras e señores deputados, bo día a todos e todas.

Vista a resolución que acaba de adoptar esta cámara e unha vez expostos os argumentos dos diferentes grupos parlamentarios, a miña comparecencia hoxe aquí, a petición propia, só pode entenderse como unha demostración do que vimos defendendo neste parlamento: o Goberno da Xunta exerce as súas funcións comprometido sempre coa máxima transparencia. É así como vimos actuando en todo o que respecta ao desenvolvemento do sector eólico en Galicia. E, polo tanto, comparecemos hoxe, e farémolo ás veces que sexa necesario, porque é deber de todo goberno democrático render contas.

Pero, señorías, no noso ánimo está tamén rebaixar o ruído e está tamén fomentar un debate sosegado e ponderado sobre o desenvolvemento do sector eólico en Galicia. É un dos maiores retos que temos por diante, como é o impulso das enerxías renovables e máis concretamente



do sector eólico. Verdaderamente é un reto e un reto ademais inaprazable. Hai un consenso xeneralizado, coa única excepción dos negacionistas, de que a enerxía renovable é a única alternativa posible. Sen dúbida, é a mellor opción, porque é a que mellor se axusta á nova realidade e a que mellor entende a necesidade de apostar pola sustentabilidade, sustentabilidade económica e sustentabilidade social.

Así o entende a Xunta de Galicia e así o entende tamén Europa. Estamos ante un imperativo que a Comisión Europea nos comina a cumprir a través do plan industrial do Pacto verde, con argumentos tan elocuentes como este: quen hoxe invista primeiro e con maior rapidez asegurárase un lugar nesta nova economía, creará postos de traballo cualificado, revitalizará as bases de fabricación industrial e reducirá os custos para as persoas e para as empresas. É dicir, señorías, emprego, industria e custo enerxético máis barato. En definitiva, talento, competitividade e eficiencia empresarial.

Un plan industrial do Pacto verde que tamén dá cifras da magnitude desta oportunidade para a industria europea. De aquí ao ano 2030 o mercado mundial das principais tecnolóxicas enerxéticas limpas fabricadas en serie triplicará o seu valor actual, ata acadar os 600.000 millóns de euros. E o mesmo cos postos de traballo relacionados con fabricación de enerxía, postos de traballo que poderían duplicarse, ata os 14 millóns no mesmo período.

Entenderán pois que Galicia non pode mirar para outro lado e permanecer allea a este escenario de oportunidades. E ten que facelo sendo un actor máis, un actor comprometido cos obxectivos de descarbonización da Unión Europea, que a Xunta de Galicia ten recollidos na Axenda enerxética de Galicia, co fin de que cara ao 2030 o 85 por cento da xeración eléctrica na Comunidade Autónoma proceda de fontes renovables, que se reduzan un 55 por cento as emisións de gases de efecto invernadoiro e que melloremos un 40 por cento a eficiencia enerxética no consumo final, fomentando a cultura de aforro nos fogares e o tecido produtivo.

Pero, canda isto, o noso esforzo ten que ir tamén encamiñado a impulsar o binomio industria-sustentabilidade. A enerxía eólica tamén é unha oportunidade para asentar no noso territorio as bases dunha industria verde e innovadora, aproveitando o marco de investimento dos fondos europeos Next Generation. Tamén é unha oportunidade para ser menos dependente de combustibles fósiles, de modo que poida abastecerse de enerxías limpas e rebaixar así os custos enerxéticos, e é tamén unha oportunidade para integrar no *mix* enerxético novos sectores enerxéticos como o hidróxeno verde e a partir do desenvolvemento de enerxías e de proxectos relacionados co almacenamento enerxético ou o autoconsumo ou a mobilidade sustentable.

Creemos, señorías, como defende a Comisión Europea, nun sector eólico que repercuta no local, isto é, que conte coa participación dos concellos e lles achegue beneficios a través dos impostos locais, das rendas dos propietarios ou do impacto dos proxectos industriais aos que estean vinculados.

Señorías, ese é o modelo que defende a Xunta de Galicia, esa é a nosa visión de como Galicia debe afrontar este escenario de transformación enerxética, e, dende logo, o feito de que



contemos cun sector eólico que é o segundo en toda España que máis contribúe ao produto interior bruto xa dá boa conta de que temos moita capacidade instalada para facelo.

Galicia é a terceira comunidade autónoma que máis enerxía eléctrica xerou grazas á forza do vento e a eólica representa nestes momentos preto do 40 por cento de toda a enerxía que aquí producimos. Señorías, sintámonos tamén orgullosos destas cifras.

Negar a capacidade de xerar riqueza desta industria non parece un camiño razoable. A pregunta, polo tanto, está en que futuro queremos darlle a esta industria e tamén como queremos desenvolver toda a nosa capacidade.

Fronte ao negacionismo, simplemente trátase de identificar como afrontar as oportunidades que se nos achegan con este sector. Dende a Xunta de Galicia témolo claro: queremos desenvolve-la con equilibrio, con garantías, con transparencia e xerando os maiores beneficios no territorio, tanto nos concellos como nas familias e as propias empresas.

Señorías, o equilibrio que defendemos para o noso modelo eólico baséase nunha máxima, que espero que todos os grupos defendan esta mañá: por riba de todo, está a protección do noso medio natural, e nunha forma de proceder tamén, que é a planificación.

Entendemos por planificación o feito de que en Galicia, a diferenza doutras comunidades autónomas, existe un plan sectorial que define claramente as áreas de desenvolvemento eólico; un plan sectorial que lamentablemente o Goberno non quere asumir como propio, cando precisamente o que está garantindo é que non se poidan levar a cabo parques eólicos en determinadas zonas moi concretas. En Galicia non se poden desenvolver parques eólicos en Rede Natura, non se poden desenvolver parques eólicos en zonas consideradas núcleo da reserva da biosfera, non se poden desenvolver parques eólicos en hábitats de turbeira e non se poden desenvolver eólicos en espazos de voo de especies como a aguia real.

Esa é a realidade dende o punto de vista da protección do medio natural en Galicia. Son, como digo, criterios restritivos que adoptou a Xunta de Galicia e que —reitero— o Goberno non está aplicando do mesmo xeito.

Pero tamén entendemos por planificación saber anticiparnos ás necesidades do tecido industrial nun contexto en que o prezo eléctrico é un verdadeiro condicionante. Entendemos por planificación vincular a tramitación dos proxectos eólicos coa sinatura de contratos de compravenda de enerxía a longo prazo, contratos que dean cobertura polo menos ao 50 por cento da produción enerxética das empresas beneficiarias.

Nestes supostos saben que establecemos a prioridade de despacho, declarando a iniciativa empresarial prioritaria. Os parques eólicos poden ser declarados como iniciativas empresariais prioritarias aínda que non estean vinculados a un sector industrial.

Polo tanto, estamos intentando ter unha visión ampla dos impactos locais que teñen os parques eólicos. Son casos como aqueles que supoñen un volume de investimento de 20 millóns de euros e que garantan a xeración ou consolidación de 25 postos de traballo



directos, pero tamén, señorías, aqueles parques eólicos nos que os promotores repercutan de maneira directa o 2,5 por cento dos seus beneficios durante a vida útil dos parques nas localidades nos que se asenten. Este é outro dos supostos que incorporamos na Lei de medidas, precisamente para garantir tamén un retorno no eido local.

Señorías, entendemos por planificación establecer unha nova limitación de distancia dos aeroxeradores con respecto aos núcleos rurais, tanto urbanos como urbanizables. Pasamos dos 500 metros a cinco veces a altura total do aeroxerador, o que permite que na actualidade a distancia respecto das vivendas pasa a ser dun quilómetro.

E, finalmente, e en aras da máxima transparencia a todo este proceso, tamén cremos que a planificación consiste en impulsar diferentes ferramentas para achegar información de xeito accesible, tanto aos concellos como á cidadanía e ao resto de entidades interesadas. Entre estas actuacións saben que a Xunta de Galicia constituíu unha rede de información provincial de proxectos eólicos, que ata o momento xa ten atendido 424 solicitudes de información. E tamén constituímos a Oficina de información a propietarios de terreos, para facilitar o coñecemento sobre métodos e criterios de valoración, así como a normativa aplicable para a clasificación e cualificación do solo; e nestes momentos a Xunta de Galicia xa ten atendido 109 consultas dos diferentes interesados.

Señorías, fronte ao caos e ao negacionismo, a Xunta de Galicia busca achegar certezas e confianza. Buscamos ofrecer a máxima seguridade xurídica aos promotores e, polo tanto, establecer garantías de que o sector eólico en Galicia se desenvolve conforme a normativa e conforme un estrito sentido da responsabilidade. Así nolo están solicitando as familias, as empresas e os concellos.

Non teñan dúbida de que podemos dicir, alto e claro, que todos os proxectos que tramita a Administración autonómica se axustan á legalidade e que só se autorizan os que cumpren todas as garantías técnicas, xurídicas e medioambientais. Aqueles parques que non cumpren con esas garantías a Xunta de Galicia denégaos.

En todos os estudos de impacto ambiental, señorías, se teñen en conta os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques eólicos construídos xa ou en proxecto, estean ou non autorizados, así como tamén as infraestruturas de evacuación; repito: en todos.

Pero, ademais, en todas as declaracións de impacto ambiental favorables se imponen medidas tanto de protección do patrimonio natural como de protección do patrimonio cultural; repito: en todas.

Señorías, somos conscientes de que os parques eólicos xeran impactos, e por iso nós somos máis de aplicar o sentidiño. O sentidiño que aplicamos cando o pasado ano criamos necesario establecer unha moratoria para centrarnos na tramitación dos parques rexistrados; sentidiño cando a Xunta de Galicia decidiu reforzar o persoal funcionario encargado de tramitar o aluvión de expedientes no que derivou o decreto do Goberno, porque, señorías —hai que dicilo todo—, os prazos establecidos para a obtención da declaración de impacto ambiental e autorización administrativa eran inasumibles. E o Goberno sabíao.



Fronte a esta circunstancia, hai que dicir tamén que en reiteradas ocasións Galicia e outras comunidades autónomas pediron modificar estes prazos para establecer outros máis razoables. A pregunta é: ¿en que non están de acordo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia?

Señorías, non é aquí onde se aprobou levantar barreiras e se está dando liberdade de acción para tramitar proxectos eólicos sen informes sectoriais, sen informes ambientais e sen participación pública cando non estean en Rede Natura. Non é en Galicia. Aquí optamos pola simplificación administrativa con todas as garantías. Por iso vemos un agravio comparativo o feito de que o Goberno obrigue as comunidades autónomas que optamos por esa simplificación administrativa a tramitar nun prazo unicamente de tres meses as autorizacións administrativas previas e de construción, cando o resto de comunidades autónomas disporá de seis meses para facelo, tal como se establece no decreto. A pregunta volve ser: ¿en que non está de acordo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia?

Levamos insistindo moito tempo na necesidade de que exista máis diálogo e coordinación entre o Goberno e as distintas comunidades autónomas; consenso e diálogo para afrontar o desenvolvemento deste sector no noso país. ¿E que nos encontramos a cambio? ¿Cal foi a resposta do Goberno? O silencio. Esa é a maneira que emprega nestes momentos o Executivo de Pedro Sánchez, apoiado non só polo Partido Socialista de Galicia, senón apoiado tamén polo Bloque Nacionalista Galego, o seu socio de goberno, que entende que se leva a cabo a cogobernanza dunha maneira moi singular: ti propón, achegas ideas, que eu xa farei o que estime máis oportuno.

Señoras e señores deputados, neste momento Galicia ten en diferentes estados de tramitación máis de 6.000 megavattios. ¿Onde está o boom eólico en Galicia? ¿Parécelles a vostedes que a Xunta de Galicia abriu a man cando os proxectos actualmente autorizados ou en obras apenas representan o 15 por cento do total? Señorías, de cada 7 sete proxectos da bolsa eólica que vostedes intentan trasladar, 1 está autorizado ou en obras.

Saben vostedes que dos 140 expedientes afectados polo fito do 25 de xaneiro, a Xunta resolveu 120. Deses 120 parques, 77 obtiveron DIA favorable e 43, o 36 por cento, obtiveron unha DIA desfavorable. ¿En que non está de acordo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia?

Señorías, coido que debemos de facernos realmente as preguntas de onde está o punto da situación da tramitación do sector eólico en Galicia. A pregunta que, se me permiten, lles traslado hoxe é por que vostedes falan de boom eólico sabendo que durante os catro anos que durou o Bipartito —insisto: catro anos— se adxudicaron 78 proxectos eólicos, que sumaban 2.229 megavattios, e que vostedes puxeron en funcionamento 36 parques, coa instalación de 450 aeroxeradores. A miña pregunta é: ¿por que daquela a enerxía eólica era boa e hoxe non o é? *(Aplausos.)*

Señorías, saben que o obxectivo do Goberno galego, tal e como aparece recollido ademais no Pacto verde europeo e no Plan REPower EU, é que as enerxías renovables contribúan ao



desenvolvemento dos territorios onde se implantan. O noso modelo chega tamén ao local. O canon eólico leva permitido recadar dende o ano 2010 preto de 300 millóns de euros. Deses, 116 millóns de euros, a través do Fondo de Compensación Ambiental, serviron para cofinanciar proxectos e actuacións que levan a cabo os concellos a prol da biodiversidade, os recursos naturais e a recuperación da contorna e eficiencia enerxética.

O Plan industrial do Pacto verde pretende precisamente incidir nos retos que ten a industria neste contexto de transición enerxética. E quero marcar precisamente que os parques eólicos que se van implantar en Galicia, vinculados aos proxectos que son parques da Axenda industrial do ano 2030, son parques que, efectivamente, intentan promover un maior impacto industrial. Porque cando falamos de desenvolvemento de enerxías renovables, señorías, falamos tamén de desenvolvemento industrial en Galicia. Parques eólicos que foron declarados excepcionais ou prioritarios pola súa entidade económica e social e a súa función vertebradora e, polo tanto, pola súa incidencia no territorio e na economía de Galicia. Refírome, señorías, de forma específica, aos parques eólicos que a través das PPA van dar subministración renovable aos proxectos industriais de Alcoa, de Sentury e de Resonac.

Lembrarán que a Xunta de Galicia declarou a excepcionalidade de 13 proxectos eólicos de tramitación estatal por estar fóra do Plan sectorial eólico e vencellados a estes 3 proxectos. O Goberno puido tramitalos porque Galicia llo autorizou. E deses 13 parques nestes momentos téñense emitido 7 DIA favorables: 5 vinculados a Alcoa e promovidos por Enel e 2 a Showa Denko no marco da PPA que ten asinada con Greenalia.

Se nos paramos no caso concreto de Alcoa, a día de hoxe a factoría de San Cibrao xa conta con 683 megavattios que dispoñen de declaración de impacto ambiental favorable, outorgada tanto pola Xunta de Galicia como polo Goberno central. E iso supón, señorías, o 30 por cento da enerxía que necesita Alcoa.

A miña pregunta é: ¿en que non está de acordo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia para vincular o desenvolvemento de parques eólicos nestes momentos aos proxectos industriais en Galicia? *(Aplausos.)*

Esta política de vincular o desenvolvemento de renovables aos proxectos industriais está aberta a todo o sector industrial en Galicia. Son máis de 2.000 megavattios, que se corresponden cos diferentes promotores, que teñen DIA positiva tras o fito de xaneiro e que, polo tanto, están abertos a que hoxe, ademais de Alcoa, de Sentury, de Showa Denko, outras empresas electrointensivas, o sector da automoción e outros sectores industriais están negociando PPA con diferentes promotoras eólicas galegas, e, grazas ao impulso que por parte da Xunta de Galicia lle estamos dando a este tipo de iniciativas, poder acceder nestes momentos a un prezo eléctrico competitivo. A pregunta volve ser: ¿en que non está de acordo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia?

Señoras e señores deputados, conclúo. Non hai lugar, neste debate no que estamos tratando de analizar cal ten que ser a posición de Galicia dende o punto de vista do desenvolvemento das enerxías renovables, para a incoherencia.



Señorías, neste debate non hai lugar para a hipocrisía; hipocrisía cando os partidos políticos pretenden promover pactos eólicos pola mañá e estar detrás das pancartas pola tarde.

Non hai lugar para o negacionismo, cando falamos de impulsar as enerxías renovables e a industria sostible.

E en ambos os dous casos —e cada grupo parlamentario que reflexione sobre a súa actitude— sería desconectar Galicia da transición enerxética, sería coartar as aspiracións dos nosos sectores estratéxicos e sería poñer freo ao crecemento da economía en Galicia.

Por iso á eólica a Xunta de Galicia lle di que si. Un si dende o diálogo social, dende o compromiso co territorio e dende a pedagogía. Moitas pedagogía, porque demonizar esta tecnoloxía só nos leva ao atraso e porque verdadeiramente Galicia pode ser un referente neste sector e Galicia pode ter un impacto moi importante no desenvolvemento do sector enerxético e do sector industrial.

Polo tanto, xa lles digo que sempre nos van atopar defendendo un desenvolvemento do sector eólico planificado, equilibrado e con garantías. Hoxe aquí e todas e cantas veces sexa necesario. O que agardamos agora é poder contar con todos os grupos desta cámara precisamente para que Galicia poida seguir crecendo, poida seguir creando emprego e poida seguir apostando por un desenvolvemento e unha transición enerxética sustentable e xusta.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente primeiro, que vostede compareza por petición propia non é sinónimo de transparencia; todo depende do que vostede aquí anuncie e sobre todo da documentación que se nos facilite. Vostede vén aquí, coma sempre, facer anuncios propagandísticos; outra cousa é que estean avalados por documentos, que é o que lle estamos pedindo e o que lle pediamos antes na anterior iniciativa.

De todos os xeitos, alegrámonos de que a Xunta de Galicia anuncie decididamente ese impulso da enerxía eólica, cuestión que non ten sido así durante todos estes anos, señor vicepresidente primeiro. Desde a adxudicación do concurso eólico de 2010, dígame vostede na segunda quenda, xa que vostede ten tempo ilimitado, que teñen feito, que teñen feito desde ese momento. Por favor, gustaríanos que nos respondera.

E, mire, esperamos que esta aposta estea dentro da racionalidade, que lle pedimos unha e outra vez os socialistas. Nos pedímoslle unha enerxía eólica despregada non en calquera



lugar, non de calquera xeito, non sen condicións, que sexa estratéxico para reforzar a economía, que estea vinculado ao territorio e, efectivamente, que sexa absolutamente respectuoso co medio ambiente. Polo tanto, esperamos que esas sexan as condicións da Xunta de Galicia para este impulso que acaba de anunciar.

E, ademais, señor conselleiro, estaría ben que acompañaran todo este despregamento que vostede acaba de anunciar cunha necesaria formación que demanda este sector, para que non teñamos que novamente exportar man de obra porque no noso país, na nosa Comunidade, non poden desenvolver o seu proxecto vital e o sector demanda persoal que non temos nestes momentos formado para desenvolver este tipo de postos de traballo.

Mire, recórdollo, porque seguro que vostede non se acordou de dicir que onte o presidente Sánchez dixo: o Goberno anuncia 20.000 novas prazas de FP relacionadas coas renovables, e 4.000 prazas chegarán en 2023. Este é o Pedro Sánchez ao que vostede unha e outra vez demoniza e que unha e outra vez son os que sacan medidas concretas para que a nosa economía, tamén a economía galega, pois teña os datos que hoxe en día temos.

Mire, señor Conde, a verdade é que cada vez que vostede comparece neste parlamento os socialistas sabemos perfectamente que se trata ou ben dun anuncio propagandístico da Xunta de Galicia ou para atacar a xestión do Goberno do Estado, do presidente do Goberno do Estado, de Pedro Sánchez, ese ao que vostede lle dedica boa parte da súa intervención. E a verdade é que vostede nunca defrauda, nunca defrauda; a súa intervención sempre son anuncios propagandísticos e en contra de Pedro Sánchez. E eu, se tivera tempo ilimitado para intervir —que non teño e vostede si—, pois iríalle desmentindo unha por unha cada unha desas afirmacións, cada sospeita intencionada que fai vostede ou cada confrontación cada vez que vostede ten un micro diante —pode ser aquí ou a través de calquera outro medio de comunicación—, coa única intención de sacar réditos electoralistas, única e exclusivamente.

Porque, mire, para este goberno do Partido Popular todo o bo, todo o bo, é da Xunta de Galicia e todo o malo, todo o malo, é do presidente Sánchez; como di o refraneiro galego: «érase visto». Aínda que ese presidente Sánchez, ao que vostedes deostan, foi quen foi xestionar eses fondos dos que vostede fala aquí, e nesa Axenda enerxética 2020-2030 que foi xestionar, e grazas a ese presidente do Goberno socialista, Pedro Sánchez, entraron e van entrar na nosa Comunidade 140.000 millóns de euros para poder levar a cabo todos estes proxectos que vostede vén anunciar hoxe aquí.

Mire, señor vicepresidente, levamos meses falando de enerxía eólica, levamos meses preguntándolle cal é o modelo eólico de Galicia, levamos meses advertíndolle do atraso da tramitación dos proxectos eólicos en Galicia, levamos meses —tempo— advertíndolle da falla de información, e resulta que durante este tempo vostedes perden o tempo en preparar esas confrontacións co Goberno de Pedro Sánchez no canto de traballar para que os proxectos sexan avaliados e tramitados e cumprir os fitos administrativos coa maior das garantías medioambientais.

Vostedes hai un par de meses tiñan uns 140 expedientes, aproximadamente, cuns 4.000 megavattios en proxectos de parques en tramitación, dos que 2.325 aproximadamente veñen



dese concurso eólico que aprobaron vostedes no ano 2010, é dicir, hai trece anos. E vólvolle preguntar: ¿que teñen feito desde 2010, nestes trece anos? E agora véñenlle as présas, ¿verdade, señor vicepresidente primeiro? ¿Desde cando se plantexaron seriamente a transición ecolóxica máis alá de poñelo en todos os seus papeliños e nesos powerpoints que nos mandan de vez en cando, ás veces con bastante atraso?

O problema, señor vicepresidente, é que a Xunta de Galicia non ten unha política enerxética, non existe unha política enerxética do Goberno galego, que, unido á súa improvisación e á falla de proxecto de país, nos ten levado a unha situación de rexeitamento xeneralizado á implantación de parques eólicos; un rexeitamento, señor vicepresidente primeiro, que nestes momentos vai ser bastante difícil de reconducir. Hai un rexeitamento por parte da cidadanía, por parte dos concellos afectados, das asociacións ecoloxistas e das organizacións agrarias, polo que en calquera lugar do noso territorio onde se solicite a construción dun parque eólico inmediatamente hai unha plataforma para manifestarse en contra, dificultando calquera posibilidade de acordo e sobre todo de negociación para ver a posibilidade de chegar a un acordo.

E ao tempo vostedes tamén teñen enfadados os sectores pola inseguridade xurídica e a paralización durante todos estes anos.

Polo tanto, parece que ninguén neste país está contento coa xestión que levan feito vostedes durante estes trece anos, señor vicepresidente primeiro.

E mire, se fosen previsores e realmente tivesen un proxecto de país, terían dado información veraz á cidadanía. Porque xa llo dixen antes e recórdollo agora: o mellor antídoto contra o rexeitamento é a información, e, como lle dicía, esa falla de información o único que xera é desconfianza. Vostedes agora falan de que poñen determinadas oficinas nalgúns puntos; non, non, señor conselleiro, teñen que dar información a toda a cidadanía, a toda a cidadanía, do que queren facer.

E, mire, a verdade é que vostede... ben, realmente non me sorprende, sabendo que o 23 de xaneiro deste ano caducaban os puntos de conexión previstos para un centenar de proxectos de construción de novos parques eólicos, que sumarían uns 2.300 megavatios de potencia instalada, pois resulta que tiveron ano e medio, nove meses de prórroga, e dándoselles a oportunidade de que aquelas empresas que non tiñan probabilidade de cumprir co requisito que renunciaban e que recuperasen os seus avais. Pero, pola súa falla de previsión, trouxeron unha iniciativa para pedir outra prórroga ao Goberno do Estado, culpando novamente o Goberno do Estado. E cando non lles quedaba máis remedio... (*A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.*) —señora Nóvoa, xa terá ocasión vostede de falar aquí; nestes momentos estou no uso da palabra e vostede é a que di que eu lle digo que non sei cantas cousas máis; pois xa falará, non se preocupe, xa falará, e seguro que lle deixarán incluso máis tempo ca a min, non teña problema—. Pois veña, pola súa falta de previsión..., si, si, si, e cando non lles quedaba máis remedio, resulta que —segundo vostedes din— tiveron que contratar máis de cen persoas para sacar as declaracións de impacto ambiental en tempo récord; espero que sexa con todas as garantías medioambientais posibles.



E, señor vicepresidente, o resultado foi que en xaneiro resulta que a Xunta de Galicia emite 77 declaracións ambientais positivas de parques eólicos, 43 rexeitadas e 20 xa non lles deu tempo. Porque, claro, co esforzo cando se fai a última hora sempre se sabe que é imposible que se cumpra absolutamente con todo. ¿Por que non se planifican? Porque vostedes están máis pendentes de confrontar que de traballar.

Vostedes non deberan ser a oposición ao Goberno do Estado, vostedes deberan ser o Goberno de Galicia, que para iso os votaron. Mire, señor vicepresidente primeiro, para facer oposición no Estado xa mandaron o expresidente Feijóo. É verdade que cada vez que abre a boca saltan todas as alarmas; amosa o que os galegos xa coñecemos: a súa insolvencia e o descoñecemento sobre aspectos fundamentais do noso país. Ben, menos mal que teñen a lideresa, que realmente é a que manda, a señora Ayuso, para que o reconduza e o obrigue a rectificar. (*Murmurios.*) Si, non lles gusta, non lles gusta. Vale, vale.

Pois mire, señor vicepresidente, aínda que aos deputados e deputadas do seu partido parece que non lles gusta o que digo, tampouco a min non me gustan moitas cousas das que din e que son mentiras, pero estou caladiña. Pois mire, vostedes sacan 77 parques con DIA favorable, que sumados aos 7 que foron verificados polo Estado serán un total de 84 parques eólicos os que seguirán a súa tramitación. Xa sabemos que iso non quere dicir que finalmente teñan autorización para a súa construción e, polo tanto, que se materialicen. Porque, de materializarse todos estes parques, instalaríanse na nosa comunidade 570 aeroxeradores e a potencia instalada incrementaríase nun 75 por cento respecto da instalada actualmente.

Señor conselleiro, espero que na segunda quenda que lle toca agora nos diga cal é a previsión do Goberno galego respecto desta realidade, cal é o plan do Goberno galego.

E mire, señor conselleiro, para seguir abundando nesa improvisación na que vostedes traballan continuamente, pois mire, o 15 de febreiro —hai cinco días— trouxeron unha iniciativa — neste caso foi á comisión— sobre o contido do Real decreto lei 23/2020, que foi publicado o 24 de xuño de 2020. E alí establécense os criterios para ordenar o acceso ordenado á conexión das redes de transporte e distribución de electricidade, establecendo dúas datas para os titulares de acceso para instalación de xeración de enerxía eléctrica que tiveran os permisos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Déixeme medio minuto, señor presidente.

A data posterior é a que está comprendida entre o 31 de decembro de 2017 e antes da entrada en vigor dese real decreto lei. E establece unha serie de fitos administrativos: un, que é a obtención da autorización administrativa previa, que dan trinta e catro meses, é dicir, que remataría o 24 de abril; e outro, que é a obtención da autorización administrativa de construción, trinta e sete meses, o 24 de xullo —é dicir, tres meses—. Resulta que vostedes aproban unha Lei de simplificación administrativa na que xuntan estes dous fitos. ¿E que pasa? Que agora, en vez de modificar a súa lei, o que pretenden é que o Goberno lles deixe que empreguen o último fito administrativo. Señor conselleiro, ¡traballen, que para iso os votaron!



O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¡Traballen!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non lle boten a culpa de todos os seus males ao Goberno do Estado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Que Pedro Sánchez está resolvendo moitos dos seus problemas e axudando con moitos recursos a nosa Comunidade... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para poder seguir adiante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Señor Conde, moitas grazas pola súa interpelación ao BNG. Vexo que vai tomando posición de oposición. Pero, de momento, parece que vén vostede aquí de entroidada e que non son vostedes os que teñen maioría absoluta e que estamos a gobernar nós. Pois, como non atendeu estes últimos anos ás interpelacións e propostas que lle fixemos, imos facer unha nova intentona hoxe.

E mire, señor Conde, *no cuela, no cuela*. Regálolle xa o titular ao seu gabinete de prensa, que estará atendendo esta comparecencia. E dígollo tamén en castelán, porque xa como están ultimamente facendo campañas directamente en castelán pois a ver se así o entenden mellor: *no cuela* a bomba de fume coa que veñen hoxe a este parlamento. *(Aplausos.)*

Porque vén hoxe comparecer vostede aquí sobre a enerxía eólica tarde, mal e a rastras.

Tarde, porque ¿sabe vostede cando podían ter comparecido vostedes? Pois durante estes anos, cando o que fixeron foi unha absoluta chapuza; unha chapuza lexislativa, unha chapuza xestora, unha chapuza medioambiental e unha chapuza tamén desde o punto de vista socioeconómico.

E, mire, pónlle exemplos. Desde que gobernan vostedes, modificaron a Lei do sector eólico once veces, máis de sesenta cambios. ¿E veu vostede dialogar con estes grupos parlamentarios, coa sociedade civil, coas representacións sindicais, etc., etc., co propio CES, esas modificacións? Non, señor Conde. Negociounas nalgún despacho pero, desde logo, nos



deste parlamento e nesta cámara, non. Polo tanto, hipocrisía hoxe aquí hai abonda, pero vén única e exclusivamente da banda do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Vén vostede comparecer tarde, porque, mire, é que na anterior lexislatura fixeron unhas directrices enerxéticas ridículas, 2018-2020, de tres páxinas, que non concretaban nada. Nesta lexislatura anunciaron co sector privado —non se tramitaron neste parlamento; de feito, tardamos bastante en poder acceder a elas; de feito, o meu grupo parlamentario accedeu a elas porque llas pasou o outro— unhas directrices, unha axenda enerxética, señor Conde, que non planifica nada; é un repositorio dos obxectivos europeos, nos que Galiza, por certo, ten tamén bastante que chegar.

E ben, tamén comparece vostede mal porque mire, é que o que veu facer aquí vostede foi unha colección de escusas, unha colección de desculpas para botar noutros a responsabilidade do seu fracaso planificador.

E mire, eu vou resolver as súas dúbidas co Estado e coa posición do Bloque Nacionalista Galego en menos dun minuto: son vostedes uns absolutos manipuladores. Saben vostedes perfectamente, aínda que non queiran mirarnos nin escoitarnos, cal foi a posición do Bloque Nacionalista Galego no debate destes últimos anos. E insistimos: garantías ambientais, exiximos que un decreto se tramitase como lei para facer achegas nese sentido. ¿E que fixemos agora? Xa rexistramos unha proposición de lei para cambiar esa cuestión. A ver que vota o Partido Popular, *(Aplausos.)* que parece que non debe ter representación no ámbito do Estado.

E outra cuestión: estivemos exixindo ao longo destes anos no ámbito do Estado que esa lei que impulsou o Partido Popular no 1994 e no 2013, que obriga a que sexa papá Estado quen xestiona os parques de máis de 50 megavatios —que iso é unha anomalía democrática, iso non ten criterio técnico, é un criterio político que puxo o Partido Popular e nós dixémoslle: defendan o autogoberno, defendan o autogoberno e planifiquemos desde Galiza— e vostedes dixeron «non». Polo tanto, vén comparecer mal hoxe vostede tamén, porque o que fan é buscar culpables fóra cando son gran parte do problema que vive este país.

E vén tamén vostede a rastras. A rastras, primeiro, porque isto é unha absoluta cortina de fume, unha cortina de fume para opacar que o señor que se sentou ao seu lado, o presidente da Xunta, non veu aquí dar as explicacións que pedía este grupo parlamentario sobre o que está acontecendo na sanidade pública. E vén tamén facer unha bomba de fume porque hai unhas horas, hai uns minutos, votaron vostedes en contra dunha comisión de investigación, que é o que lles preocupa, que o que pretende é botar luz sobre o que levan feito vostedes no sector eólico, e vén aquí agora a disimular e a tapar que están vostedes nerviosos por iso, porque están ocultando información. *(Aplausos.)*

E por iso veu vostede comparecer aquí a rastras, arrastrado pola realidade. Porque a realidade é que lles está chegando a auga ao pescozo. Xa conseguiron enfadar vostedes a todo o mundo. Teñen concellos de todas as cores políticas enfadados; teñen asociacións agrarias, sindicais, ecoloxistas, medioambientais, de veciños, comuneiros, enfadados; teñen o Consello da Cultura Galega incluso cun informe critiquísimo coa súa política eólica; teñen informes das



universidades críticos con moitos aspectos, como, por exemplo, o canon eólico; e teñen incluso enfadada a propia patronal, que nós tamén falamos con xente, nós tamén sabemos que non saíron moi ben parados da última reunión que tiveron coa patronal.

Enfadan vostedes a todo o mundo porque fan as cousas mal, señor Conde, e porque levaron este país, primeiro, a unha parálise e a unha perda de tempo e agora a unha aceleración que se está facendo mal. E que o Estado o faga mal non os exime a vostedes de que o están facendo mal. (*Aplausos.*)

Polo tanto, *no cuela*, señor Conde. A estas alturas non enganan a ninguén, porque a súa política enerxética, especialmente a eólica, pero en conxunto, fai augas por todas as partes. Para comezar, porque é un absoluto disparate. E xa é unha evidencia do desnortados que están vostedes que veña vostede aquí comparecer para falar dunha soa tecnoloxía, no lugar de ver todas en conxunto.

Polo tanto, agora din que somos negacionistas, por riba, algo que lles levamos dicindo a vostedes moito tempo, que eran negacionistas vostedes do cambio climático, aquí en Galiza, no Estado, en fin. É que xa pasan vostedes de negacionistas a terraplanistas, xa directamente, señor Conde.

E, por riba, veñen aquí, despois de chegar tarde a todos os debates de innovación enerxética, de planificación, etc., a dicirnos que virán comparecer todas as veces que sexa necesario. Pero ¿cantas comparecencias, peticións de comparecencia rexeitou vostede, señor Conde? Pero é que acaban de rexeitar unha comisión de investigación, que non tramita nin sequera os seus plans estratéxicos de enerxía neste parlamento. Paren de ser tan hipócritas, porque non funciona e *no cuela*, señor Conde.

E mire, varias cuestións que saíron aquí. Agora vostede pregúntase por que falamos de boom eólico. Pois vouldo volver explicar, a ver se así o entende. Porque miren, vostedes, despois de haber varios anos neste país que instalaron cero megavatios eólicos, o que están intentando facer son unha serie de chapuzas legais que o propio TSX ten condenado; supoño que o TSX non será sospeitoso de estar manipulado como a cidadanía que sae libremente a mobilizarse e que en teoría hai uns tentáculos escuros do BNG que os manipula, supoño que non.

Mire, sentenzas como as de Sasdónigas, como o Oribio, como Corme, ¿de que falan esas sentenzas? De desprotección medioambiental, de falta de participación pública, de incumprimento da normativa europea en materia de participación pública, de fragmentación artificial dos parques... Diso falan esas sentenzas xudiciais.

E mire, falamos disto porque durante estes anos —sábeo vostede perfectamente— xa levamos denunciando o que está acontecendo.

Primeiro, de planificación, cero. Non hai unha planificación de transición enerxética e descarbonización que estime canta enerxía necesita producir Galiza, que estime para que necesitamos producir enerxía, para quen e como imos facelo. Non hai unha planificación de



desenvolvemento de todas as tecnoloxías en conxunto. Non hai unha planificación para innovación en materia de almacenamento enerxético, que é unha absoluta vergonza, señor Conde. Non hai esa foto de conxunto, porque a vostedes só lles interesa medir o peso; medir o peso, abrir a veda, como se puxésemos unha alfombra vermella para os intereses dos seus consellos da Xunta e despois deixar este país tirado.

E mire, non hai planificación, porque hai un plan sectorial eólico que está absolutamente desfasado. Esa é a diferenza entre onte e hoxe, señor Conde. Porque é un plan que se fixo nos noventa, que non pasou unha avaliación ambiental estratéxica, que non a queren pasar vostedes, e que estaba pensado para unha tecnoloxía absolutamente diferente e que non se actualizou.

Igual que non se actualizou a Rede Natura, que se lle olvidou dicir ademais que foi un goberno do BNG quen impulsou que non se implantasen eólicos na Rede Natura, que vostedes tiñan un pouco de amnesia e olvidáronse de facelo nos tempos de Fraga.

E mire, ¿sabe por que non hai unha Rede Natura ampliada? Porque vostedes paralizaron a ampliación, porque vostedes non quixeron e porque vostedes perverten tamén ata o propio Plan director da Rede Natura para poñelo ao servizo do desenvolvemento industrial. Polo tanto, mentira esa planificación neste país, mentira igualmente que haxa retorno económico.

Temos proposto moitas veces que fagan vostedes, a través do CES e da Universidade pública deste país, un estudo sobre o impacto económico real que ten a economía do sector eólico. Non o teñen feito porque saben cal é a verdade, que é intensivo en capital pero que non ten un retorno como o que debería se houberse xustiza e democracia neste país. Porque nós xeramos e hai un debate neste momento sobre que beneficios teñen que ter no ámbito do Estado as comunidades xeradoras de renovable. Galiza vai polo 74 por cento da súa xeración de renovable e vostedes néganse, por sectarismo, por sectarismo centralista, a abrir un debate de que este país merece unha tarifa eléctrica galega (*Aplausos.*) e de que este país merece participación pública. Porque o canon eólico é un modelo fracasado, fracasado polo seu sectarismo político, pola falta de transparencia, fracasado tamén porque cada vez recada menos.

E mire, señor Conde, son infinitas cuestións que habería que poñer enriba da mesa e que é imposible cunha distribución tan desigual do tempo. Simplemente, sintetizo agora dicindo que, fronte á súa irresponsabilidade, este grupo parlamentario vén aquí con propostas. Porque mire, a xente, este país non se está mobilizando contra a enerxía eólica, non, non, non; estase mobilizando contra o seu modelo eólico. (*Aplausos.*)

Polo tanto, nós propoñemos: primeiro, facer un mapa de necesidades enerxéticas e unha modelización de que tecnoloxías temos que desenvolver, como e de que maneira. Propoñemos, en segundo lugar, actualizar a normativa eólica e o Plan sectorial eólico, priorizar o medio ambiente, garantir a participación pública e democratizar o que está acontecendo.

E, simplemente, unha última reflexión. Galiza ten xa cumprida unha boa parte dos obxectivos que se establecen para 2030. Polo tanto, estando máis avanzadas que o resto das



comunidades autónomas, podemos permitírnos parar un momento no camiño e pensar como imos facer as cousas antes de que sexa tarde e de que repitan vostedes o modelo feudalista do século XX, que pasou xa por exemplo coa enerxía hidráulica. Iso é o que merece este país.

A présa téñena vostedes e, sobre todo, neste momento no que xa se están vendo na oposición e queren facer que eses chanchullos dos consellos da Xunta, eses chanchullos que levan facendo durante estes anos conclúan para non ter quen os fiscalice, señor Conde. Pero este país non merece iso. Este país o que merece é que o seu potencial eólico sexa un vector de desenvolvemento económico e de xustiza social, porque é absolutamente insultante que neste país, no que hai pobreza, no que hai pobreza enerxética e no que o binomio industria-innovación e sustentabilidade, do que falaba vostede antes, non existe polo seu fracaso industrial, veñan aquí vostedes a, por riba, botar culpas nos demais dos problemas que causou a súa política enerxética.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, se queren rectificar, fágano. Apoien esa comisión de investigación, escoiten as propostas, que xa non son as propostas do Bloque Nacionalista Galego, que son as propostas da Universidade, do sector científico, medioambiental, agrogandeiro, etc., etc., incluso dos concellos que goberna o Partido Popular.

Polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...cando queiran dar un debate en serio sobre esta cuestión e deixar de favorecer os seus colegas cos que se abrazan, nós desde logo estaremos á altura do que necesite este país. E, se non, pois a ver se canto antes están vostedes verdadeiramente na oposición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

Benvido, señor vicepresidente primeiro, señor Conde, ao pleno deste parlamento para comparecer, por petición propia, e tratar de explicar a situación da enerxía eólica en Galicia e, sobre todo, por proporcionar cordura e rigor sobre un sector clave e que, como vén de observar, ten unha importante carestía nos grupos que me precederon no uso da palabra.



Mire, señora Presas, o que non cola é o seu discurso negacionista. Claro que non cola e non lles cola aos galegos e ás galegas, que —vólvolle repetir— os colocaron durante catro lexislaturas seguidas na bancada da oposición. (*Aplausos.*) Iso é o que non lles cola aos galegos e ás galegas.

Mire, señor Conde, como virá de observar, pois temos dous partidos que queren gobernar xuntos, hipoteticamente, pero que, como escoitou aquí, pouco se parecen na intervención duns á dos outros. Por un lado, temos un partido negacionista, para o que todo en enerxía renovable xa está feito en Galicia, porque somos excedentarios, autosuficientes coa enerxía renovable que producimos. Todo dun surrealismo que a verdade non se cre ninguén. E un BNG contrario á implantación de calquera proxecto industrial na nosa Comunidade e que, se se tercia, señorías, destruír os que xa temos implantados dende hai anos e que serán milleiros de postos de traballo.

Porque a única aportación que fan vostedes ao emprego é a contribución, a fabricación e a venda de pancartas para desprestixiar a nosa Comunidade e os nosos traballadores públicos, e xa non digamos os nosos dirixentes elixidos —insisto— libremente e con maioría absoluta por todos os galegos e galegas. Pancartas que no caso que nos ocupa non pretenden mellorar un sector. Non nos queiran enganar, señora Presas. Non, non queren mellorar o sector eólico. A súa pancarta, como dicía na miña intervención anterior, di: «eólica non». E o único que pretende é illar e desconectar Galicia do progreso. Pero, señorías, iso non llo imos permitir.

E, por outro lado, señor Conde, temos un partido que ata hai pouco máis dun ano pois acudía ás manifestacións contra a enerxía eólica. Eu quero que vexan esta iniciativa. Miren esta imaxe que lles ensino (*A señora Nóvoa Iglesias mostra unha fotografía.*): «Eólica si, pero non así», PSdeG-PSOE, señora Rodríguez Rumbo. «Eólica si, pero non así», PSdeG-PSOE. ¿Sabe? Isto era o que eran vostedes ata hai uns meses. Claro, aquí dirixía outra persoa o partido, o señor Caballero. Ían ás manifestacións, a manifestarse en contra de todos os proxectos eólicos. Chegou o señor Formoso, que se autodefine como firme defensor da enerxía eólica, para consentir esa nova tramitación ambiental exprés, vía real decreto lei. Porque, señorías, en materia de enerxía, nada de legislar. Iso de legislar deixámolo para outros ministros, para os de Podemos. Eses si que legislan, e legislan ben, como estamos vendo coas últimas leis que sacaron. Eles, o Partido Socialista, dedícase a aprobar reais decretos leis e, joel!, pois cambia toda a tramitación ambiental, vía real decreto lei, para proxectos de máis de 50 megavattios.

A min, señora Rodríguez Rumbo, gustárame —e a señora Presas tamén— que na próxima intervención me digan que..., joia!, eu imaxino que estarán negociando a implantación dunha comisión de investigación no Congreso, ¿non?, para vixiar todos estes proxectos que se van adjudicar en zonas con alto valor medioambiental. Eu agardo que toda esa vehemencia que mostran vostedes aquí a mostren tamén en Madrid e abran alí ou propoñan abrir alí unha comisión de investigación, ¿verdade que si?, porque será sorprendente.

Porque temos un exemplo, un exemplo dun proxecto que se aprobou, e antes o señor Bará dicía que non. Eu, señor Bará, teño aquí... —Agora non é vostede o portavoz, é a señora Presas, pero pódollo pasar—. Mire, (*A señora Nóvoa Iglesias mostra uns documentos.*) estes son



os informes que emitiu a Dirección de Calidade Ambiental en relación co parque de Carballoso. Si, mire, mire. Léolle: «En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, procede informar negativamente a instalación de aeroxeradores e subestacións nas devanditas zonas, así como no resto de infraestruturas asociadas que saian dos camiños existentes nelas». Isto é a declaración de impacto ambiental negativa que a Consellería de Medio Ambiente emitiu para o campo de Carballoso, ese que dicía vostede hai un momento que non. Si, a declaración de impacto negativa, que despois o Goberno do Estado autorizou este proxecto, que se modificou para engadirlle aeroxeradores que pasasen dos 50 megavatios e así poderse tramitar o proxecto de Carballoso de maneira estatal. Si, señor Bará, aquí están as probas, estas son probas tamén, ¿vale? *(A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.)*. Pois veña, señor Bará, aí lle quedan para despois. *(Aplausos.)*

Mire, paréceme lamentable que vostedes veñan aquí atacar un goberno da Xunta de Galicia que está a tramitar todos os proxectos eólicos coas máximas garantías, con proxecto de avaliación ambiental ordinario, e vostedes non sexan capaces de dicir aquí nada en relación con esa barra libre imposta polo Goberno do Estado. Pero, ben, eu xa sei que isto para vostedes non é unha prioridade; a prioridade é atacar o Goberno da Xunta e despois soste a Pedro Sánchez en Madrid.

E é que eu, señora Rodríguez Rumbo, creo que a traizoa escoitar a Sánchez continuamente, e non é así. Aquí non se veu falar de Pedro Sánchez. A propaganda xa a deixamos para vostedes. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Non, non. A propaganda xa a deixamos para vostedes, e son vostedes os que se teñen que reunir e falsear as reunións, cerrar bibliotecas para que ao presidente o poidan aplaudir. Señora Rodríguez Rumbo, propaganda, a súa, por favor.

E a min o que me parece máis lamentable é que, cos ataques continuados e os agravios que está facendo o Goberno do Estado a Galicia, vostede veña aquí aplaudir a Pedro Sánchez. É que a min daríame vergonza. Lamentablemente, señora Rodríguez Rumbo, vostedes non están para aplaudir a Sánchez, *(Murmurios.)* non están, non están. Cando veña aquí, dígame un só proxecto industrial que vaian aprobar en Galicia.

Señora Rodríguez Rumbo, o que pasa é que a vostedes o que non lles gusta..., pero vostedes teñen historia, e xa o dicimos aquí moitas veces, teñen historia, e o que lles falta é memoria, fáltalles moita memoria, porque vostedes só están en contra do sector eólico cando están na oposición, porque cando gobernan, pois, ¡oia!, non derrogaron nin modificaron o Plan sectorial eólico, cando vostedes gobernaron. A señora Presas vén aquí agora dicir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, non, vostedes non paralizaron a tramitación dos parques eólicos; é máis, autorizaron a implantación de 36 parques, con 450 aeroxeradores, 860 megavatios de potencia. Pero ¿a que empresas? A esas empresas do oligopolio que vostede deosta. Si, outra vez vólvolle dicir a vostede, que non o debeu escoitar antes. Vostedes autorizaron a implantación de proxectos a Energy Power, a EDP Renovables, a Naturgy Renovables, a Iberdrola Renovables.

Por favor, señora Presas, unha cousa é estar no goberno, e teñen que actuar obviamente, porque se non estarían prevaricando continuamente, e outra cousa é estar na oposición e



vir falar, predicar, predicar aquí, soltar o seu catecismo pola boca e non ter ningún tipo de sentido.

E é que, claro, vostedes puideron paralizalos e non os paralizaron. E é que aínda hai máis, porque vostedes adxudicaron 2.200 megavatios, 78 proxectos eólicos, que se dividimos a 2 megavatios, que era a potencia que daquela tiñan os aeroxeradores, imaxinen cantos centos de aeroxeradores querían distribuír por toda Galicia.

Pero ¿quen son aquí os depredadores que queren arrasar co medio ambiente? ¿Quen quería instalar 6.500 megavatios nun horizonte de 2012, que daquela eran miles de aeroxeradores? Porque por sorte a potencia foi aumentando e pódense instalar menos aeroxeradores. Por tanto, ¿daquela, como lle dicía hai uns minutos o señor vicepresidente, era viable hai doce anos e agora non? ¿Saben por que non? Porque vostedes están na oposición e nós estamos gobernando e entón vostedes o único que pensan é intentar desgastar un goberno que está —insisto— tramitando con todas as garantías os proxectos eólicos. E vostedes, cando gobernan, pois adxudican os parques a quen se presenta e a quen gaña os concursos, se non queren incumprir a legalidade, señora Presas. Iso é o que ocorre. O que pasa é que ao estar na oposición pois trátase de falar, falar, e todo sen sentido.

E miren, e vostedes, os dous grupos, acaban de vir aquí dicir que non hai planificación, que en Galicia somos un desastre. Ben, toda a enerxía renovable tramítámola, tramitouna un goberno do Partido Popular, que é sempre, señora Presas, e se non non seríamos líderes en enerxías renovables, e somos líderes en enerxías renovables e somos líderes no respecto polo medio ambiente, señora Presas (*Aplausos*). E non resople, porque é así. Eu entendo que a joroba que lle diga a realidade, moito, pero non é mentira. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben*.)

Señora Rodil, ¿vostede tamén sabe de enerxía?, que, claro, é a súper deputada. Se quere, despois... (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben*.) Non, non... Pídalle o turno á señora Presas, sen ningún problema.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Vaia rematando e respecten o turno, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Miren, señorías, con vostedes trátase do de sempre: vir aquí dicir falsidades, dicir que os eólicos non teñen impacto no territorio. Vostede falou dos nosos alcaldes. ¿Falou vostede cos seus? Fale cos seus, dígalles se queren quitar os eólicos, dígallo ao señor alcalde do Bloque Nacionalista Galego da nosa provincia, o de Vereá. ¿Fala con el? ¿Tampouco quere os eólicos? Veña aquí e dígame se o señor alcalde de Vereá quere ou non os eólicos en Vereá. ¡Veña! Rétoe a que diga iso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) ¿A que non os quere? ¡Veña! Está desexando que se implanten.

Porque a realidade é que deixan impacto no territorio, e vostedes veñen aquí falar do canon eólico, cando se opuxeron ao canon eólico, que leva recadado máis de 290 millóns en Galicia. Opuxéronse frontalmente e veñen aquí con toda a... a dicir que non deixan impacto no territorio. A realidade súa, señora Presas, é que son unhas propostas que despois na segunda quenda poderei debullar un pouco máis polo miúdo, pero son propostas tan novidosas como



a tarifa galega, a empresa pública de enerxía ou almacenamento enerxético, que, señorías, saberán vostedes que o almacenamento enerxético é para almacenar enerxía renovable, pero ¿que enerxía renovable? Se vostedes están en contra da eólica, da solar, porque a solar fotovoltaica só pode ser en tellados, porque se é en hortas solares tamén están en contra. Están en contra da hidráulica, pero ¿que enerxía renovable queren almacenar? ¿Como se vai xerar o hidróxeno renovable? ¿Con que? Dígamo, cando veña aquí. ¿Con enerxía eólica?, ¿con enerxía renovable? ¿Si ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non. Eu entendo que non lle interese, que ten que mirar o móbil, porque a súa actuación, señora Presas, é lamentable.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(*O señor Bará Torres pide a palabra.*)

Dígame.

(*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

¿Que tipo de imprecisións?

Déanlle a palabra ao señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pois a señora Nóvoa mencionoume. En relación coa mención, pronunciou unha serie de inexactitudes sobre a miña persoa ou conduta. Entón, ao abeiro do artigo 76, quero facer unhas aclaracións.

(*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Escoiten. Por favor, déixenlle falar ao señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Teño tres minutos. Para iso non mencionen, non fagan alusións, e así evítanse estas cousas.

(*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Imos ver. Eu xa lle preguntei, cando vostede pediu a palabra, que tipo de imprecisións ou inexactitudes. Ben, diga.

O señor BARÁ TORRES: Vouno explicar agora. Refírese á tramitación estatal do parque eólico Carballoso, antes denominado Coto das Airas, que está nos concellos de Fornelos, A Lama e Avión. E a señora Nóvoa non fixo referencia a que este... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Pero, ¡por favor!

O señor BARÁ TORRES: Tres minutos, tres minutos.



(Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pero imos ver. ¿Poden, por favor, respectar o deputado, que está rematando o seu turno de palabra? Teñen que respectar que remate a palabra.

(Murmurios.)

¿Cal era a inexactitude?

O señor BARÁ TORRES: A inexactitude é que me atribuíu unha serie de valoracións que non son certas e concretamente que o expediente publicado no *Boletín Oficial do Estado* fala da afección sobre a Rede Natura e sobre especies ameazadas, sobre hábitats protexidos, que a Xunta non protexeu no seu momento, non incluíu na Rede Natura e non fixo os plans de protección.

(Murmurios.)

E ese documento do BOE di, literalmente: «Non consta informe perceptivo do órgano con competencias en materia de medio ambiente da Comunidade Autónoma». Non consta informe perceptivo do órgano con competencia en medio ambiente da Comunidade Autónoma.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, queda aclarado.

O señor BARÁ TORRES: Vostedes non informaron.

(Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pero imos ver, respecten o deputado no uso da palabra.

O señor BARÁ TORRES: Non informaron a pesar da afección a estes hábitats e a estas especies ameazadas. Son vostedes corresponsables da tramitación deste proxecto. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas, moitas grazas.

Turno de réplica. Ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, señor Conde.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Bará, é bo que lle traslade información a Noa Presas, porque Noa Presas veu aquí co discurso da última década, non o ten actualizado; seguramente precisa que lle traslade información para precisamente, seguramente, trasladar con máis rigor as aportacións que dende o BNG se queiran trasladar, se é que iso é posible.



Señorías, escoitei atentamente, loxicamente, as achegas que trasladaron tanto o Partido Socialista de Galicia como o BNG, o Bipartito; un Bipartito que queda claro que non se entendeu antes pero queda claro que tampouco se entende agora, e iso que levan catorce anos na oposición. Pero miren, os galegos e as galegas saben perfectamente do que falo e, polo tanto, saben ben que en realidade o que temos nestes momentos é que confrontar dous modelos.

Eu lamento que a oposición, de forma particular o Bloque Nacionalista Galego, non entenda que este goberno ten un modelo. Claro que temos un modelo, e temos un modelo que ten claro que temos que avanzar cara á neutralidade climática, cara á sustentabilidade ambiental, que temos que aumentar o peso das enerxías renovables e vincular esas enerxías renovables á industria, e que temos que favorecer tamén a innovación. E, polo tanto, iso entendemos que significa máis oportunidades de emprego, máis oportunidades de crecemento e que a responsabilidade de goberno ten que precisamente abrir esas oportunidades.

E temos un modelo que vén representado claramente polo Goberno de Madrid, o cal tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista de Galicia están apoiando. Isto é moi importante: como o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia, fronte aos intereses do sector eólico en Galicia, están actuando de portavoces do Partido Socialista e de Podemos en Madrid.

Cito: mentres o Grupo Socialista está tentando defender a barra libre e o trámite ambiental exprés —eu entendo, señora Rodríguez Rumbo, que iso é difícil en Galicia, pero é o que están facendo; entendo perfectamente que teñen un papelón bastante complicado—, pero esa nova posición, que é nova, porque o real decreto aprobouse en xuño do ano 2022 e en decembro do ano 2022 dous reais decretos que legalizan esta tramitación ambiental exprés en España, pois esas contradicións o PSdeG trasládaas ao territorio. Vostedes polas mañás trasládanlle á Xunta de Galicia propostas de pactos, pero é que pola tarde sacan fotos coas plataformas, señora Rodríguez Rumbo. Claro, é moi difícil defender que pola mañá defendas a industria e que pola tarde te vistas de medioambientalista.

Pero é que o BNG segue coa pancarta do «STOP eólicos». Díxoo o señor Rego, salvo que o señor Rego sexa unha escisión do Bloque Nacionalista Galego en Madrid. Creo que o señor Rego dixo claramente que a pancarta do BNG é «STOP eólicos». Pero, claro, iso, que ten como obxectivo político simplemente illar e apagar Galicia, pois tamén ten esa tramitación exprés, e, polo tanto, como está defendendo o Bloque Nacionalista Galego a política eólica do Goberno, é unha realidade. Eu remítome ás votacións do Congreso nas que participa o Bloque Nacionalista Galego.

Señor Bará, o parque de Carballoso estase a tramitar porque o Bloque Nacionalista Galego votou «si» á aprobación do Real decreto 6/2022 no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)* Agora enténdese perfectamente como ten que actualizarlle a información á señora Presas, porque a señora Presas está intentando lavar a cara aquí cunha PNL. Non, non, non. O Bloque Nacionalista Galego votou que «si» a este trámite exprés, que a Xunta de Galicia en ningún caso vai defender.



A pregunta seguramente que hai que trasladarlle ao Bloque Nacionalista Galego é: ¿cantos parques eólicos vai permitir que se tramiten sen avaliación ambiental simplemente para manterse nas alcaldías e na deputación, apoiados polo Partido Socialista de Galicia? Esa seguramente é a pregunta. A pregunta é precisamente cantos aeroxeradores van permitir co seu voto en Madrid para manterse en alcaldías e en deputacións. Esa é a pregunta. *(Aplausos.)*

A verdade é que son vostedes un matrimonio de conveniencia. Eu lamento ter que vir aquí ao Parlamento para certificalo, pero, mentres o Partido Socialista galego di que o sector eólico está paralizado dende hai anos, que é o que traslada a señora Rodríguez Rumbo, o Bloque Nacionalista Galego di que temos que deixar de construír parques. Pois poderían poñerse de acordo. Ou defendemos o sector eólico ou paralizamos o sector eólico. Pero realmente é moi difícil aterse a este tipo de posicionamentos.

O que eu si agradezo é unha mínima coherencia no debate. Porque, señores e señoras do Partido Socialista de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, a política tamén é coherencia.

Durante o Goberno do Bipartito vostedes non derrogaron nin modificaron o Plan sectorial eólico. Tiveron catro anos, puideron facelo, pero non o fixeron. E recórdolle, señora Presas, que o Plan sectorial foi avaliado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao que tanto se acolle, cando lle interesa, o Bloque Nacionalista Galego.

O Bipartito non paralizou os parques eólicos que estaban en tramitación. Puideron facelo, pero non o fixeron. Puxeron en funcionamento 36 parques eólicos, instalaron 450 aeroxeradores, e ademais o 34 por cento —recórdolle, cando vostedes falan de abrazos e de portas xiratorias, señora Presas— da potencia instalada foi para grandes eléctricas e construtoras. O Bipartito, Bloque Nacionalista Galego.

Pero, ademais, no Bipartito vostedes adxudicaron 2.229 megavatios, a través de 78 proxectos eólicos. O presidente da Xunta trasladou claramente que ese procedemento non ofrecía ningunha garantía; o presidente da Xunta do Bipartito. Puideron non facelo, pero fixérono. Fixérono vostedes, que estaban no Goberno.

Vostedes, o Bipartito, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia, defenderon a implantación e a posta en marcha en funcionamento de 6.500 megavatios. Foron vostedes os que querían instalar de forma apresurada 6.500 megavatios. Foi o conselleiro Fernando Blanco o que marcou ese obxectivo, porque dicía que era unha cifra realista e sería ilóxico coartar unha das zonas con mellor calidade do vento. Conselleiro do Bloque Nacionalista Galego. É a coherencia en política.

A pregunta é: ¿por que un obxectivo que era viable, asumible e irrenunciable hai quince anos para o Bipartito agora non o é? Puideron modificalo e non o fixeron.

Polo tanto, señora Rodríguez Rumbo, señora Noa Presas, un pouco de coherencia, un pouco de rigor e un pouco de visión de país cando se quere falar do desenvolvemento eólico, cando se quere falar de creación de emprego, cando se quere falar de industria e cando se quere falar de ter uns custos enerxéticos máis reducidos. Un pouco de coherencia, porque, se non, así non é posible facer política e, sobre todo, non é posible facer país. *(Aplausos.)*

Falemos do modelo eólico do Partido Popular e falemos do modelo eólico da Xunta de Galicia.



Estámolo facendo, señorías, cumprindo con toda a lexislación medioambiental. Incluso máis, máis porque sobre todo se nos quere comparar coa barra libre do Goberno, que pretende abrir precisamente un desenvolvemento eólico absolutamente descontrolado, co voto favorable —volvo insistir— do Bloque Nacionalista Galego.

Señorías, todos os parques eólicos de competencia autonómica se están sometendo a avaliación ambiental ordinaria, todos. E en todos os parques se exige tamén considerar as posibles sinerxías ou efectos acumulativos con outros parques eólicos en funcionamento, en todos.

Polo tanto, creo que queda claro que, mentres o Partido Socialista de Galicia, señora Rodríguez Rumbo, e o Bloque Nacionalista Galego, señora Presas, deron o seu consentimento ao Goberno o pasado mes de xuño e de decembro para estender o procedemento de autorizacións exprés, vostedes, señorías, si están facendo un atentado medioambiental contra Galicia, que, dende logo, Galicia non merece. (*Aplausos.*)

Señorías, a Xunta de Galicia non aplica dende logo a normativa que o Goberno quere impoñer, porque o está impoñendo dunha forma dende logo sen consenso coas comunidades autónomas, sen consenso co territorio, e nós imos seguir traballando na mesma dirección. Os proxectos que teñan unha declaración de impacto medioambiental desfavorable loxicamente non se van executar e os que teñen unha declaración de impacto ambiental favorable nós imos continuar coa súa tramitación. Pero, dende logo, a aprobación da DIA non garante en ningún caso a súa aprobación, aspecto no que lles pediría nos debates que se trasladan nesta cámara sobre o sector eólico que actuasen cun pouco de rigor.

Unha declaración de impacto ambiental non significa a autorización e aprobación dun parque eólico. Ese parque ten que estar sometido a autorización administrativa, téñense que cumprir todos os condicionados da declaración de impacto ambiental e, polo tanto, unha DIA positiva non significa que ese parque se vaia construír. Teñen que tramitarse e validarse todas as condicións que ten que cumprir ese parque.

No debate trasladouse, efectivamente, a dúbida sobre as resolucións ditadas pola dirección xeral competente en enerxía. Eu o único que lles podo trasladar ao respecto é que todas estas resolucións están avaladas polos diferentes informes emitidos pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. Non sei por que pretenden xerar esa dúbida. Os informes están avaliando a posibilidade de que os promotores poidan expor modificacións no contido dos plans industriais en calquera momento. E tamén permiten substituír estes pola monetarización e á inversa, sempre que se garanta que levan a cabo os compromisos en investimento e en emprego polos cales os proxectos eólicos foron seleccionados.

Como en todos os eidos, no eido medioambiental, no eido do patrimonio cultural, no eido do medio rural, no eido de Augas de Galicia, estamos cumprindo con toda a normativa.

Nós, dende logo, seguiremos avogando pola transparencia e pola máxima transparencia neste parlamento. A comparecencia, aínda que a queiran poñer en cuestión, é simplemente a mostra de que, efectivamente, hai un compromiso claro por parte do Goberno en materia de



transparencia. Pero tamén saben —e o coñecen perfectamente— que o caso particular que deu pé ao debate da comisión de investigación trátase dun asunto que está baixo a investigación do Ministerio Fiscal. E, polo tanto, o que está facendo a Xunta de Galicia é o que lle corresponde, que é colaborar loxicamente con esa investigación, e, polo tanto, estamos completando o informe que nos ten requirido a propia Fiscalía para trasladar toda a documentación do expediente e trasladar todo o resto da información que se considere de especial relevancia.

Non teñan ningún tipo de dúbida de que, unha vez cumprido ese trámite, daremos acceso á información de cada parque eólico que se requira, sempre respectando en todo momento a investigación xudicial e calquera alcance posterior que se poida trasladar da mesma. Pero o Goberno dende logo e a Xunta de Galicia claro que facilitará o acceso a esa información.

As sentenzas ditadas o que demostran simplemente é que a seguridade xurídica do concurso do ano 2010 está blindada. Queren volver ao concurso de 2010 cando todas as resolucións xudiciais teñen validado e teñen ratificado, señora Presas, a legalidade e a constitucionalidade da Lei eólica impulsada por este goberno. Entendo que lle gustaría que fora doutra forma, pero esa é a realidade.

De feito, o Tribunal Supremo, na sentenza do ano 2018, que non a ten actualizada, entendeu que o alto tribunal galego se excede nas súas funcións e que non había xustificación ningunha para revisar todo o concurso. Iso díxoo o Tribunal Supremo, non o dixo a Xunta de Galicia.

Por tanto, imos seguir traballando e imos seguir desenvolvendo o sector eólico, intentando trasladar todas as garantías dende o punto de vista do desenvolvemento do sector eólico.

A min, señora Rodríguez Rumbo, hoxe sorprendeume. Eu pensei que non ía traer aquí o argumentario de Moncloa sobre Feijóo. Pero está ben, está ben que lle trasladen ese argumentario, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Que aínda que falemos do sector eólico en Galicia sempre hai un elemento para intentar poñer en evidencia o presidente Feijóo.

Pero a realidade é a que nos leva a todos a saber onde estamos. E, señora Rodríguez Rumbo, estamos en Galicia. *(Risos.) (Murmurios.)* Estamos defendendo o sector eólico en Galicia, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* estamos intentando defender o interese xeral en Galicia. E, polo tanto, cando o Goberno legisla en contra dos intereses xerais de Galicia, cando o Goberno legisla en contra da defensa do patrimonio natural en Galicia e cando o Goberno pretende tramitar parques sen avaliación ambiental, estaremos enfronte dese goberno, con ou sen o Partido Socialista de Galicia, con ou sen o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

E está ben que me trasladara tamén a paralización, segundo vostede, do sector eólico nos anos 2010, 2011, 2012..., ata o ano 2017, en que se celebrou a subasta que, precisamente, promoveu o Goberno de Mariano Rajoy —recórdollelo—, no ano 2017.

¡Home!, eu recórdolles ao Partido Socialista de Galicia e ao Bloque Nacionalista Galego que foi un goberno socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, o que creou a burbulla



de renovables máis alta da nosa historia, cunhas primas de ata o 25 por cento. Foron vostedes, ¡eh! E recórdolles que foi un goberno socialista, co apoio do BNG, quen deixou unha hipoteca eléctrica de 24.000 millóns de euros co déficit de tarifa, que tivemos que pagar todos os españois, pola súa mala xestión.

Polo tanto, creo que teñen vostedes un currículo, e teñen un currículo tamén porque foi un goberno socialista, de novo co apoio do Bloque Nacionalista Galego, quen perdoou máis de 3.000 millóns de euros ás eléctricas. Foron vostedes —recórdollelo— os que decidiron non reclamar o cobrado de máis polos custos de transición á competencia. Polo tanto, creo que a defensa dos intereses xerais de Galicia debería de xirar ou debería facer que tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista de Galicia se centraran nos intereses precisamente da defensa dos intereses de Galicia.

E, señora Presas, é anacrónico que veña vostede aquí esta mañá defender a protección do medio ambiente cando o Bloque Nacionalista Galego está apoiando o Goberno de Madrid, o Goberno do Partido Socialista, precisamente para tramitar parques sen avaliación ambiental. Deberían pedir desculpas, deberían seguramente de sumarse ao Partido Popular, precisamente a esta situación e a esta oposición para que esta situación se producira. E un pouco máis de humildade, un pouco máis de rigor, e seguramente así poderían defender mellor os intereses de Galicia.

Moitas grazas, e nada máis polo de agora. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Conde.

Comezamos a rolda especial de aclaracións.

Por cinco minutos, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, presidenta.

Mire, señor vicepresidente primeiro, nós estamos de acordo co despregamento da enerxía eólica, pero non en calquera lugar. Polo tanto, nalgúns sitios estaremos de acordo e así o diremos, e noutros sacaremos fotos e estaremos detrás da pancarta, ¡claro que si!, ¡claro que si! *(Aplausos.)*

Mire, señor Conde, díganos, coméntenos: ¿cales son as previsións deste goberno para a implantación dos parques? ¿Cales son as previsións para a formación de persoal? ¿Como van negociar eses retornos nos territorios onde se instalen? ¿Ata onde van chegar coa implantación desta enerxía? Iso é ao que ten vostede que vir aquí e dicir e comparecer.

Señor Conde, vostede, na contra, vén aquí e comparece para falar da enerxía eólica durante o Bipartito. Pero é que, mire, eu entendín que vostede viña aquí falar do despregamento da enerxía eólica durante estes catorce anos. Que vostedes teñen a responsabilidade de xestionar este país, gústenos ou non aos socialistas; vostedes son os que teñen a



responsabilidade. E, polo tanto, o que ten é que vir dar conta aquí da súa xestión ou da súa falla de xestión, e non falar do que se fixo ou non se fixo no Bipartito. Polo tanto, mire, coherencia fáltalle a vostede e ao seu Goberno.

E, señor vicepresidente primeiro, tamén lle vou recordar algo que vostedes unha e outra vez obvian. Pero é que, mire, España opúxose no Consello Europeo a que se evitara a declaración de impacto ambiental. Pero a súa posición non conseguiu a maioría. O único que se conseguiu foi manter esa declaración de impacto ambiental en Rede Natura en proxectos renovables. Pero vostede sabe perfectamente que o Partido Popular votou no Parlamento Europeo a favor de suprimir a necesidade da declaración de impacto ambiental nos proxectos renovables que se declaren de interese público, incluídos os que estiveran en espazos protexidos de Rede Natura 2000. ¿Verdade, señor conselleiro? Iso vostede non o dixu, ¿verdade que non? Pois é bastante máis grave iso que o que intentou España no Consello Europeo. Así que recórdolle e vólvolle repetir, señor conselleiro: un pouco de rigor para vostede e o seu Goberno e un pouco de coherencia para vostede e o seu Goberno.

Mire, a vostedes e ao seu partido falar de Galicia é falar..., cando falan de conseguir os fondos europeos para España tamén estamos falando de conseguir os fondos europeos para Galicia; eses que —recórdolle unha vez máis— vostedes intentaron por todos os medios que non chegaran a España e, polo tanto, a Galicia; eses sobre os que hai uns días, hai poucos meses, a secretaria xeral do seu partido aquí en Galicia —que agora mesmo non está pero que normalmente se senta aí detrás— tamén foi a Bruxelas intentar, ao puro estilo Casado —a ese que vostedes recordan agora, que hai un ano parece que ían destrozarse o partido—, pois ela, ao mesmo estilo do señor Casado, foi a Bruxelas criticar o Estado, criticar que eses fondos chegaran a España e, polo tanto, que chegaran a Galicia. Polo tanto, señor Conde, a quen lle falta rigor e a quen lle falta coherencia é a vostede e ao seu partido.

Eu creo que hoxe é un bo momento para recordar que España é o primeiro país en recibir o visto e prace das reformas postas en marcha en 2022, situándose á cabeza do cumprimento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a pesar dos augurios seus e do seu partido, e de que nestes días mesmo vostede, no canto de amosar a súa satisfacción porque o noso país sexa o máis áxil na xestión dos fondos, no canto de alegrarse de que vaiamos dispor de 6.000 millóns de euros máis, saia novamente criticar o Estado.

Pois mire, señor Conde, a pesar dos seus augurios, a pesar do rastrero das súas actitudes, a pesar de que a vostedes lles deu igual que o Estado tivera que xestionar a peor pandemia coñecida e que esteamos xestionando unha crise de guerra, sen que en ningún momento nin o Partido Popular do Estado nin o Partido Popular de Galicia se puxera ao lado do Goberno de Pedro Sánchez para sacar entre todos e entre todas adiante este país sen que ninguén quedara atrás; pois a pesar do seu voto en contra de todas e cada unha das medidas que xa están repercutindo positivamente na xente, os socialistas somos e seremos o Goberno da xente. E iso estano notando todos os españois e todas as españolas e, polo tanto, todos os galegos e todas as galegas, a pesar do seu voto en contra en cada unha das medidas.



Pois mire, señor vicepresidente primeiro, como lle dicía, Bruxelas aprobou ese terceiro pagamento de 6.000 millóns de euros máis que chegarán a España e que van repercutir positivamente na calidade de vida...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de todos os homes e as mulleres do noso país.

E recórdolle, señor conselleiro, que Galicia, a pesar das súas declaracións, ten recibido 1.219 millóns de euros para a xestión directa destes fondos europeos en convocatorias e que é a quinta comunidade que máis ten recibido. Polo tanto, responda da súa xestión.

E, como vexo que vostede quere ocultar o que é a realidade, voulle deixar este documento para que o mire con detemento e a próxima vez que veña comparecer que o teña en conta para dicir realidades e non inventarse cousas en contra do Estado. *(A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao señor presidente.)*

Nada máis e moitas grazas.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señores do Partido Popular, hai que tranquilizarse un pouco, hai que vir co Regulamento lido da casa, que outras veces ben que o aplican cando lles interesa. E se a señora Nóvoa quedou insatisfeita co repaso que recibiu no primeiro debate da mañá e alude ao señor Bará, pois temos todo o dereito desde o grupo parlamentario a que sexan contestadas as súas absolutas falacias. Porque saben vostedes perfectamente que ese parque eólico... —non se ría, señor Conde— se está tramitando e non é responsabilidade do BNG, é responsabilidade do Partido Popular, que non protexeu ese territorio. *(Aplausos.)* Si, si; si, si.

E poden vir aquí mentir unha e outra vez, incluso chegando ao delirio de que é un real decreto no que se vota por parte de ambas as representacións. O mesmo hai unha actuación diferente. ¿Sabe o que é isto? *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* É a proposición de lei que rexistrou o BNG para garantir o cumprimento da tramitación ambiental, retrotraendo o estadio anterior. ¿Que van facer vostedes? Vostedes teñen bastantes máis deputados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Úrxenos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non. Sabe vostede que era unha votación máis ampla, e sabe vostede que inicialmente o que exixiu o BNG e para o que deu un voto foi para que houbo unha tramitación como proxecto de lei para que houbo unha participación democrática por parte dos grupos parlamentarios e por parte da sociedade civil. Si, iso que non lle soa a vostede, porque usan este parlamento e a súa maioría absoluta, como fai moitas veces se non estivese obrigado por outros elementos de aritmética o Goberno do Estado, señor Conde.



E entón, mire, pode repetilo unha e outra vez, pero non vai colar tampouco iso. Por moito que vostedes queiran cortarnos aquí neste parlamento, non o poden facer demasiado de momento. Entón, poden coller e cortar a Sorogoyen na TVG, poden cortar o debate de hoxe na TVG, pero de momento, en aplicación do Regulamento, van ter que escoitarnos. (*Aplausos.*) É así de claro.

E mire, eu só lle pido unha cousa: sigan así, sigan intentando cuestionar que estamos cambiando de opinión, que estamos escindidos, focalizando e proxectando os medos e as inseguridades do Partido Popular no noso grupo parlamentario. Eu —insisto—, diante, o que lles preocupa é que teñen un grupo parlamentario e unha organización cohesionada, unida, cun proxecto claro, concentrados en traballar pola alternativa que precisa este país para o 2024, e que deste lado si ten unha líder clara, non como lles pasa a vostedes. Iso é o que lles molesta. Pois sigan por esa vía, (*Aplausos.*) que cada vez que sementan dúbidas incrementa o número de persoas que escoitan as nosas propostas.

E mire, teño que volver insistir: o mesmo respecto que fixo o Bloque Nacionalista Galego no pasado. E, desde logo, teño que volverlles pedir que deberían vostedes de verdade lavar a boca —vólvollo dicir— antes de falar do que fixo o Bloque Nacionalista Galego na Consellaría de Industria do Bipartito. Porque mire, vostede en 2009 xa estaba nesas filas facéndoo mal e facendo a planificación enerxética fracasada que temos nós en vixencia a día de hoxe neste país. Pero mire, nós sabemos perfectamente o que fixemos e sabemos perfectamente o que queremos facer. Revisen vostedes as súas mentiras, porque o Bloque Nacionalista Galego, cando tivo responsabilidades de goberno, o que fixo foi favorecer a participación pública, blindar a Rede Natura... (*Murmurios.*), si, si, blindar a Rede Natura por primeira vez de forma legal. Fixo unha planificación e iniciou unha avaliación ambiental estratéxica, señor Conde. Non minta, porque sabe que as mentiras teñen as patas moi curtas. E precisamente esa política transformadora que tanto lles molestou a vostedes e ao oligopolio eléctrico patrocinou a campaña electoral máis noxenta da historia. Nós temos memoria, (*Aplausos.*) temos memoria, e xa lle digo que nós aprendemos do que hai que facer.

E mire, os nosos alcaldes claro que queren desenvolvemento eólico, claro que si. O que queren é non estar sometidos pola Xunta coa súa arbitrariedade desas leis de depredación que fan que o *botoncito* do consello de administración que usan para favorecer a Bea Mato tamén se poida usar para pasar por riba das vontades dos concellos, con esas supramunicipalidades e axilizacións que declaran contra a súa vontade. O que queren os alcaldes do BNG é que se transforme o canon eólico, ben por un modelo transitorio que permita unha recadación real, ben por un cambio de modelo transformador que garanta a participación pública. O que queren os alcaldes do BNG é garantías, transparencia e información. Iso é o que queren os alcaldes do BNG, e tamén moitos alcaldes do Partido Popular.

Claro,ponse nerviosa, señora Nóvoa, porque sabe vostede que incluso o seu mesías Baltar aprobou mocións na Deputación de Ourense que piden mecanismos de participación pública. (*Murmurios.*) Si, si, señora Nóvoa, é o que os molesta, porque a súa política eólica fai augas por todas as partes. A única carestía que se viu nos debates que levamos en toda a mañá é a carestía de vergonza por parte do Partido Popular, que non ten reparos en mentir e manipular.



E confirmar que veu vostede, señor Conde, facer aquí o que eu dicía no inicio da miña intervención: unha bomba de fume do que realmente lles preocupa, que é que votaron en contra desa comisión de investigación, que saben que teñen moito que tapar e que saben que están fracasando no modelo eólico e enerxético, nun momento ademais clave para o país.

Fala vostede de facer país. Atrévanse, porque o que fan é desfacer o país. Porque o resto do Estado estase mobilizando para que as comunidades produtoras, como as Castelas —non presididas polos nacionalistas— ou como Aragón —presidido polo Partido Socialista—, teñan beneficios por ser produtores, señor Conde.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E, mentres, vostedes están facendo o mesmo que cos fondos europeos: o ridículo e quedar atrás. Aí é onde nos leva o Goberno da Xunta.

Polo tanto, insisto: non hai nin no Bloque Nacionalista Galego nin na sociedade deste país unha oposición á enerxía eólica, hai unha oposición ao seu modelo de enerxía eólica; é así de simple. Este país, que está xerando xa un 70 e pico por cento de produción renovable, que está moi ben posicionado respecto dos obxectivos europeos, o que precisa é planificar, distribuír, ver todas as tecnoloxías en conxunto e dar garantías medioambientais, sociais e económicas que impidan que se volva repetir a historia do século XX.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Iso si que é anacrónico: levarnos ao pasado e non permitírnos avanzar como país única e exclusivamente polos intereses económicos e persoais que hai detrás.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

A verdade é que eu, señora Presas, sendo vostede, sentiríame moi ofendida porque un deputado do seu grupo teña que falar por riba de vostede; debeu ser que non a viu que se expresara ben e tivo que falar; vostede estaba no debate e tiña o segundo turno. Eu, sendo vostedes, como son, tan escrupulosas con iso das mulleres e dos homes e quen fala e quen non fala, (*Murmurios.*) por favor, sentiríame moi ofendida, señoría, porque a ten que vir corrixir un compañeiro. Si, señora Presas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, señora Presas, vostedes...



O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...vostedes... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estouno dicindo. Aquí tamén silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. *(Interrupcións.)*

Non oín o insulto.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Pallaso, pallaso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, por favor. *(Murmurios.)* Silencio. Non escoitei eu ese insulto. En todo caso, prégolle que... Por favor, eu non o escoitei. En todo caso, se se produce... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o escoitei. Di que procedeu de aquí, eu non o escoitei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, si, pero se falan todos non o podo entender. Será compensado o tempo. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pero non, non estamos no caso. Vale. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Grazas. Silencio.

Continúe, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Ben, vou continuar, ou empezar, porque...

O señor PRESIDENTE: Si, empece.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Ben, señora Presas, vostede falou aquí outra vez na súa última intervención dos amigos, das empresas... Vostedes son moito de Fenosa pero cando gobernan; Fenosa si, pero cando goberna o Bloque Nacionalista Galego. Si, señorías, porque, cando vostedes adxudicaron o seu concurso eólico, pois mire: *Las cajas gallegas ganan el concurso eólico del BNG. Las cajas gallegas ganan el concurso eólico del BNG.* *(A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.)* Miren, eu xa vou deixar de falar deste tema, porque creo que lle demos argumentos suficientes tanto ao vicepresidente na súa comparecencia como a min, e voume centrar na tarifa galega.

Porque miren, señorías, sobre esa tarifa galega que propón o Bloque Nacionalista Galego como salvadora da baixada do prezo da luz, ¡joia!, eu, que levo aquí sete anos de portavoz de enerxía, nun momento no que o prezo da luz hoxe marca os 200 euros/megavatio outra vez, non lle escoitei a ninguén falar aquí do prezo da luz. Falou algo a señora Presas de pobreza, porque iso da pobreza enerxética existía cando gobernaba Mariano Rajoy, pero hoxe, que lideramos en España a pobreza enerxética en Europa, lamentablemente, á señora Presas non se lle ocorre falar de nada diso. Entón, a súa fórmula é a tarifa galega.



Mire, señora Presas, con esa tarifa galega, que sería baixar a luz porque somos excedentarios, ¿que fariamos hoxe? Porque mire, eu sácolle aquí o mapa... (*A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.*) —Atenda un pouco, porque ao mellor isto lle vale para algo algunha vez na súa vida—. Mire, este é o mapa de xeración de enerxía hoxe. Cero. Cero por cento de enerxía eólica hoxe se xera. Entón, hoxe, coa tarifa galega do BNG, teríamos que pagar máis polo prezo da luz, porque a señora Presas, como di que xa o temos todo feito en enerxía renovable, que Galicia xa ten demasiados eólicos, que non hai nada máis que implantar e que xa somos autosuficientes coa nosa enerxía, ¿que pasaría hoxe? Hoxe os galegos teríamos que pagar máis polo prezo da luz, porque non hai enerxía eólica e, polo tanto, teríamos que subministrarnos da enerxía nuclear e doutras enerxías.

Señora Presas, é que non teñen rigor, teñen cero rigor e cero coherencia. Agora xa non son capaces de vir aquí e dicir un 30 por cento, porque é que non son capaces de xustificar a súa tarifa galega.

E fala de empresa pública de enerxía. Porque, joian!, señorías, o segundo mantra do Bloque Nacionalista Galego é que se temos unha empresa pública de enerxía, como eles fixeron no seu famoso concurso eólico, que tiña unha participación pública a Xunta de Galicia, pois con iso xa os eólicos non terían impacto no territorio. Non habería os muíños, poderían instalarse centos e miles de muíños, como querían instalar vostedes, e non terían impacto no territorio, ¿verdade? Porque o xestionaría unha empresa pública. Se é unha empresa privada, son *los malos malísimos*, e, se é unha empresa pública, pois non ten ningún impacto no medio ambiente.

Miren, a verdade é que as súas teorías, señorías do Bloque Nacionalista Galego, caen polo seu propio peso.

E fala vostede da Axenda enerxética. Mire, a Axenda enerxética entregouse a todos os grupos na sede parlamentaria. Si, non lla pasou ningún outro grupo. Eu creo que non a leu. De feito, hoxe veu vostede aquí porque os deputados do Bloque Nacionalista Galego só len o manual do deputado do Bloque Nacionalista Galego, o catecismo ese que lle entregan cando se afilian alí, cando cumpren os 18 ou antes incluso, danlle o catecismo ese do BNG e eles xa non len nada.

Mire, a Axenda enerxética recoméndolle que a lea, señora Presas. Os obxectivos galegos do Plan de enerxía e clima de Madrid están cumpridos, claro que si. Pero nós queremos seguir avanzando en enerxía renovable. Porque ¿sabe por que? Porque a enerxía renovable é a única que baixa o prezo da luz e eu recoméndolle que vexa... (*A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.*) Claro, é que vir aquí e falar por falar, señora Presas, eu entendo que se lle cae o seu argumentario. Pero non, o prezo da luz baixa grazas á produción renovable. *La fuerte producción renovable en Galicia deja una histórica caída del recibo de la luz.* Señora Rodríguez Rumbo, non é polo tope do gas, é pola inxección de enerxía renovable. E vostedes sábeno e por iso en Madrid están tratando de aceleralo.

Vén falar vostede aquí dun decreto, dunhas directivas que aproba a Unión Europea. Vostedes quitaron a tramitación ambiental dos proxectos antes de que o nomease a Unión Europea. Pero é que estamos falando dun real decreto do mes de xuño, señora Rodríguez Rumbo, por



favor. Vostedes foron os primeiros da clase en quitar a tramitación ambiental e non respectar as garantías medioambientais; polo tanto, non están lexitimados para vir aquí defender o medio ambiente en Galicia nos proxectos eólicos. Son capaces de aprobar, de consentir, de agocharse ao que diga o señor Sánchez, incluso aínda que prexudique a Galicia, señora Rodríguez Rumbo.

Eu entendo que estes días está o dedo fulminador fulminando e entón hai que consentir todo, ¿saben? Porque, claro, calquera se rebela, porque aparece o señor Sánchez e fulmina, o que sinala pois cae. Entón, claro, hai que ter un pouco de medo e vir aquí e dicir: *(Aplausos.)* non, eu... A señora Rodríguez Rumbo di: eu defendo o medio ambiente e o meu grupo, o PSdeG, defende o medio ambiente, pero tamén defende a Sánchez, tamén defendemos o señor Sánchez e sae...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...todo o argumentario da Moncloa.

Miren, señorías da oposición, a verdade que é lamentable que sigamos a ter que escoitar as súas teorías sobre a enerxía renovable e que non queiran avanzar. Un Bloque Nacionalista Galego negacionista que, de verdade, señora Presas, se Thomas Alva Edison levantase a cabeza, cando en 1879 descubriu a bombilla incandescente, que puido ter luz durante corenta e oito horas seguidas, *(Murmurios.)* se volvera nacer, de verdade que morrería de súpeto ao escoitar un partido como o seu, totalmente negacionista, que non quere que Galicia avance...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...nun sector obviamente no que somos líderes.

Moitas grazas, señor vicepresidente, por vir comparecer hoxe aquí, por dar cumprida información sobre o sector eólico en Galicia e seguramente que o agardaremos, que volverá debater, e...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...como sempre teñen feito, nunca teñen medo a comparecer neste parlamento. Polo tanto, dende o Grupo Parlamentario Popular felicitámolo.

Nada máis pola miña parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.



A verdade é que, despois das últimas intervencións por parte da oposición, que foron máis propias dun martes de Carnaval que dun debate con rigor da situación do sector eólico...
(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...e, por un lado, intentando ocultar que, efectivamente, a oposición, tanto o Partido Socialista de Galicia como o Bloque Nacionalista Galego, están permitindo co seu voto a tramitación de parques sen que haxa avaliación ambiental, e incluso sacando o debate sobre a situación dos fondos europeos, que diga o que diga o Goberno seguen sen chegar a Galicia, e os proxectos industriais e a candidatura que ten presentado Galicia segue sen poder acceder a eses fondos, pois intentarei pechar neste turno o debate intentando mandar unha mensaxe en primeiro lugar de tranquilidade e tamén unha mensaxe de optimismo para seguir traballando por unha Galicia verde, fronte a unha oposición crispada, que ve unha Galicia gris, onde os retos da transición enerxética e da transformación industrial precisan precisamente que traballemos todos neste desenvolvemento do sector eólico.

A Xunta de Galicia trasládao claramente: «eólica si». A oposición pretende trasladar a mensaxe «eólica si, pero non». Esa é a postura do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego: negarlle simplemente a Galicia un futuro de oportunidades.

Como comprenderán, non podemos estar máis en desacordo. E hoxe viñemos precisamente de novo a este parlamento con ánimo de buscar puntos de encontro e, sobre todo, de acadar consensos. Pero o certo é que, unha vez máis, vemos que iso é unha misión imposible. A oposición teno claro e ten un guión escrito: simplemente dicir «non» a todo o que poida plantexar a Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento de enerxías renovables. Unha mágoa, unha mágoa que a oposición se desentenda en Galicia dunha transición enerxética xusta e que pretenda, apoiando o Goberno de España, que se tramiten e se vulnere o cumprimento dos principios de protección medioambiental en Galicia.

Nós seguiremos traballando por converter o sector eólico nunha oportunidade; unha oportunidade para impulsar as enerxías renovables, baixo os principios de equilibrio, de garantía e de consenso, e tamén buscando o maior impacto económico e social no territorio. Ese é o modelo que estamos defendendo en Galicia, e por iso a Xunta de Galicia di: «enerxía eólica si», porque a enerxía eólica é unha oportunidade.

E non o dicimos só dende a Xunta, dío tamén a propia Comisión Europea, que traslada que a mellor alternativa social e económica é precisamente o desenvolvemento das enerxías renovables. Se sabemos xestionala con perspectiva e sendo garantistas dende o punto de vista medioambiental, sabemos que o impacto que ten sobre o tecido produtivo pode ser moi positivo.

Iso é, dende logo, o que busca o modelo eólico galego: dar respostas ás necesidades que ten o tecido industrial para descarbonizar a súa actividade e poder acceder a un prezo enerxético máis competitivo, pero salvagardando en todo momento a biodiversidade e o patrimonio natural.



Tamén traballaremos para que ese impacto sobre o territorio sexa positivo en termos económicos e sociais, en termos dos concellos, das familias e tamén das propias empresas.

E, dende logo, señorías, non é en Galicia onde se lle deu vía libre á tramitación exprés de proxectos, prescindindo de todos os instrumentos administrativos de avaliación ambiental. Diso deben dar explicacións o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, que foron os que votaron a favor da proposta do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Señorías, acelerar as renovables non significa en ningún caso recortar a participación da cidadanía e das distintas administracións implicadas, como pretenden vostedes dende a oposición e dende o Goberno de Pedro Sánchez. Acelerar as renovables implica ter unha visión a longo prazo e un proxecto de país e significa, polo tanto, apostar pola sustentabilidade, pola eficiencia enerxética, pola economía circular e tamén polo autoconsumo, por suposto autoconsumo tamén na industria.

Significa, en definitiva, impulsar proxectos que permitan un impacto sobre a nosa economía e sobre o noso modelo de vida; significa vincular as renovables e o sector eólico á industria; significa vincular a enerxía eólica e as renovables á redución do prezo eléctrico a través do impacto das comunidades enerxéticas. Significa, en definitiva, traballar por un desenvolvemento ordenado e que teña impacto económico tamén no local. Se é así, é como realmente poderemos convertelo nunha oportunidade.

O que non se entende en Galicia, porque somos galegos, pero hai cousas que nos resultan difíciles de entender; por exemplo, a proclama «Así, non». Entón, ¿como? Se non é así, ¿como é? ¿En que non están de acordo dende o Bloque Nacionalista Galego e dende o Partido Socialista de Galicia? ¿Non están de acordo en que en Galicia se arquiven os parques eólicos que non cumpren coa normativa? ¿Non están de acordo en que as empresas electrointensivas, a industria da automoción e outros sectores industriais e tamén as pequenas e medianas empresas poidan negociar a compravenda de enerxía renovable con diferentes promotoras eólicas para poder autoabastecerse de enerxía máis barata e limpa? ¿Non están de acordo en que os concellos poidan ter un retorno dun 2,5 por cento dos beneficios dos parques eólicos que se implantan no seu territorio ao longo de toda a súa vida útil? ¿En que non están de acordo exactamente o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia?

Señorías, isto non é cuestión de ideoloxías e non é cuestión de cores políticas. Trátase do futuro económico, do futuro industrial, do futuro do emprego cualificado en Galicia, do futuro dunha transición enerxética xusta. Polo tanto, trátase do futuro que queremos para Galicia, e nese futuro non hai ningún tipo de dúbida de que a enerxía renovable é irrenunciable. Polo tanto, Galicia ten que traballar precisamente para que ese impacto se poida trasladar directamente ás familias e ás propias empresas.

A Xunta de Galicia vai seguir traballando por puntos de encontro. Imos seguir traballando por atopar consensos. E con ese obxectivo, dende logo, agardamos que vexan nesta comparecencia unha nova chamada ao diálogo. A Xunta de Galicia terá a man tendida aos



grupos da oposición. Ten a man tendida co Goberno de España, precisamente para que Galicia sexa máis verde e que Galicia se poida beneficiar dunha transición enerxética xusta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a atención primaria no sistema sanitario público galego

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*)

Emenda de supresión.

Débese suprimir o punto 9 da parte resolutiva da moción.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

No pasado pleno interpelabamos o conselleiro de Sanidade e pediámoslle que dunha vez por todas puxera en marcha medidas que solucionasen a tremenda situación da atención primaria. Lonxe de presentar aquí ningunha das medidas, o único que fixo o conselleiro foi insultar o BNG, como grupo que estaba interpelando, e toda a poboación que se organizara reclamando sanidade pública.

Diciámoslle naquela altura que debía escoitar todas as voces que estaban reclamando rectificación e un cambio de rumbo, porque llo ían reclamar nas rúas de Compostela o domingo día 12. Efectivamente, o pasado domingo día 12 o pobo galego deu unha nova mostra de dignidade; saíu á rúa farto de tanta mentira, farto de tanta propaganda, de que a Xunta do Partido Popular non aporte ningunha solución, fartos de ver o Partido Popular non asumindo ningunha responsabilidade e poñendo todos os esforzos en buscar culpables en vez de poñer os esforzos en buscar solucións.

E, por certo, moi bo intento con eses vídeos de *Tuti Cuanti*, de todos aqueles que son algo no Partido Popular saíndo en manada e responsabilizando a outros. A verdade é que estivo ben; (*Aplausos.*) estivo ben incluso como posible *casting*. Pero, como puideron ver, non funcionou, non coou e miles de galegos e galegas saíron igual masivamente ás rúas, encheron as rúas



de Compostela, encheron o Obradoiro reclamando sanidade pública e de calidade e salvar a atención primaria.

E fixérono porque non aturan que o Partido Popular lles diga que todo está ben cando a súa realidade, o seu día a día, é que hai listas de espera para chegar a ter unha consulta co médico de cabeceira. O seu día a día é que hai puntos de atención continuada sen médicos; o seu día a día é que miles de crianzas que non teñen pediatra, por resumir. E por iso saíron ás rúas, fartos de ver como dinamitaron os alicerces da atención primaria. Eses alicerces son: a proximidade, ter unha atención primaria próxima; a accesibilidade, poder chegar cando o necesitan —non de alí a quince días ou máis, senón cando o necesitan—; e a continuidade na atención, que significa que os mesmos profesionais che poidan ir facendo un seguimento, que teñas un problema de saúde e que non llo teñas que contar cada vez que tes que acudir a unha persoa diferente, senón que estea o mesmo equipo.

E, por iso, o BNG xa lle dixemos ao conselleiro no anterior pleno que iamos presentar unha moción con toda unha serie de propostas e alternativas que se poden poñer en marcha xa e que dependen da Xunta de Galiza. Eu agardo que volvan vostedes facer un vídeo dicindo que todo isto poden facelo e que van poñerse en marcha. Porque iso significaría que atenden ao que lles di a xente, que atenden as reclamacións do pobo galego nas que lles piden rectificación. E estas son todas medidas que pode poñer en marcha a Xunta. Hai unha que non depende de vostedes, que é que non hai médicos, pero todas as que presenta esta moción poden poñelas en marcha.

Pero non son as únicas; hai máis. Hoxe xa presentamos once; xa é unha moción bastante extensa, pero aínda hai máis que dependen exclusivamente da Xunta e que se poden poñer en marcha.

Entón, traemos aquí unha moción con medidas concretas, factibles, precisas, para cambiar o modelo fracasado de atención primaria por un baseado en equipos multidisciplinares, de profesionais, en número suficiente, con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Medidas para poñer en marcha o novo modelo que lles garanta ás galegas e aos galegos ter os mellores coidados sanitarios, unha atención sanitaria de calidade, que protexa tamén os profesionais e as profesionais da sanidade pública e que poidan traballar nunhas condicións dignas. Un novo modelo que entenda que a Atención Primaria non só deba atender os procesos agudos, non só deba atender a enfermidade, senón tamén a prevención da enfermidade e a promoción da saúde.

O que demandamos o BNG con esta moción é que o Goberno do Partido Popular rectifique a súa política sanitaria, poña en marcha de inmediato un novo modelo de atención primaria que garanta a atención sanitaria á poboación cun mínimo de dignidade, que neste momento non ten.

¿E que pedimos nesta moción? Primeiro, información. Supoño que iso dependerá da Xunta; poderá facelo sen ter que facer un vídeo dicindo que depende de Madrid. Supoño que poderán facelo e presentar un informe aquí no Parlamento coa situación de cada servizo e unidade de Atención Primaria. Saber cal é a situación en cada centro de saúde, saber cantos



profesionais hai, cantos faltan, en que situación están eses profesionais, se están en vacante, se están en praza fixa, se están sen cubrir... Cuestións que nos parece que son bastante fáciles de poñer en marcha.

Tamén pedimos que se realice un estudo sobre as consecuencias en termos de enfermidade e de mortalidade da poboación con base nos déficits de atención sanitaria: en ter os PAC sen profesionais, en que non haxa médicos suficientes, en que non se substitúan... Porque xa lles dei no anterior pleno os datos. O informe, feito polo ministerio, sobre mortalidade en Galiza está disparado. Na media do Estado está baixando con respecto ao ano 2020, está reducíndose a menos da metade, e en Galiza está case triplicándose. Queremos un informe de por que se está dando esa situación. Parece normal que un goberno que ten a responsabilidade da sanidade do seu país teña un informe de que está pasando, de por que está enfermado máis a xente e por que está morrendo por encima da media do Estado.

E pedimos máis orzamento. Si, pedimos máis orzamento ata chegar ao vinte e cinco por cento do destinado á sanidade pública. No inmediato, eses douscentos millóns de euros para ir compensando os dous mil trescentos millóns de débeda acumulados polos recortes desde o ano 2009. Porque —insisto— só de manter o orzamento do ano 2009 teríanse que ter investido en atención primaria nestes catorce anos 2.339 millóns de euros máis. ¡Só con manter o mesmo orzamento que hai catorce anos! E non chega agora con subir noventa millóns; hai que repoñer todo ese déficit.

E eu teño que dicir hoxe aquí, que a verdade é que o Partido Popular é capaz de aguantar todo. Vimos hai uns días como o voceiro do Grupo Parlamentario do Partido Popular, o señor Pedro Puy, acompañado dunha serie de deputados e deputadas do Grupo Popular, se presenta en Lalín para visitar as obras do CIS. Por certo, nun exercicio totalmente partidista, é dicir, confundindo goberno e grupo parlamentario, o que é moi habitual no Partido Popular, creando unha auténtica confusión. (*Aplausos.*) Alí se planta o voceiro do Partido Popular, con parte do grupo parlamentario, para visitar unhas obras que, por certo, levan máis de tres anos de atraso, e alí o señor Puy non di nin máis nin menos que en Galiza estamos á cabeza en investimento de Atención Primaria porque se inviste o vinte e nove por cento. ¡Así! Está aí, na tele galega; eu non fun alí escoitalo, está na tele galega. ¡O vinte e nove por cento! Claro, eu lamento que non estea agora aquí o señor Puy para dicirlle que todo o mundo sabe —todos os informes— que cando se pide o vinte e cinco por cento é sen o gasto farmacéutico. Porque o gasto farmacéutico en Atención Primaria son oitocentos vinte e nove millóns de euros, é dicir, sacando gasto farmacéutico son soamente seiscentos noventa e sete, que apenas está no catorce por cento.

Iso é o que se reflicte en todos os informes, os que traslada a Xunta ao Ministerio, os que fai o Ministerio, os que fan todos os organismos internacionais. Polo tanto, eu pido *un poquito de rigor*; iso que se nos pide continuamente, un pouquiño de rigor. (*Aplausos.*) É que a tele galega poña en *prime time* o voceiro do Partido Popular dicindo que en Galiza se inviste o vinte e nove por cento en Atención Primaria non di nada a favor do grupo parlamentario. Eu aí o deixo, pero deberían vostedes rectificar.



E, polo tanto, é necesario máis orzamento, efectivamente. Máis orzamento, porque con menos e con dous mil trescentos de orzamento que se lle foi quitando á Atención Primaria non se pode facer máis. Pedimos máis persoal e condicións laborais dignas. Hai que coidar o persoal, poñer en marcha un plan de retorno, captación e fidelización que faga que sexa atractiva a atención primaria, que queiran traballar en primaria. Hai que garantir a presenza de pediatras nos centros de saúde, que as nosas crianzas sexan atendidas por especialistas...

Mire: onte nunha comparsa do Grove dicían nunha das coplas que os nenos vían máis reais os Reis Magos que un pediatra, porque os Reis Magos polo menos víanos na cabalgata de Reis e os pediatras algúns nenos non viran un na súa vida. Pode parecer unha brincadeira, porque estamos no Entroido, pero esa é a realidade: hai nenos e nenas que non viron un pediatra na súa vida, que nunca foron atendidos por un pediatra. (*Aplausos.*) E iso hai que rectificalo.

Tamén pedimos garantir que os PAC presten atención con equipos completos, que haxa médico, enfermeira e persoal administrativo. O normal, non o que está facendo o Partido Popular.

A palabra de onte do Partido Popular é «non hai médicos» e a pregunta é: ¿non hai persoal para contratar nas áreas administrativas dos centros de saúde? Eu dígolle: si, moito. ¿Por que non se contrata persoal para as áreas administrativas, que están colapsadas polo aumento exponencial das tarefas que se lles encomendan? ¿Por que non se contrata PSX ou celadores para as áreas administrativas? Por iso demandamos que se contraten. «Non hai médicos» é o mantra do Partido Popular. ¿Que lles impide mellorar o servizo de ambulancia, que é fundamental na cadea asistencial da atención primaria? Porque a diferenza entre chegar a tempo diante dunha emerxencia é a vida ou a morte, secuelas ou non secuelas. E, polo tanto, ¿non hai médicos?, ¿tampouco hai vehículos?, ¿tampouco hai persoal para as ambulancias? Por iso reclamamos que o servizo de ambulancias estea dimensionado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e que aquelas áreas deficitarias sexan dotadas cos servizos de ambulancias.

Reclamamos novas categorías: Psicoloxía Clínica, logopedas, terapeutas ocupacionais..., para axudar as persoas a desenvolver os seus proxectos de vida; para atender ese trinta por cento da demanda en atención primaria que ten que ver coa saúde mental; para atender todas as persoas que despois dun ictus quedan con problemas para facerse entender, para comer, para desenvolver eses proxectos de vida.

¿Por que non se introducen esas categorías en Atención Primaria ou por que non se garante unha formación de calidade ou non se piden as transferencias do MIR, para así non ter a quen botarlle a culpa, senón responsabilizarse, ter un goberno que se responsabilice e sexa quen de tomar as decisións...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PRADO CORES: ...sen ter que estar pedíndolle permiso a ninguén?

Estas medidas agardamos que sexan votadas a favor polos grupos da Cámara para que, dunha vez por todas, escoiten o que lles din...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...os galegos e as galegas, que lles piden rectificación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Dende o noso grupo inicialmente imos explicar a nosa posición sobre a iniciativa e logo intentaremos aportar unha reflexión sobre a situación da atención primaria.

Sobre a iniciativa en xeral, consideramos que é case un programa electoral en conxunto; é difícil entrar a debater ou matizar calquera punto concreto. Por tanto, nós entendemos a esencia da iniciativa e por iso, en global, estamos a favor.

Mais non podemos, a pesar de toda esa flexibilidade, compartir algunha cuestión moi concreta. E referímonos ao que o punto 9 inclúe, que é a transferencia da competencia da xestión MIR. Non podemos apoiar a transferencia da competencia da xestión MIR. Non a compartimos, e sabe o BNG, ademais, que dende o noso punto de vista en realidade é ineficiente. Impediríanos ter unha formación tan ampla como teñen os nosos profesionais MIR, que son envexados en todo o mundo. Impediríanos ter unha circulación de profesionais, que é beneficiosa para todo o territorio; é unha experiencia e un exemplo claro de como conxuntar e construír sinerxías que son positivas para todos. Non é un xogo de suma cero, senón un xogo produtivo para todos.

Ademais, non son os tempos —nunca o son especialmente— agora de levantar muros, e nós non cremos na autarquía sanitaria —creamos profesionais, traballan con nós e aquí pecha—, senón que cremos que o sistema é moito máis eficiente e moito máis natural englobado tal e como está. A pesar de que entendemos a reivindicación do BNG, non a compartimos. Por iso, a nosa emenda propón suprimir ese punto e, en todo caso, se non, pediremos a votación por puntos. E a pesar diso, de que o Partido Popular leva eu creo que ano e medio augurando que se van transferir os MIR. Incluso se dixo aquí, nesta tribuna, que esa é unha decisión —creo que se afirmou— xa tomada polo Goberno do Estado. Obviamente, como case todo o que di o Partido Popular do Goberno do Estado, é mentira. Pero, en todo caso, para lembrar que xa se dixo no seu momento e que, evidentemente, non é certo, porque non ten ningún sentido.



Dito isto sobre a iniciativa, creo que é unha boa oportunidade para reflexionar sobre a atención primaria e, en xeral, sobre o que a cidadanía está opinando sobre a atención primaria. Porque, non nos olvidemos, hai moi poucos días produciuse unha mobilización moi potente, moi ampla, en Galicia, que o Partido Popular intentou menosprezar. Porque a cidadanía que se mobiliza a favor das cuestións que apoia o Partido Popular, lexitimamente, parece que ao Partido Popular lle parece cidadanía intelixente, sensata, seria, construtiva, propositiva..., mentres que a cidadanía que se mobiliza para protestar contra aquelas medidas do Partido Popular —que ao Partido Popular non lle gusta que se mobilice— son bobalicións, van porque lles pagan os bocadillos, son paus mobilizados, son xente de partidos. ¡Incluso había tanta xente de partidos que había xente do Partido Popular tamén! Por tanto, imos intentar entender entre todos que a xente cando se mobiliza ten non só lexitimidade, senón o dereito e incluso diría a obriga moral de mobilizarse cando cre que é necesario.

Por tanto, creo que hai que responder a unha mobilización social como practicamente nunca lembramos en Galicia, que é a que se produciu hai apenas dez días sobre a situación da sanidade pública e na cal a cidadanía detectaba moi ben cales son os problemas. En xeral, os problemas da atención primaria —en xeral dos temas sanitarios, pero en concreto da atención primaria, que é o que hoxe nos trae aquí— están bastante debatidos e nós cremos que son bastante claros, e aquí todo o mundo os está entendendo salvo o Partido Popular, que os entende, pero non os quere atender. E teñen que ver, basicamente, con dúas cuestións: precariedade e desprestixio.

A atención primaria en Galicia está nunha situación de precariedade ampla, moi grave. Vivimos na última década nunha situación de recortes profundos. Quero lembrar que o Partido Popular implantou unha taxa de reposición do dez por cento, o que quere dicir que de cada dez profesionais sanitarios que na última década se xubilaban durante o Goberno Rajoy, houbo anos que só se podía repoñer un. ¡De cada dez, un! Hoxe, grazas ás novas medidas, pódense repoñer doce veces máis; é certo que co voto en contra do Partido Popular... O Partido Popular vota en contra de todo aquilo que permite contratar máis profesionais para o sistema sanitario. Tamén é certo que votou en contra das medidas de estabilización de profesionais, porque quere alimentar a precariedade. Pero esa é unha parte dos recortes.

Ademais, é o Partido Popular que defendeu non formar máis profesionais. Na última década Galicia renunciou —aínda ninguén puido explicar por que— a cento oitenta profesionais de Medicina Familiar e Comunitaria. Hoxe, que os membros do Partido Popular fan vídeos pedindo máis MIR, eu pregúntome por que non pedían máis MIR cando deixaron de convocar todas esas prazas. Porque ese é o MIR extraordinario; o gran MIR extraordinario en Galicia é o que o Partido Popular deixou de convocar. Cento oitenta prazas que hoxe non resolverían todo o problema, pero resolverían unha boa parte do problema, e que non están aquí por recortarlles uns míseros salarios, que son moi baixos —dos máis baixos de España— porque o Partido Popular decidiu que non se convocaban. ¿Por que o Partido Popular, sabendo que hoxe teríamos un problema de xubilacións masivas de profesionais, non formou todos eses profesionais? Iso é o que queremos saber.

E hoxe estase intentando resolver parte do problema. O Goberno do Estado habilita hoxe máis do dobre de prazas formativas que calquera ano do Goberno Rajoy, ¡máis do dobre! Iso



si, na última convocatoria, máis de cen prazas formativas —a maior parte delas MIR— non foron convocadas en Galicia. Máis de cen, vinte e nove delas de Enfermería Familiar e Comunitaria; as enfermeiras dos nosos centros de saúde, que contribúen moi moito ao noso labor e ao labor de todos os profesionais que fan un traballo incansable. Vinte e nove prazas que non van ser convocadas outra vez neste momento no que estamos nunha situación tan crítica. Eses son os grandes recortes.

Pero hai un problema de desprestixio tamén: a Atención Primaria perdeu prestixio no sistema sanitario galego, perdeu a capacidade de autoxestionarse e de ter orzamento propio. Isto eliminouse en 2012 coa reforma do Partido Popular, que eliminou esa Xerencia de Atención Primaria, quitou cargos directivos de Primaria, quitoulles orzamentos e dependen exclusivamente de como funcionen os hospitais. Ao final, todo se distribúe entre a atención hospitalaria, e a atención primaria queda coas migallas; ninguén se lembra deles.

Os profesionais foron minusvalorados; tiveron que pasar moito tempo no que tiñan que pedir permiso para facer probas, probas diagnósticas que son importantes para un labor que en realidade recolle gran parte das tarefas do noso sistema sanitario. Non son as máis agudas e complexas, pero si a gran parte en termos de volume. Máis do oitenta por cento das consultas médicas en Galicia están destinadas á cronicidade, e gran parte da cronicidade aténdese nos centros de saúde. Eses centros de saúde hoxe non teñen capacidade de autoxestión, non teñen capacidade de ter orzamento, os xefes de servizo non teñen nada que xestionar, porque como lles dixeron moitos deles están xestionando a miseria, e iso é un desprestixio do sistema.

¿En que se pode medir o desprestixio? Pois escoitámoslle habitualmente ao Partido Popular que non hai médicos. ¡Como se a sanidade fosen só médicos! Hai multitude de profesionais que contribúen e aos que tampouco contratan. Pero escoitamos que non hai médicos e a pregunta é: ¿por que? E se vostedes van a aquilo que poden medir as preferencias dos profesionais —por exemplo, as convocatorias MIR, cando os profesionais aproban o seu MIR e escollen as súas especialidades— poden ver que a última especialidade —e non foi así sempre— é, duns anos para aquí, a Atención Primaria.

Os profesionais non queren a Atención Primaria. ¿Por que? Pois non queren a Atención Primaria —e nalgúns lugares especialmente tampouco, como pasa aquí en Galicia, onde quedan prazas baleiras— porque ven a saturación, porque ven que ninguén os atende, porque ven que non son capaces de ter unha dirección organizada, que coordine, que lle dea un mínimo de sentido ao seu traballo, que lles dea recursos, que lles aporte traballo en equipo... E por iso non escollen Primaria; escollen outras formacións. As dúas que máis escollen son Dermatoloxía e Cirurxía Plástica.

Os profesionais de hoxe queren outra cousa, están noutro plano, buscan outras medidas. E vostedes seguen traballando coas medidas ou coas ideas do anos setenta ou oitenta e noventa de dicirlle á xente que ten que escarallarse o corpo alí durante anos para ver se o día de mañá poden ter unha praciña onde queren. E non vai así, a cousa non vai así. As xeracións cambiaron, o mundo cambiou, a xente ten outras maneiras de entender a vida, e non pode ser. Nós necesitamos entender a xente que hoxe accede ao sistema sanitario, que hai moita, pero non somos capaces de atraela porque as condicións son moi precarias.



Polo tanto, vivimos nisto; vivimos nunha atención primaria... Isto é o que lle dixo a xente o outro día na rúa e o que está dicindo en tantas e tantas concentracións, en tantos lugares de Galicia. Está dicindo que quere os seus profesionais, pero está dicindo esa mesma xente que quere que se lles pague ben. Está todo o mundo defendendo que teñamos mellores condicións para os sanitarios, porque a cidadanía entende perfectamente que os sanitarios necesitan mellores condicións, porque xa o demostraron moito tempo e porque, ademais, vimos dunha pandemia na que todo o mundo lles aplaudía e todo o mundo falaba moi ben deles. ¡Menos flores e máis capítulo I! Iso é o que lle pedimos a este Goberno galego. Porque non pode ser que esteamos todo o día dicindo que os sanitarios son moi bos, pero despois non lles paguemos o necesario. Non pode ser que digamos que son moi bos e non lles deamos os recursos necesarios; que os menosprezemos, que non aparezan por ningún lado, que os membros de Atención Primaria non estean convocados a nada, que non se lles permita opinar, que estean alí abandonados, que non saiban con quen falar e que non teñan nin sequer referencia de a quen queixarse cando teñen algunha queixa.

Iso é o que lle pasa á Atención Primaria, pagamos unha década de recortes; repoñíase pouco e renunciouse a formar. E hoxe, que temos a oportunidade de contratar máis e de formar máis, temos unhas condicións paupérrimas e, polo tanto, os profesionais queren outras especialidades. Estamos construíndo o desastre do día de mañá; o desastre de hoxe xa se construíu na última década, e xa é difícil repoñelo.

Nós vimos facendo propostas dende hai moito tempo, como fai todo o mundo aí fóra, e só había que escoitar: que teñamos máis profesionais, porque a sanidade non son só médicos; son as nosas enfermeiras, que vostedes este ano volven renunciar a formar; son fisioterapeutas, sete anos sen convocar prazas; son podólogos, que outras comunidades están convocando prazas de podólogos en Primaria e vostedes non; son profesionais en saúde mental, que vostedes destinaron un psicólogo por cada catrocentos mil habitantes; son administrativos, que vostedes rían cando lles fixemos esta proposta. Son moitos máis profesionais para unha atención primaria que hoxe está desbaratada, que sobrevive grazas aos seus profesionais e a pesar dos seus dirixentes, que pasan a vida buscando excusas en vez de buscar solucións.

A ver se é posible que escoiten dunha vez os milleiros e milleiros e milleiros de cidadáns que lles dixeron que basta xa de excusas e lles pediron que entendan dunha vez que hai que investir e confiar na atención primaria. Porque falar, fala calquera, pero para confiar está visto que este goberno non é capaz.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas.

Moitas grazas, presidente.



Señorías.

Vaia por diante, como primeira puntualización, que nós respectamos moitísimo toda a cidadanía, toda; a que se manifesta, a que se mobiliza e a que non. Respectámola toda. Respectámola tanto que o día que especialmente a respectamos é o día en que se manifestan todos eles, que é o día no que son chamados ás urnas. Ese día amosaron por quen se senten maioritariamente respectados e por quen se senten minoritariamente respectados. Esa é a cuestión que a vostedes lles proe. (*Aplausos.*)

Señorías, como vén sendo habitual nas vésperas de cada convocatoria electoral, asistimos a unha nova reedición da triloxía favorita en materia sanitaria da esquerda galega: confusión, bulo e insulto. Porque no *Matrix* da oposición Galicia é unha terra apocalíptica, cunha sanidade terceiromundista, propia dun escenario de guerra como o de Ucraína. Eu teño que empezar dicindo que iso é falso e que, a pesar dos problemas que ten a sanidade galega —que os ten, problemas que son compartidos co resto de España—, a saúde dos galegos está nas mans dun dos mellores sistemas sanitarios de Europa e do mundo. E estamos profundamente orgullosos diso, (*Aplausos.*) ¡profundamente orgullosos!

Se falamos no ámbito da confusión, da interesada confusión, hoxe o BNG proponnos un impulso de novidosísimas ideas que, por certo, nalgúns casos levan desenvolvéndose meses ou anos. Por certo, normalmente co voto en contra de socialistas e nacionalistas. Pídenos un informe para coñecer os profesionais necesarios para acadar as ratios recomendadas. Este informe, non sei se o descoñecen, estase a negociar neste momento na Mesa sectorial cos principais sindicatos. Non sei se están atravesando un momento de crise, se xa non se falan cos compañeiros dos sindicatos irmáns.

Tamén se está desenvolvendo un plan de retorno con ofertas atractivas e competitivas no ámbito económico e das condicións laborais. Pero, iso si, as ofertas de prazas en propiedade a través de concurso de méritos que permitiron cubrir cento seis prazas de Medicina Familiar, que agora se vai implementar con catrocentas novas prazas ou, por exemplo, o contrato de tres anos para os MIR que rematen a súa formación este mesmo ano. Iso non contou co voto favorable da oposición, porque é máis fácil pedir que dar.

Pídenos tamén incorporar novas categorías laborais. ¡Home!, neste ano —en que din que non incorporamos— hai cento trinta e catro novas prazas de Atención Primaria —o cincuenta por cento delas, por certo, en enfermería, vinte e sete prazas de Enfermería de Familia e Comunitaria—, persoal de xestión, Fisioterapia, Traballo Social... Pero nos últimos anos: cincuenta e tres fisioterapeutas, vinte e oito farmacéuticos de Atención Primaria, noventa e tres nutricionistas, catorce traballadores sociais... Podólogos, por certo, xa non é que os incorporemos; estamos xa mandándoos ao propio rural a través do programa Porta a porta. E podería falar tamén do Plan de saúde mental, con eses trinta e oito psiquiatras xa incorporados, trinta e catro psicólogos, trinta enfermeiras con especialidade en Saúde Mental, doce traballadores sociais, etc. Pero parece que nada lles basta.

Un bo número das propostas que debatemos hoxe tamén están encamiñadas a tentar consolidar unha serie de bulos que a oposición galega repite a modo de mantra —¿verdade?—



a sabendas da súa absoluta falsidade. Pero a realidade e a matemática son aínda máis tercas e máis tozudas que a oposición galega, e ambas acreditan dúas cousas: a primeira, que a sanidade galega dispón neste momento do orzamento máis alto da súa historia; e, a segunda, que a sanidade galega dispón do cadro de persoal máis amplo da súa historia. E isto son cuestións pouco controvertibles.

Pídenos vostedes destinar o vinte e cinco por cento do orzamento á Atención Primaria. Efectivamente —como dixo o señor Puy en Lalín—, destinamos o 28,96. E di a señora: non, sen farmacia. Home, sen farmacia estamos no 14,92 por cento, por riba da media nacional. Pero tamén é certo que vostedes teñen que aclarar unha contradición *in terminis* que están manexando. Porque, claro, se o que non conta é a farmacia, ¿por que non din que o que vostedes chaman recortes foi unha redución do gasto farmacéutico? E se non terán que explicar que intereses defenden vostedes das farmacéuticas para estar tan enfadados porque reducísemos o gasto farmacéutico en atención primaria e hospitalaria. (*Aplausos.*) ¿Que é o que lles molesta disto? (*Aplausos.*) ¿Para quen traballan vostedes? (*Aplausos.*)

Levan anos pedíndonos os douscentos millóns de orzamento en Primaria. Estes días atopei un incunable; téño aquí. (*O señor Pazos Couñago amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) Do 26 de decembro de 2018; é o primeiro recorte que encontrei da primeira vez que falou a señora Pontón do dos douscentos millóns, ¡26 de decembro de 2018!. ¿Vostedes saben que desde esa data o orzamento de Primaria incrementouse en trescentos trece millóns? Pero vostedes seguen cos douscentos millóns de Pontón. Pois, fronte aos douscentos de Pontón, os trescentos trece do PPdG. E aí estamos. Vostedes sigan pedindo o mesmo, pero a realidade é que está amplisimamente superada a súa petición de 2018.

E todo isto, evidentemente, para vender uns recortes, uns supostos recortes, no orzamento do persoal sanitario, que son máis faltosos que a moderación do BNG. (*O señor Pazos Couñago amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) Pero o orzamento da Xunta para sanidade pública en 2023 foi un trinta e seis por cento máis que no Bipartito; e, por suposto, no que fai caso aos profesionais, sete mil profesionais máis. (*O señor Pazos Couñago amósalles outro gráfico aos membros da Cámara.*) Pero se ata lle trouxeron aquí un informe dos propios funcionarios da Xunta acreditándoo e vostedes seguen ignorándoo. Miren, señorías: uns poñemos máis orzamento e máis profesionais, e outros o que poñen son autobuses para unha manifestación, por certo, moitos deles pagados cos cartos de todos os cidadáns. ¡Con iso si que a algún lle debería caer a cara de vergoña!

Pídenos tamén pediatras para cada centro de saúde, como se algunha vez iso pasase. ¿Ou é que no Bipartito tiñan vostedes pediatra en cada centro de saúde? Non, non os tiñan. A realidade é que, a pesar do descenso no número de nenos que hai en Galicia, que iso é algo que nos debería preocupar a todos, o número de pediatras aumentou. Polo tanto, a ratio é moi superior á que tiñan vostedes no seu momento.

E, como colofón, existen que renunciemos a unha medida que xamais plantexou ninguén. Porque ninguén na Xunta falou nin de pechar puntos de atención continuada nin de que os atendesen só enfermeiras. Pero como non lles chegou con inventar a trola, agora tamén están dispostos a inventar unha suposta rectificación. En fin, son estas cousas propias do BNG que non entende absolutamente ninguén.



Pero confésolles que, resultando grave a súa contumacia na manipulación e no bulo, o que resulta realmente ofensivo é a súa permanente obsesión polo insulto e pola falla de respecto. Fallan ao respecto á intelixencia dos cidadáns, fallan ao respecto, por suposto, aos profesionais do equipo directivo da consellería do Sergas e fallan ao respecto a esa maioría de galegos que, elección tras elección, confían no Partido Popular de Galicia.

Tamén fallan ao respecto cando din que os problemas de formación do MIR se solucionan con máis independentismo ou máis república galega. O que se precisa é modificar determinados criterios técnicos para aumentar as prazas de formación e que se cree ese MIR extraordinario. Porque os problemas do MIR en Galicia son os problemas do MIR en España e, polo tanto, teñen que resolverse para o conxunto do territorio español.

Por certo, tamén fallan ao respecto cando —e isto parécese grave— se asocia un aumento puntual da mortalidade á política sanitaria do Partido Popular de Galicia. Isto é directamente unha canallada; teño que dicilo así, ¡unha canallada! Porque vostede sabe que noutras comunidades que non goberna o Partido Popular ese aumento é superior. E iso, evidentemente, non está vinculado coa política sanitaria de absolutamente ningún partido.

Pero chámame a atención que se poida frivolar tanto. Os mesmos que en plena pandemia non dicían absolutamente nada cando algún alto responsable do Goberno facía chisteciños dicindo que o exceso de mortalidade non sabía se se debía ao aumento de infartos ou a un accidente de tráfico xigante. Se naquel momento aseguraban que non se podía determinar o motivo do aumento, agora non dudan en utilizar un dato puntual dun trimestre para unha acusación gravísima e absolutamente infundada. A min caeríame a cara de vergoña, dígollelo así.

E fallan ao respecto tamén cando se acusa de privatizar a sanidade ao meu partido, que, por certo, reduciu os concertos sanitarios que vostedes deixaron. Porque durante o goberno do Bipartito —ese do que ultimamente se amosan tan orgullosos— os concertos sanitarios coa privada en Galicia aumentaron un cincuenta por cento. ¿Sabe quen os reduciu? Este partido, que pasou do 6,1 por cento de privatización que tiñan vostedes ao 4,6 por cento de servizos externalizados que existe agora. E vostedes veñen aquí presumir de defender a sanidade pública. Non, non, vostedes eran un perigo para a privatización desa sanidade.

E, por último, fallan ao respecto a esas persoas ás que vostede denominou «panda de psicópatas». Un grupo de profesionais do Sergas dunha traxectoria profesional impecable, que dedicou toda a súa vida a salvar a vida dos demais, e sempre na sanidade galega pública. Xente que estudou unha carreira, que se formou, que sacou o seu MIR, que traballou no ámbito da sanidade pública galega e cuxo único pecado é que agora decidiron dar un paso á fronte e intentar xestionar o mellor posible esa sanidade. Iso si, o pecado mortal é que o fixeron baixo as siglas do Partido Popular de Galicia.

Voulle dicir unha cousa a vostede e á señora Pontón: o silencio da señora Pontón respecto a este insulto é o perfecto epitafio da moderación do BNG. ¡Rectifiquen e rectifiquen xa! Descúlpense cun grupo de profesionais impecables que debería ser respectado por todos e cada un dos membros desta Cámara, e vostedes non o fixeron. (Aplausos.) ¡É lamentable! É lamentable que os deputados do Partido Popular teñamos que asistir en cada sesión de



control a un exercicio de vitimización da señora Pontón aludindo a uns insultos que non escoitou absolutamente ninguén mentres permanece absolutamente silente namentres unha deputada súa denomina «panda de psicópatas» un grupo de servidores públicos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Señorías, hai un partido que acadou que Galicia xestionase a súa propia sanidade, un partido que puxo a sanidade galega entre as mellores de Europa, un partido que é o que mellor garante o futuro desa sanidade. Eu son un orgulloso membro dese partido, que foi, é e vai ser o partido favorito dos galegos para defender a sanidade pública. Namentres, vostedes sigan coa súa triloxía da confusión, do bulo e do insulto, que iso se lles dá divinamente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Para falar de electoralismo está vostede, señor Pazos. Vostede vén vostede aquí acusar miles e miles de galegos de galegas que saen á rúa por puro electoralismo. Pois non sei o que acaba de facer vostede aquí usando esta tribuna para esta soflama... Na miña terra din aquilo de «dille a sartén ao pote: sácate para alá que me lixo», e vostede aplícao entusiasticamente. Pero, bueno, en fin.

Non sei por onde empezar, se lle son sincera. Fixo vostede aquí toda unha serie de aseveracións das cales só vou facer referencia a algunhas, porque non teño tempo.

«A sanidade galega ten o orzamento máis alto da historia do mundo mundial». Por certo, señor Puy, supoño que xa lle dixeron que debería revisar un pouco as notas. Aínda que vexo que non, que vostedes diante da barbaridade que é dicir que destinan o vinte e nove por cento á atención primaria resulta que máis, que suben a aposta. Eu diríalles que teñan un pouco de prudencia, que miren os datos que facilita a propia Xunta, que miren os datos que publica o Ministerio, que miren os datos de calquera organismo, nos cales sempre quitan o gasto farmacéutico.

Por certo, o BNG non ten ningún problema en reducir o gasto farmacéutico. Porque, aínda que eu non estaba aquí e vostede non o sei —paréceme que tampouco—, o BNG votou a favor desa cuestión, sen ningún problema. Dígoo porque parece que lle fastidia, porque vén aquí continuamente como se lle fastidiase. ¡Non! O BNG votou a favor, porque era unha boa medida, e non temos ningún problema cando son boas medidas. Igual que non temos ningún problema en pedirles que poñan en marcha medidas cando non as fan. *(Aplausos.)* ¡Non temos absolutamente ningún problema!, ¡ningún! *(Aplausos.)*

Entón, teñen o orzamento máis alto da historia, e eu teño que dicirlle aquí á miña nai —se me está vendo na tele—: mamá, teño unha nómina máis alta que no ano 2009. ¡Como case



todos! E xa está. E quedámonos tan contentos. Ou sexa, bueno, ¡ganamos máis que no ano 2009! Bueno, pois nada, contentos e felices. ¡Xa está! Esta é a rareza. A rareza é ter máis orzamento que o ano anterior... (*Murmurios.*) A rareza é ter unha nómina máis alta que o ano anterior. Iso é do que presume o Partido Popular. ¡Pois alá o Partido Popular coas súas cuestións! Porque iso é así.

O BNG leva pedindo dende o ano 2018 un plan de choque, si, de douscentos millóns de euros. ¿Por que pedimos un plan de choque de douscentos millóns de euros —anuais, xa llelo aclarei—? Porque vostedes desde o ano 2009 foron reducindo unha media de douscentos millóns de euros; deixaron de investir douscentos millóns de euros cada ano desde o ano 2009. ¡E se o puxesen en práctica desde o ano 2018 terían que ter aumentado en mil millóns de euros! Porque douscentos millóns por cinco anos serían mil millóns de euros máis que teríamos en Atención Primaria. Iso é o que leva pedindo o Bloque Nacionalista Galego. E a vostedes non lles cabe na cabeza que, con dous mil trescentos millóns de euros menos que vostedes investiron en Atención Primaria. ¡Así está a Atención Primaria!

E pedimos máis profesionais, si. Vén aquí sistematicamente o Partido Popular —seguindo o seu conselleiro— falar dun informe que lle deixou aquí á Presidencia. Pero é que o que non din é que vostedes confunden máis profesionais con máis contratos. O que deixou aquí o conselleiro o que di é que hai persoas traballando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, o informe pon «persoas traballando». Se resulta que unha persoa ten cen contratos non son cen persoas máis traballando, ¡son cen contratos máis! (*Aplausos.*) E ese informe fala de persoas traballando. ¡Revíseno! (*Murmurios.*) O informe pon «persoas traballando». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO CORES: Efectivamente, traballando, non significa que sexan máis, senón que son contratos, son simplemente contratos.

E iso de que vostedes nunca falaron de puntos de atención continuada só con enfermería... Deberían mirar as circulares que lles mandan desde as xerencias de Atención Primaria aos centros de saúde cando non hai médicos nos PAC, dicindo que só van ser atendidos por enfermería. Se hai algunha urxencia teñen que chamar por teléfono a un médico que estea noutro PAC ou, se é unha urxencia vital, xa aparecerá algunha ambulancia. Esas circulares están aí, branco sobre negro. Supoño que un pouco de lectura —comprensiva, a poder ser— non lle sobraría, señor deputado do Partido Popular.

En todo caso, nesta iniciativa do BNG o Partido Popular vai votar non a facilitar a información, como é habitual no Partido Popular. ¿A que lle teñen medo de que teñamos os datos? ¿Por que teñen tanto medo a que teñamos datos que poidamos contrastar? ¿Por que non queren a información? Será unha boa pregunta. Van votar non á información, van votar non a facilitar condicións laborais dignas, van votar non a que haxa máis persoal nas áreas administrativas, van votar non a aumentar a dotación de ambulancias, van votar non a que haxa novas categorías. Porque teño que dicirlles que non soamente están deixando xente sen atender, senón que hai unha nova resposta á enfermidade, hai un novo xeito de



enfermar. Non estamos no século XIX, estamos no século XXI, igual que noutras moitas cousas. Non estamos con pluma, temos informática. Pois tamén hai outras novas categorías, outras formas de atender a enfermidade. ¡E vostedes néganse a introducir eses profesionais tan fundamentais! Hai Psicoloxía Clínica, Podoloxía, terapeutas ocupacionais, logopedistas, optometristas... ¿Por que non se introducen? Porque o Partido Popular está máis cómodo nesta atención primaria na que non resolven os problemas da poboación. Porque —insisto— se a atención primaria funciona, a xente non ten que ir á privada, non ten que quitar cartos do seu bolsillo para pagar as consultas privadas. E se funciona ben a primaria non engordan a sanidade pública nin lle poñen a alfombra vermella como levan facendo estes catorce anos.

E votan «non» a garantir a calidade da formación. E eu aquí agradezo o voto positivo do Partido Socialista. Non temos ningún problema en facilitarlle a votación por puntos, pero é evidente que no BNG cremos nas posibilidades do noso país; cremos en que somos tan capaces como calquera de tomar as nosas propias decisións. E supoño que por ter autarquía universitaria ninguén lles impide aos nosos universitarios ir a algunha outra universidade nin traballar fóra despois de ter a titulación. Polo tanto, non sei cal é o problema de que nós decidamos aquí que MIR necesitamos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que especialización necesitamos, en función das nosas necesidades, polo que non necesitamos que veñan desde Madrid dicirnos o que temos que facer. Nós considerámonos maiores de idade, maiores de idade. Porén, o Partido Popular e o Partido Socialista queren estar tutelados, queren que sexan outros os que decidan por nós. No BNG non. No BNG cremos que somos moi capaces de decidir por nós mesmos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E por iso pedimos tomar as nosas decisións. E por iso pedimos aquí tamén mellorar a calidade da formación mediante o Estatuto dos titores... Todas estas cousiñas que dependen da Xunta de Galiza e que non quere poñer en marcha. ¿Por que non as quere poñer en marcha? Porque lle é máis cómodo ter...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRADO CORES: ...a quen botarlle a atención. Polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...lamentamos profundamente que o Partido Popular estea instalado en responsabilizar a outros, en mentir sistematicamente e que non estea instalado en poñer solucións.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Si, señor Puy, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Obviamente quero a palabra polo artigo 76, polas alusións que reiteradamente a señora Prado acaba de facer á miña persoa...

O señor PRESIDENTE: Ten un turno, si.

O señor PUY FRAGA: Si, ben, señora Prado.

¿Onde contamos a Farmacia? Porque vostedes cando falan dos recortes non mencionan nunca que o que baixa é o gasto farmacéutico. Pero bueno, vamos ao que imos.

Eu busquei a definición que fai a OMS de «atención primaria» e a define como «a atención primaria de saúde é a que garante ás persoas unha atención integral de calidade, desde a promoción e a prevención ata o tratamento, a rehabilitación e os coidados paliativos, o máis cerca posible dos seus lugares». Isto é o que é a atención primaria.

Entón, os medicamentos que se dan en atención primaria computan como gasto en Atención Primaria. A proba é que vostedes nunca descuentan os máis de cincocentos millóns de Farmacia Hospitalaria cando fan unha comparación entre o gasto en primaria e o gasto en atención hospitalaria, na cal tamén hai un gasto farmacéutico importante. (*Murmurios.*) Entón, o que non vale é contar a Farmacia nuns sitios e noutros non, porque senón o que lle pode pasar é que a porcentaxe lle dea máis de cen. E iso, evidentemente, é matemaxia, non é matemática. (*Continúan os murmurios.*) E, polo tanto, eu recomendaríalle que tivese en conta esas cuestións.

Finalmente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...nós fixemos, efectivamente, unha visita ao novo CIS de Lalín, que está en obras. É un exemplo do novo modelo de atención primaria da Xunta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu recoméndolles vivamente, sobre todo a aqueles que falan de privatización e de falta de investimento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...na sanidade, que vaian velo. Seguro que a Comisión 5ª é moi benvida para coñecer as vantaxes que ten o investimento en Atención Primaria que está a facer a Xunta, neste caso, na comarca do Deza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Procedemos agora ao debate acumulado das mocións 3.2 e 3.3.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre as axudas á agricultura ecolóxica

O señor PRESIDENTE: Ambas as dúas teñen unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Armada Pérez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a estas mocións.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que tendo en conta o extraordinario crecemento, na nosa comunidade, da superficie en ecolóxico, incremente as partidas destinadas aos produtores en ecolóxico para o próximo período da PAC 2023-2027, de acordo cos criterios consensuados coas organizacións agrarias.

Así mesmo, que se amplíe tamén a partida destinada á extensificación das explotacións gandeiras, dentro das axudas agroambientais, como pulo ao pastoreo dos nosos concellos.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Rivas Cruz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre as axudas á agricultura ecolóxica.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que, diante da arbitraria e discriminatoria baremación xunto coa insuficiente dotación orzamentaria para dar cobertura ao incremento de solicitudes que se produciron ao abeiro da Orde de axudas á produción en ecolóxico, e vista a falta de previsión de parte da Consellería do Medio Rural para remediar as consecuencias que este conxunto de erros e despropósitos tivo e ten na produción en ecolóxico, publique unha nova orde de axudas complementaria á que nos ocupa para compensar o dano feito, coa dotación necesaria, de xeito que non exclúa ningunha solicitude que cumpra cos requisitos legais fóra da arbitraria baremación esixida. Así mesmo, a que aposte pola converxencia coas recomendacións establecidas no marco da nova PAC de conseguir ao final do período 2023-2027 o 25% da superficie agraria útil de Galiza en ecolóxico.>>)



O señor PRESIDENTE: Para formular as mocións ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Martín Seco, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Despois da moción de Pedro Puy —¡perdón!, non era a moción de Pedro Puy—... presentamos unha moción ante a incapacidade e ante a falla de compromiso da Xunta de Galicia e da Consellería do Medio Rural para emendar un erro grave na falla de orzamento nas axudas do segundo piar da PAC para os produtores do sector ecolóxico no ano 2022. É unha decisión que dende o Grupo Socialista considerabamos que fora un erro de planificación e de xestión, pero, despois de ver a actitude, os comentarios dos propios dirixentes da consellería e a falla de compromiso do Goberno galego para emendalo, consideramos que foi unha decisión meditada que fala da falla de interese do Goberno galego de Alfonso Rueda pola produción agraria en ecolóxico de Galicia. É unha decisión que necesita deste Parlamento e da maioría do Partido Popular que sustenta o Goberno para mandarlles unha mensaxe clara de apoio a aqueles que están a facer un esforzo impagable por manter viva esa Galicia rural que sofre o despoboamento e o avellentamento da súa poboación, cunha discriminación positiva das administracións para facer efectiva a mensaxe de que o seu Goberno está comprometido co noso rural e co seu futuro.

Hoxe, deputados e deputadas do Partido Popular poden tomar a decisión de exixirle ao Goberno galego que busque solucións para eses máis de trescentos produtores de agricultura ecolóxica que quedaron sen axudas no ano 2022, apoiando a nosa moción e a do BNG, ou poden seguir metidos nesa burbulla de poder na que viven, poñéndose de costas ao noso rural e avalando unhas decisións erradas e unha nefasta planificación e coordinación das axudas que chegan de Europa para o noso campo.

Os socialistas temos claro, despois de escoitar o señor González Vázquez e o seu director xeral Balseiros Guinarte, que non existe no Goberno galego a mínima intención de buscar os mecanismos oportunos para indemnizar e corrixir a falla de fondos nesta liña de axudas do ano 2022. E agora está no seu tellado, señores do Partido Popular. Vostedes deciden se queren darlle a volta á situación e, coa súa maioría, demostrar se é certa esa mensaxe que tanto repiten de «Galicia, Galicia, Galicia» ou é un mero slogan propagandístico que leva o vento á hora de tomar as decisións.

Mentres o tempo pasa, moitos produtores agrarios, xustamente aqueles que teñen un maior compromiso co coidado do noso territorio e coa calidade dos nosos alimentos, ven como o Goberno galego lles manda unha mensaxe de non apostar pola produción ecolóxica e pensan en abandonar a súa actividade ou pasar á agricultura e á gandería convencional. Son produtores que non entenden a decisión do Goberno galego de non corrixir a falla de orzamento para as axudas de conversión e de mantemento da súa actividade en ecolóxico na convocatoria para o ano 2020, e non saben no día de hoxe, pese ao que di o Partido Popular na súa moción, como quedarán no novo período da PAC 2023-2027, pese a eses anuncios que fai a consellería.



Na interpelación do pleno pasado, cando rematabamos o debate, saín e achegueime a saudar os integrantes da Plataforma de produtores en ecolóxico, que estaban presentes no palco de invitados. E, curiosamente, atopeime coa presenza dun vello amigo da miña xuventude na comarca da Terra Chá, que hai, ademais, moitos anos que non tiña o gusto de ver. David é un deses casos estraños na Comunidade Autónoma de Galicia que optou por abandonar a maior urbe de Galicia para asentarse no territorio rural e apostar, xunto co seu irmán, por unha granxa de gando vacún de carne na parroquia de Baroncelle, en Abadín. Coñezo de primeira man o seu esforzo e as dificultades que tivo para poñer en marcha a súa granxa, pero a súa determinación e compromiso fixo que, no día de hoxe, teña unha magnífica explotación en extensivo, facendo unha boa xestión do territorio, e que estas terras non estean, no día de hoxe, abandonadas e sen actividade, como moitas outras que hai na miña comarca, onde os xoves toman o camiño contrario a David e marchan para traballar e iniciar o seu proxecto de vida ás cidades.

David explicábame que a súa explotación quedaba fóra das axudas e que non era unha desas explotacións que mencionaba o conselleiro na súa intervención, na que dicía que perdían mil euros de axudas da PAC. A súa explotación deixaba de ingresar o que lle prometera a Administración autonómica, pese ao enorme esforzo económico para pagar aos técnicos necesarios para a súa conversión en ecolóxico e para pagar as certificacións oportunas. É unha granxa que perde máis de nove mil euros en axudas agroambientais que deixará de solicitar pola incompatibilidade que existe coas axudas en ecolóxico que vostedes agora lle negan. El dicíame que a súa granxa ten que seguir producindo en ecolóxico pese a carecer das axudas, o que aumenta considerablemente os seus gastos, perdendo con esta decisión un ano de conversión, que é cando máis podería percibir de prima, e tendo en conta que os dous primeiros anos son os máis delicados para a súa supervivencia. E finalizaba contándome que antes de recibir a denegación das axudas tiña pensado crear un posto de traballo na súa explotación, pero que, no día de hoxe, non o tiña nada claro.

David é un caso real —estaba aquí—. Podería falarlles de moitos máis, pero vostedes, no Partido Popular, xa os coñecen. David, como outros, estaba sentado aí arriba o pleno pasado. Non ten vinculación absoluta con ningún tipo de partido político nin desexa que isto sexa un motivo de rifirrafe partidista —así mo comunicou—. Só é un caso máis dun xove que apostou polo rural, que lle dá vida ás terras dos seus devanceiros, que impide que o lume chegue ás súas propiedades e que produce carne baixo o criterio de sostibilidade ambiental de primeira calidade.

¿Que mensaxe lles está mandando o Goberno galego aos xoves que apostan por asentarse no rural, señorías do Partido Popular? ¿Que mensaxe lles dá a aqueles que apostan por adaptarse a criterios que establece a Unión Europea de producir alimentos con respecto ao noso medio ambiente e cunha calidade que logo venden vostedes nos anuncios televisivos millonarios nas televisións de toda España? Deberían reflexionar sobre estas cuestións e facer valer o poder que lles dá a súa representación nesta Cámara para exixirlle ao Goberno de Alfonso Rueda que indemnice os produtores como David, para que a loita contra o abandono do medio rural sexa máis que unhas verbas que ao final leva o vento.



As axudas do segundo pilar da PAC para o sector ecolóxico non son unha limosna da Xunta de Galicia, señorías do Partido Popular. Son, nun setenta e cinco por cento, axudas europeas para complementar as rendas duns produtores que realizan o esforzo técnico e económico para coidar o noso medio ambiente e aportar uns alimentos saudables. Foi o propio Goberno galego o que se dedicou a promocionar este sector e a alentar os produtores galegos para que se pasaran a el. Deben corrixir o seu erro de planificación e xestión dos ditos fondos que deixaron tirado nada máis e nada menos que o cincuenta e cinco por cento das explotacións de agricultura ecolóxica en Galicia, que son maioritariamente pequenas e medianas explotacións que fan un labor esencial para dotar de actividade unha Galicia que necesita loitar —como dicía antes— contra uns datos demográficos preocupantes. E dentro destas explotacións, son as granxas que fixeron a conversión a ecolóxico no ano 2022 as máis afectadas, xa que quedaron fóra das axudas nada máis e nada menos que o oitenta e seis por cento das solicitudes para a conversión en agricultura ecolóxica e o oitenta e tres por cento para a conversión a gandería ecolóxica.

¿Como imos poder conseguir cumprir o establecido pola Unión Europea no Pacto verde para que o vinte e cinco por cento da superficie agraria útil de Galicia estea dedicada a este tipo de produción no ano 2030, se temos un ínfimo cinco por cento no día de hoxe e se vostedes, no Goberno galego, toman esas decisións? Contéstenme, señores do Partido Popular.

Teñen a opción de exixirlle á Consellería do Medio Rural que admita un erro de cálculo na partida orzamentaria da medida 11 do PDR, de axudas ao mantemento e conversión en agricultura ecolóxica no ano 2022, que necesitaría algo máis de dous millóns e medio de euros para chegar a todos os produtores que cumpren os requisitos. Teñen a opción de comunicarlle o erro á Comisión Europea e solicitarlle permiso á dita comisión para publicar unha liña de axudas extraordinaria, con fondos propios da Xunta de Galicia, que indemnice os produtores e produtoras que, cumprindo os criterios establecidos nesta medida, quedaron sen axudas pola insuficiencia de fondos tal e como pide a nosa moción. Estamos a falar de dous millóns e medio de euros nunha consellería, señorías do Partido Popular, que ten á súa disposición máis de setecentos millóns de euros de orzamento anual e que deixa unha porcentaxe moi elevada do seu orzamento sen executar e partidas que se transfiren a outros departamentos. Poden pedirlle á consellería que acorde, no Comité de seguimento do Plan estratéxico da PAC para o período 2023-2027, un incremento das partidas necesarias para este período e que o dito incremento —por certo, que non sabemos de onde se vai quitar— non sexa detraído de partidas do PDR que están destinadas a produtores agrarios de todo tipo. E poden pedir que, sen demora —creo que isto é esencial—, na consellería asuman responsabilidades políticas polo sucedido, cando na Consellería do Medio Rural eran coñecedores do incremento do doce por cento da superficie en ecolóxico e do incremento en duascenas cincuenta novas explotacións dende a primavera do ano 2022. Pero, a pesar de ter esa información, orzaron unha contía que deixa nada máis e nada menos que o 43 por cento das hectáreas solicitantes sen axudas.

Cada día que pasa, señores do Partido Popular, é maior o insulto para os produtores se non cesan o actual director xeral de gandería, máximo responsable do Fogga, pola mala planificación e xestión dos fondos do PDR para o ano 2022, nomeando alguén con capacidade para unha mellor planificación e coordinación duns fondos esenciais para o noso rural e a



nosa actividade agraria, na apertura dun novo ciclo da PAC. Polo tanto, espero do Partido Popular un voto a favor para que faga virar o seu Goberno e entenda que o noso rural e a produción ecolóxica son esenciais para Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Non é o Entroido tempo propicio para o debate serio sobre cousas serias. Neste tempo en que todo se volve do revés nada é o que parece e todo é lícito e cuestionable, e falar de algo tan serio coma a agricultura ecolóxica non cadra, non dita, como se di nas terras do medio. E se o acordo non me falla, esta é a cuarta vez, en apenas dous meses, que lle damos voltas ao sarillo das axudas á agrogandería en ecolóxico de 2022. Non imos desde o BNG reiterar o argumentario xa esgrimido e coñecido por todos e todas, mais si que se fai necesario recuperarmos datos e opinións vertidas polo conselleiro do Medio Rural na interpelación do pleno pasado, posto que as mocións que debatemos hoxe nacen desas interpelacións.

Vexamos. Entre 2015 e 2021 víñase dando un incremento medio de dúas mil catrocentas vinte e cinco hectáreas por ano. Nos dous últimos anos deste período, no 2020, decrece a superficie, é dicir, hai un crecemento negativo de dúas mil seiscentas oitenta e dúas hectáreas, e no 2021 volve crecer, desta vez, unhas escasas cento cincuenta e tres —aclaración necesaria—. Parécelles estraño que os seus aumentos medios anuais fosen tan baixos e que mesmo decrecesen. Señorías, este dato ten que ser completado con este outro: neste período, entre 2015 e 2021, non había axudas e calquera sabe que non se dá feito unha conversión nin un mantemento inicial sen axudas. Estas non son un agasallo dos Reis Magos, son unha necesidade. Outro dos datos que daba o conselleiro é que o 14 de abril do ano 2021 modificaron o PDR porque prevían un aumento de solicitudes —aclaración—, porque fixeron público que tiñan previsto sacar axudas —repito—, imprescindibles para a conversión. Outro dato: que o 28 de outubro do ano 2022 tiveron outra reunión do Comité de seguimento e ningún sindicato agrario nin entidade de seguimento fixeron alegación ningunha a respecto de que non chegaban os cartos. Pois claro, se vostedes —que son a consellería— din que non tiñan os datos, ¿como queren que os sindicatos e demais entidades agrarias os soubesen? Aclárense: ¿tiñan na consellería os datos?, ¿si ou non? Pois parece que si, ¡pero non! Si que os teñen porque na consellería, no Fogga, recibiron as cifras desde o Craega, pero... non había cobertura nin tan sequera banda estreita, e non houbo comunicación á dirección xeral competente, ¡que todo se sabe! Outro dato: que no 2022 se deu un incremento espectacular de 13.301 hectáreas, incremento que o señor conselleiro cualifica de «satisfactorio». Se é tan satisfactorio, non perdan esta oportunidade: busquen os cartos e paguen o que lle deben ao sector, que son 2,6 millóns de euros.



Outro dato: que a consellería vai sacar unha nova convocatoria para 2023 que vai incrementar a súa contía e incluso máis do que se tiña previsto. Palabras textuais: «Temos colchón con esta convocatoria para que se faga que todas as solicitudes poidan entrar, principalmente as que puideron quedar fóra, tanto de conversión como de mantemento, e cun compromiso de cinco anos». ¡Vaites!, ¡vaites! Isto é esperpéntico, propio do Entroido, puro Entroido, porque con estas anunciadas medidas hai un recoñecemento expreso da metedura de pata, pero... —que non, que non agardan a 2023— comprometan o que lles deben formalmente, que xa non lles cre ninguén nada, señores do Partido Popular.

Outro dato: tamén van velar contundentemente por que comecen a comercializar en ecolóxico. Textualmente: «Porque nolo está dicindo a Unión Europea: que temos que promover, entre os consumidores finais, que detecten e que identifiquen os produtos ecolóxicos».

Miren, señorías do PP, a maior parte do ecolóxico que se comercializa vía distribución, é dicir, hipermercados e áreas, vén de fóra. Moito del de Etiopía —¡ollo ao dato!—, ¡Etiopía!, por exemplo. Por iso faise tan necesario potenciar o ecolóxico de Galicia para nos poñer ao día.

Outro dato: piden que o Craega lles certifique o número de hectáreas que temos a 1 de xaneiro deste ano, e que xa son corenta e nove mil, e repite de novo que se trata dunha boa noticia. E continúa debandando unha maraña de cifras de millóns para a xestión sostible de pastos, a extensificación de explotacións gandeiras, o lobo... ¡Eu que sei! Fálase de millóns de xeito tan natural que semella todo feito. E dinos o señor conselleiro que o obxectivo é que ninguén quede sen axuda, e por iso fan un importantísimo esforzo por dar unha resposta firme, satisfactoria e sobre todo pensada. E remata dicindo que nestas medidas está implícita a solución para o pasado ano 2022, e que todo isto está pensado para consolidar a actividade ecolóxica na nosa comunidade. Unha vez máis, recoñece que meteron a pata. Sería máis grave se recoñecese que o fixeron a propósito.

Cando lles falaba de Entroido..., é que é Entroido continuado nesta consellería desde hai uns cantos meses, sobre todo, acentuado desde hai uns cantos meses.

Nós vimos razoar aquí como se non fose Entroido, porque o do rural é serio e o do ecolóxico máis serio aínda. Falamos de futuro. A agrogandería en ecolóxico é futuro neste país, Galicia. Un país, Galicia, desmantelado no rural, con graves problemas de xestión do territorio debido a unha biomasa incontrolable, froito do abandono de poboación e de actividade agrogandeira, que ano si e ano tamén alimenta lumes devastadores que ameazan vidas, facendas e ecosistemas. É futuro tamén polo respecto ao equilibrio medioambiental e pola saudabilidade dos seus produtos. É futuro tamén porque preserva augas e solos, dando sostibilidade futura ao territorio. É futuro tamén porque polas características de pequenas e medianas explotacións fixa poboación no rural, na súa maioría mozos e mozas, dando dinamismo demográfico. É futuro tamén porque, na necesaria soberanía alimentaria, o ecolóxico e os saudables son futuro.

Vostedes, que son pro Comunidade Económica Europea, señores do PP e do PSOE, acreditan no que lles din e marcan desde Bruxelas. E miren, señorías do Grupo Popular, se vostedes



Ile queren dar seriedade a este asunto terán que normalizar o *affaire* do 2022: a oportunidade de dar comezo ao cumprimento desta recomendación da Unión Europea de chegar en 2030 ao 25 por cento da superficie en ecolóxico. Do 5,15 por cento ata o 25 por cento son moitas hectáreas de Noso Señor e supón un esforzo considerable, esforzo que terá que ir acompañado por todo iso que rodea e que lle debe dar pouso e fortaleza ao ecolóxico, quilómetro cero, imprescindible para que o ecolóxico sexa tal ecolóxico. Hai que solventar o problema dos matadoiros certificados, escasos e lonxanos, que contradín, en viaxes con gasto de combustibles fósiles, a esencia mesma do ecolóxico e que grava prezos e diminúe beneficios. Hai que solucionar o problema do pasto arbustivo e de baixo arboredo, que son cuestións sen solucionar que non falan ben da cordura europea nin da habilidade dos representantes galegos para amosar as singularidades da actividade gandeira de Galicia. Prestixio da actividade agraria do ecolóxico en particular, imprescindible para a consolidación dos mercados e para unha sucesión ou remuda e continuidade.

Señorías, é necesario crer nas potencialidades das xentes e do territorio, crer no pequeno e no mediano, no que non vende á distribución e prefire defender o seu produto directamente, porque ama o que fai, está orgulloso do que vende e avala cada chicharo, cada mazá, cada queixo, cada cebola, cada iogur, cada cacheira, cada pataca, cada castaña e cada un dos alimentos que vende coa súa presenza física e coa dupla satisfacción diaria, no quilómetro cero, alí onde non se gravan os gastos exaxerados de combustible nin con recargas dos portes nos prezos.

Oficialmente, todo apunta a que este asunto é o resultado dunha metedura de pata, dunha disfunción interna no funcionamento da consellería, dunha incomunicación que hai que corrixir. As manobras da consellería tentando corrixir o suposto erro non fan máis que enlamar o problema máis e máis, porque o contrario sería moito máis grave. Se falamos de modelo, do desprezo que senten polas pequenas e medianas explotacións, pola xente moza que pretende regresar, acceder á actividade agrogandeira, ímolo deixar para outro día.

Recapaciten: paguen o que lles deben e prometeron. Paga a pena. Señorías, que o deus Momo nos acompañe a todos e nos perdoe esta vulneración do sagrado rito social. Amén. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que se nota que estamos en tempo de Entroido escoitando determinadas afirmacións, sen lugar a dúbidas. Nótase tamén certo tufo a que veñen as eleccións, e aquí veñen ver se botamos algo de fume, e ¡ben!, se algo de fume vai, pois igual ao mellor poden chegar a confundir alguén.

Pero miren, aquí isto ten que ser unha cousa moito máis seria. Aquí hai que vir con propostas e con solucións consensuadas co sector —iso que tan pouca graza lles fai a vostedes—, e,



sobre todo, non con fotografías, con inexactitudes, con terxiversacións e con fantasías xurídicas. E, para facelo, hai que pórse en contexto.

Como ben saben, ou deberían saber, a PAC suma douscentos millóns de euros, que se dividen en cento setenta millóns de euros nun primeiro piar, que se reparten de acordo con criterios marcados polo Goberno nacional. E hai un segundo piar que se destina a agricultores e gandeiros que teñen as súas explotacións en zonas con limitacións naturais, que traballan con razas autóctonas e fan a súa produción en ecolóxico ou cumpren determinados requirimentos medioambientais.

Pois ben, esas axudas do segundo piar supoñen uns trinta millóns de euros anuais e, dentro delas, as axudas a produción e a ecolóxico superan a media de dous millóns de euros. Iso foi no período 2015–2021. Esta última convocatoria, precisamente a da agricultura ecolóxica, previa ao 2022, foi a que correspondía a ese período que estaba marcado no ano 2017 e que —como ben digo— incluía o ano 2021, incluíndo unha permanencia de cinco anos. No pasado ano 2022, a pesar de contar coa posibilidade de non convocar as axudas do segundo piar e ser o último ano do período de programación 2014–2020, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia convocou esas axudas, e, ademais, non soamente as convocou, senón que tamén as incrementou un 24 por cento respecto á media dos sete anos anteriores, pasando de trinta e dous a case corenta millóns de euros. No caso das axudas á produción en ecolóxico, incrementou o seu orzamento ata un 59 por cento, é dicir, tres millóns cento oitenta mil euros.

Desde a Xunta fíxose un esforzo por promover unha necesaria sexta modificación do PDR de Galicia no primeiro semestre do ano 2021, e non se acordou a devandita convocatoria de axudas á provisión ecolóxica do ano 2022, senón que tamén se calculou a correspondente dotación económica en consideración aos datos da superficie certificada no Craega dispoñibles a principios do ano 2021. Foi unha convocatoria totalmente extraordinaria, que contaba cun compromiso de permanencia reducido dun ano. Polo tanto, ese compromiso, esa implicación con ese modo de coprodución, está perfectamente xustificado.

Hai que salientar que nun informe do ministerio da estatística de produción ecolóxica da campaña de 2021 lideraba a cornixa cantábrica —esta comunidade, a nosa—, e non só lideraba en superficie, senón que, ademais, estaba á cabeza entre as comunidades coas primas máis altas do conxunto español. Pois si, unha cifra, 3,18 millóns de euros, que foi validada —como ben dicía vostede— nun comité de seguimento do PDR nese primeiro semestre do ano 2021, e no cal participaban, entre outras entidades, as organizacións agrarias; comité no que, con data de 14 de abril —por certo, incluído nel tamén o Sindicato Labrego Galego, que seguro que a vostede, señor Rivas, lle soa—, a súa representante manifestaba literalmente a súa satisfacción polo feito de que se aseguraba o financiamento de medidas que consideraba moi importantes para os agricultores e gandeiros de Galicia —iso foi o que dixo—. É máis, tras a aprobación desa sexta modificación do PDR, todos consideraron suficiente e incluso satisfactoria a cantidade consignada. Esta vez, o 28 de outubro do ano 2022, remitiuse aos membros unha proposta de sétima modificación do PDR cun prazo de dez días para presentar alegacións. ¿E saben o que pasou? Que non se presentaron alegacións.



Entón, a min gustaría saber, falando concretamente, por exemplo, do Sindicato Labrego Galego —que, ademais, ten representación nese comité e que participa no Craega, ademais de nas entidades de asesoramento para os produtores en ecolóxico—, por que, curiosamente, nunca advertiu da insuficiencia de presuposto da convocatoria do ano 2022. Non o fixo. É máis, pódolle asegurar que é mellor que fale co sindicato, porque me dá a impresión de que non soamente é cos concellos, senón que tamén parece que ata cos seus sindicatos non teñen nin a máis mínima conexión.

E con estes datos dos que lle estou a falar e que se tiñan, queda claro que ninguén... Bueno, vostedes si, porque vostedes deben representar o que debe ser «o capitán a posteriori». Vostedes é que tampouco os predicían. Non os predicía o seu sindicato e paréceme que vostedes tampouco. Vostede fixo alusións ás porcentaxes de incorporación ao ecolóxico. Curiosamente, nos últimos anos ¿que pasou? Que no ano 2019 e 2020 retrocedeu; no ano 2021 medrou un 0,48 por cento; e ¿que pasou no ano 2021-2022? Que creceu un 41,3 por cento, isto é, trece mil hectáreas.

Polo tanto, estamos a falar dun aumento moi significativo. ¿Por que se dá ese aumento? Porque estamos falando dunha convocatoria que se fai soamente para un ano. ¿E que pasaba? ¿A canto se pagaba a hectárea do convencional? A máis de cen euros. ¿E do ecolóxico? A máis de catrocentos. Polo tanto, os gandeiros ¿cara a onde querían tirar? Evidentemente, cara ao ecolóxico. Loxicamente, ¿iso que produciu? Que aumentasen significativamente —como vostedes estaban aludindo— todas esas hectáreas en ecolóxico e, polo tanto, moitos deses gandeiros, desgraciadamente, nesta convocatoria quedaron fóra. E, como ben sabe vostede, estas convocatorias son por concorrencia competitiva. A menos que vostedes, nos lugares onde vostedes gobernan —chámense deputacións ou concellos—, cando sacan unha orde de axudas, metan absolutamente todos os seus solicitantes, ¿verdade? É que me gustaría saber se é así, porque entón eu creo que vostedes funcionan dunha maneira un tanto diferente.

Pero, bueno, indo á cuestión, si que hai que lanzar desde aquí unha mensaxe clara e directa a eses gandeiros que quedaron fóra de que hoxe, aínda existindo unha incompatibilidade particular entre as axudas destinadas á actividade ecolóxica e as agroambientais, os agricultores e gandeiros seguen podendo percibir outras axudas directas da PAC. Polo tanto, esta xa é unha primeira cuestión moi importante para ter en conta. E, por suposto, outra cuestión que non lles agrada o máis mínimo e que lles fastidia moitas veces o seu discurso é precisamente eses nove millóns de incrementos anuais que se van facer durante o período 2023 ao 2027. Si, eses incrementos que van dar viabilidade a esas explotacións. ¡Si, si!, refírome a ese incremento ata un total de corenta e cinco millóns de euros. ¿Iso en que se traduce? Nun incremento anual de máis do cento trinta por cento sobre o orzamento previsto inicialmente no ano 2023, que era de 3,9 millóns de euros; un aumento do cento oitenta e tres por cento na dotación en relación co destinado no ano 2022. *De facto*, polo tanto, case se multiplica por tres.

A maiores, está previsto incrementar as primas por hectárea nunha media do vinte e cinco por cento e ata do vinte e nove por cento na conversión cara á gandería ecolóxica. É unha medida que cobre o período —como ben dicía— do ano 2023 ao ano 2027. É unha cantidade



que algúns produtores deixaron de percibir no ano 2022 e que agora se vai compensar. É un incremento de primas que cobre sobradamente esas cantidades e, polo tanto, podemos dicir que se lles dá unha viabilidade económica —polo menos desde este punto de vista— a estes gandeiros. Ademais, aplícase e búscase aplicar a degresividade para dar prioridade ás pequenas e medianas explotacións. Si, esas pequenas e medianas explotacións que vostedes din que nós estamos continuamente atacando. Pois non, ímoslles dar unha mala nova: ímolas seguir apoiando e, ademais, incrementando o orzamento.

Así mesmo, increméntase en 3,5 millóns de euros anuais a partida de extensificación das explotacións gandeiras, dentro das axudas agroambientais. Esta liña de achegas tamén contén un complemento de 1,5 millóns para o pastoreo en concellos con presenza do lobo. ¿Tamén lles falaron do lobo onte? ¿E dixéronlles vostedes o que opinaban da xestión do lobo? Paréceme interesante. Gustaríame sabelo.

Tamén lles podo asegurar que, por ano, estas axudas alcanzan os trece millóns de euros fronte aos dez millóns que antes estaban previstos para ese período do 2023. Iso suma un total de sesenta e oito millóns de euros. Cos datos dispoñibles, consideramos que son fondos máis que suficientes para chegar a todos os potenciais solicitantes. O noso obxectivo, o obxectivo da Xunta de Galicia, é que ninguén quede fóra destas axudas, e por iso se fai un importante esforzo para dar unha resposta moi firme á espectacular evolución que experimentou a produción en ecolóxico. É máis, de cara a garantir a total cobertura aos solicitantes destas axudas apostamos tamén polo rateo, é dicir, por repartir a cantidade de maneira proporcional entre os beneficiarios. Neste sentido, xa se fixo unha consulta ao Ministerio de Agricultura e á Comisión Europea para amparar a iniciativa, co fin de propoñer o rateo na convocatoria de axudas de agricultura ecolóxica como medida extraordinaria para chegar a todos no caso de que as solicitudes de axuda superasen os fondos consignados. De non ser posible este rateo, promóvese a priorización de axudas de acordo con criterios de selección ambientais, é dicir, atendendo ao propio espírito das achegas. Consideramos especialmente importante asegurar que ningún produtor quede fóra nesta convocatoria do ano 2023 porque nela hai que orzar o compromiso —repito, orzar o compromiso— de permanencia por un período de cinco anos. Este foi, ademais, un compromiso que se asumiu por parte da Xunta aquí, en sede parlamentaria, e mesmo diante de todo o sector na xuntanza do Consello Agrario do pasado 16 de xaneiro. Como ben dicía vostede na anterior interpelación, o de que teñen bo oído, imaxino que isto tamén o tiveron escoitar. Tómase esta iniciativa de xeito sempre consensuado coas organizacións profesionais agrarias, tras escoitar as súas suxestións e demandas, como sempre facemos.

Nós presentamos unha moción, unha moción que é clara, unha moción de compromiso. Creo que vostedes xa a teñen. Nós o que buscamos é, por suposto, a viabilidade. Falaba o señor Seco do seu amigo David e, sobre todo, da súa preocupación por ter viabilidade dentro da súa explotación. Creo que á luz dos datos que acabo de dar, David pode ter a esperanza de que a súa explotación teña futuro e teña viabilidade. E, por suposto, non soamente nos diriximos a David, senón que tamén nos diriximos a moitos gandeiros, xoves e non tan xoves; pero, sobre todo, á xente que queira desenrolar a súa actividade para que, dalgunha forma, garantamos a súa viabilidade económica e, sobre todo, tamén cumprindo con todos



os criterios que se marcan desde Europa, así como tamén con todos os criterios que posteriormente nos van pedir pola comercialización deses produtos a través da comercialización en ecolóxico. Aí tamén nós teremos un importante papel para guiar a todos estes produtores para que o produto sexa viable, sexa un produto de calidade, como é o que temos, e, sobre todo, para que teñamos a posibilidade de garantir un sector primario forte, que é o que buscamos todos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

Polo grupo autor da moción, o señor Martín Seco, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Evidentemente, escoitándoos xa vén a declaración de culpa implícita na súa propia intervención, ao recoñecer que houbo un erro por parte da Xunta de Galicia na asignación de fondos para esta cuestión. O curioso é ter que escoitar case unha culpabilización daqueles que estaban recibindo a información que lles dá a Xunta de Galicia —que é a que ten que saber e a que ten que ter os rexistros e a cantidade de hectáreas que van entrar en ecolóxico—. O curioso é culpabilizar os que teñen en fronte. Ou sexa, a culpa de que a Xunta de Galicia non orce a suficiente contía de orzamentos en conversión e mantemento de ecolóxico resulta que é dos sindicatos agrarios e das organizacións agrarias, que é máis ou menos o que veño de escoitar. A culpa non é de quen lles dá os datos. Resulta que tiñan que ser eles os que lles dixesen: «É que isto vai ser insuficiente». É unha cuestión, de verdade, que pon nervioso a calquera que ande neste ámbito, porque ¿por quen estamos dirixidos se ten que ser a parte das organizacións agrarias a que ten que dirixir a Xunta de Galicia dicíndolle o que ten que facer?

Pero, curiosamente, se tanta comunicación, se tanto debate teñen con eles, e se tanto caso lles facían nesa comisión de seguimento na cal ninguén dixo nada, fáganlles caso agora tamén. Os sindicatos agrarios están pedindo, por favor, que se indemnice os produtores agrarios polo que sucedeu no ano 2022. Polo tanto, fáganlles caso tamén nesa cuestión. ¿Ou só lles fan caso cando lle interesa ao Partido Popular?

E vostede dicía que non falabamos cos afectados, cos produtores, como se estivésemos fóra da realidade. Son todos os días as noticias que saen nos medios de comunicación. *(O señor Seco García mostra unha folla da que le varios fragmentos para o resto da Cámara.)* Un gandeiro da Fonsagrada di: «Non é un problema técnico, senón de vontade política. Traballar un ano sen cobralo... E houbo quen fixo investimentos e ten préstamos bancarios, e contaba con eses cartos para pagalos e agora ten un problema grande». Unha muller da serra da Capelada, en Cedeira, di: «Metémonos nisto convencidos do que facemos. Cremos que é o mellor, o máis correcto a nivel de medio ambiente, pero realmente ves que comprometerse non vale de nada cando a xente que usa pesticidas vai cobrar máis ca nós. Non é xusto, nós xa eramos ecolóxicos antes de todo isto, pero está certificado que para cobrar menos non ten sentido. Hai moitos gastos». E así sucesivamente.



Non sei se somos nós os que non estamos na rúa ou se son vostedes, no Partido Popular. (*O señor Seco García volve ler unha folla para o resto da Cámara.*) O propio agricultor da Fonsagrada di: «España comprométese a cumprir co vinte e cinco por cento da superficie agraria útil en ecolóxico que recomenda para 2030, pero vai haber comunidades autónomas que pasen desa porcentaxe e, polo tanto, que reciban máis cartos, mentres que outras quedaremos por debaixo do dez por cento». Porque diso tampouco estamos falando, de que se non chegamos a certos límites é posible que logo teñamos perigo cos fondos da PAC que poidan vir no futuro.

Señores do Partido Popular, só se necesita —como dicía este agricultor— vontade política e compromiso, única e exclusivamente. Vostedes, dende esa bancada, pódennlle exixir ao seu goberno que tome esas medidas necesarias. Pódese facer. Non empecen como cando pasou cos fondos para as axudas da carne. Pódese facer. Hai mecanismos a nivel estatal e a nivel galego para poder dicir que houbo un erro, comunicarllo á Comisión Europea e implementar fondos propios para corrixir ese erro. Vostedes saben que iso se pode facer, e non facer como fixo o director do Fogga —que sigo dicindo que non debe permanecer nin un día máis no seu cargo— cando dixo que «*el dinero para la agricultura ecológica es el que es y no hay más*». ¡Sí, señor Balseiro!, xa sei que se apelida practicamente igual que vostede, pero non ten por que defendelo. A súa xestión é moi deficiente, e a mala planificación e coordinación destes fondos estannos levando a onde nos están levando, e, polo tanto, o que tiñan que facer no Partido Popular é exixirlle ao seu Goberno que este señor non siga nin un segundo máis, porque está facendo todo o contrario ao que necesita Galicia para implementar máis e mellor agricultura ecolóxica.

Mire vostede o que dicía o señor Balseiros nunha reunión: «*Muchas solicitudes que hay este año son del período de conversión y probablemente el próximo año no sigan en ecológico*». Estas eran as razóns que daba, asumindo que hai xente que non vai seguir na agricultura ecolóxica. É un desastre, ademais, de xestión, e non é só niso. Están aparecendo ultimamente noticias —e vostedes non falan nada diso— de xoves que están quedando fóra das axudas de incorporación a mozos; xoves que están cumprindo os requisitos pero que quedan fóra. E repito unha vez máis: seis de cada dez agricultores e gandeiros que se dedican á produción de alimentos van estar xubilados no ano 2030. ¿Non lles preocupa isto, señores do Partido Popular?

Eu de verdade que só lles pido un pouco de reflexión. Só lles pido que realmente tomen iniciativas para solucionar o que está pasando. E cando falen deste tipo de axudas, non falen disto como se fose unha limosna e un forte compromiso por parte da Xunta de Galicia. Son fondos europeos, señores do Partido Popular, non son fondos da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia non deu absolutamente nada en todo este período que estamos a vivir: non deu nada coa crise da covid, non deu absolutamente nada coa crise de prezos e agora nin tan sequera sabe utilizar os fondos europeos e planifica e coordina moi mal.

Cómpreme Nada máis me queda pedirilles o voto afirmativo e que se comprometan realmente co campo galego e non simplemente con buscar desculpas.

Máis nada. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Señor Armada, déixese de florituras, déixese de desculpas, déixese, ademais, de tentar demonizar os gandeiros en extensivo, que viron unha oportunidade nesa orde de axudas. ¡Sí, sí! Vostede está case tachándoos de delincuentes e non é certo. Vostedes converten a actividade gandeira en extensivo nunha peripecia durísima porque non hai mercados. (Aplausos.) ¡Claro! Pagan o que lles dá a gana. E vostedes, ademais, protexen os cebadeiros e protexen o produto homologable, e de aí nace todo. É lexítimo que esta xente opte a esas axudas e é, ademais, necesario, e é, ademais, unha obriga que estivesen dotadas, e non o estaban. Vostede non dixo nada da situación da carne en extensivo. Vostedes téñena afogada, esganada, e aínda queren que esta xente faga brindes ao sol.

Mire, a concorrència competitiva pode incluír medidas como as que incluíu, como as dúas primeiras: zonas de difícil desempeño e todas esas... Pero, ¿por tamaño?, ¿primar o maior tamaño das explotacións para acceder...?; ¿ou o outro —isto é, os pastos arbustivos e baixo arboredo—? ¿Estamos ou non estamos de acordo con que son lexítimas? Se son lexítimas, ¿por que a Xunta —que di que defende que iso entre na PAC e que iso sexa lexítimo— mete isto como algo que desconte? ¿Por que? Dígame por que.

Canto á cuestión do lobo, Galicia perdeu 4,3 millóns do Plan estratéxico do lobo por unha medida política porque vostedes son... Todo o que lles valla para as eleccións, ¡jalá van!

Mire, vostede tennos que dicir, como representante do Goberno galego, de onde van quitar os fondos dese incremento do que falan para o ano 2023, porque eu lle vou dicir de onde veñen: 10.850.750 euros veñen da agroambiental de forraxes; 40 millóns de euros veñen das axudas por zonas con limitacións naturais... ¿Que lle parece? Sacan dun roto para facer un descosido. ¡Por favor! Porque, se quere, a oferta da Consellería ao sector está aí. E na oferta ao sector vostedes falan da obriga de comercializar parte ou toda a produción como ecolóxica unha vez pasado o período obrigatorio. E eu preguntolle: ¿non estará vostede insinuando que hai produtores que venden sen certificación? Si, claro, ¡claro!, porque, ¿que se vende no quilómetro cero, señor Armada? No quilómetro cero véndese directamente. Ou sexa, eu véndolle a unha persoa que me leva un quilo de patacas..., ¿e resulta que lle pido factura? Porque vostedes no Consello Agrario e nas reunións que tiveron despois chegaron a dicir que había que exixir facturas, porque nin o señor Balseiros nin o Fogga sabían que se pode cotizar por módulos, que non é necesario presentar facturas e que todos os produtores e produtoras de ecolóxico traballan con produto certificado. ¡Esa é a exixencia! Non podemos cargarnos o quilómetro cero porque esa é a esencia do ecolóxico e non o que vén de Etiopía. Póñanse vostedes de acordo, señorías.

Señores do Partido Popular, miren, vostedes o que queren é que a produción ecolóxica pase polo xugo da distribución, que incline a cerviz baixo o xugo da distribución, e non están por esas. Xa llelo dixemos varias veces desde o BNG: a xente de ecolóxico sabe o que quere, e está en ecolóxico non polo carto. ¡Home! Claramente non hai ningún produtor e produtora



de ecolóxico que eu coñeza neste país que estea rico. Ningún. ¡Ningún! ¡Categoricamente ningún! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro! Vostedes son magos en sementar sospeitas, e médranlles, je médranlles!

Señor Armada, señores do Partido Popular, Goberno desta «Galicia, Galicia, Galicia», mañá entérrase a sardiña ou quéimase o meco. Queimen o seu meco e enterren a sardiña do ecolóxico, desta burrada que cometeron. Volvan ao rego e deixen o Entroido. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor RIVAS CRUZ: A ver, non podemos aceptar a emenda porque a nosa moción versa sobre as axudas do ano 2022 e vostedes trasládanse ao 2023. O do ano 2023 estano negociando, porque vostedes o que adiantan aquí é o que están negociando nestes momentos. Hai unha proposta sobre a mesa que chegou onte ou antonte. Deixen que sigan... ¿Non dicían vostedes que os sindicatos teñen a culpa de todo? (*Murmurios.*) Son roxos e, ademais, son malos. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos o pleno ata as catro da tarde, as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

Continuamos no punto 3, de mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela por dez minutos.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Este mes de febreiro será lembrado como o día da recuperación no Estado do dereito pleno das mulleres a decidir sobre os nosos corpos, sen tutelas nin reflexións impostas, dende a liberdade de saber que facer cos nosos corpos, pero tamén que facer coas nosas vidas.

Sabemos ben que este é un asunto incómodo para a dereita, e diso ademais dan conta os titubeos e as contradicións do Partido Popular nestas últimas semanas; de sempre, pero



nestas últimas semanas púxose máis de manifesto. Isto dado que quen goberna de momento o noso país é o Partido Popular, por iso traemos hoxe aquí esta cuestión.

Porque aquí, ¿que hai?, ¿un dilema moral ou un dilema político? Se é moral, igual que acontece coa eutanasia ou co divorcio, nós o que lle dicirmos é que... —por certo, cuestións ás que tamén se opuxo o Partido Popular— ...queden tranquilos, non están obrigadas as mulleres a abortar. Só se trata de facilitar ese dereito que logo cada unha exercerá ou non exercerá. Se o dilema é político direilles que non teman. A sociedade galega, tamén a española, está máis que de acordo con que este é un dereito irrenunciado das mulleres. E aí non hai debate nin discusión social.

Tampouco a sociedade entende eses discursos maniqueos como o da señora Ayuso, que argumenta a postura do Partido Popular nunha demagórica preocupación polo problema demográfico. Claro, como se este problema non estivese directamente relacionado, cando menos no noso país, coa ausencia de políticas que garantan servizos públicos en todo o noso territorio. Máis espazos para conciliar, máis e mellores recursos educativos, máis e mellores recursos sanitarios, e verán vostedes como solucionamos ese problema.

Se o dilema é de concepto, fago miñas as palabras da miña compañeira socialista Laura Berja no debate recente da aprobación da reforma da Lei do aborto, cando dicía que, afortunadamente, que o aborto sexa un dereito ou non non vai depender nunca do Partido Popular, non depende del, senón da maioría social que así o decidiu. Porque que as mulleres interrompamos voluntariamente o noso embarazo é un dereito conseguido polo movemento feminista, a quen llo debemos. Pero foi garantido tamén por unha lei socialista que superou a lexislación anterior de 1985 e nos abriu a posibilidade ás mulleres de decidir libremente sobre o noso corpo. Esa Lei orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, que acaba de ser aprobada como saben esa reforma para incluír moitas melloras, volve por fin deixar nas mans das mulleres de dezaseis e dezasete anos, tamén das mulleres con discapacidade, a decisión de abortar ou non. Repito: libremente, sen tutelas.

Unha tutela que para o PP, que, por suposto, votou en contra desta reforma e de tantas outras que supuñan outorgar dereitos ás mulleres, era unha liña vermella. E por iso no ano 2015 o señor Rajoy impuxera a obrigatoriedade do consentimento paterno ou materno.

Claro, nós no Partido Socialista preguntámonos por que exigen ese consentimento se o réxime xeral para decidir sobre calquera outro tratamento médico ou intervención cirúrxica establece os dezaseis anos como idade mínima. ¿Por que co aborto se pide este consentimento? Por certo, algo que ao conselleiro se lle esqueceu lembrar hai quince días na interpelación anterior a esta moción. ¿Por que ese filtro só na decisión de abortar?

Pero digo tamén que é un mes histórico porque elimina a obrigatoriedade dos tres días de reflexión e información previa obrigatoria. Deixamos por fin así as mulleres de estar tuteladas cando decidimos facer uso dun dereito nesa pretensión dos sectores políticos máis conservadores de infantilizarnos. Eu asegúrolles, de verdade que si, que as mulleres pensamos, reflexionamos, temos masa gris, témola, e todas as decisións que tomamos



obedecen sempre a un período de reflexión, que a cada unha de nós nos levará máis ou menos tempo, pero sempre reflexionamos.

Foi tamén este mes —e por iso digo que fai historia— cando o Tribunal Constitucional rexeitou de maneira contundente o recurso do Partido Popular contra a Lei do aborto do ano 2010 do Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero; unha norma xusta que —como digo— eliminaba os supostos, establecía prazos e que, entre outras cuestións, tampouco incluía o consentimento paterno ou materno. Así que, por fin, volvemos estar á vangarda dos dereitos das mulleres.

E neste contexto xa de normalidade, ademais da eliminación do consentimento e de moitas outras cuestións que van supor un grande avance nos nosos dereitos sexuais e reprodutivos, o novo marco lexislativo establece que a rede pública sexa de referencia para as mulleres que decidan abortar, que poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio.

E aquí entramos xa en materia, porque este é un tema que aos socialistas galegos nos preocupa e moito. Por suposto, señor conselleiro, en alusión ao que nos respondía nesta Cámara hai quince días, que a lei faculta e facultaba a que os abortos se practiquen en centros autorizados, pero a preferencia márcase na pública, e isto no noso país non se cumpre.

E, por fin, podemos sustentar o que dicimos en datos. Por certo, tamén teño que aquí agradecer ao conselleiro que se comprometera —e así o fixo— a facilitarnos por fin os datos que lle pediamos, aínda que fose case cun ano de atraso, e que non sexan exactamente os que nós solicitabamos, tamén é certo. Nós por esa razón, entre outras cousas nesta moción, pedimos que se faga público un informe anual cos datos do rexistro dixital das IVE, interrupcións voluntarias do embarazo, do Sergas. Solicitabamos —como digo— eses datos acerca dos abortos practicados en Galicia dende o ano 2010; envíanos só os tres últimos anos. Eu agardo que non sexa por que teñen algo que ocultar, porque xa estes datos tampouco son demasiados bos. E tampouco nos envían os datos coa precisión que pediamos. Pero, ben, está ben, ben está o que está ben e, cando menos, temos algo no que referendar o que levamos moito tempo denunciando.

Porque eses datos subministrados que teño eu aquí, (*A señora Díaz Varela amósalles aos membros da Cámara uns folios.*) estes de aquí en tres folios, que nos pasou hai uns días a Consellería de Sanidade, dinnos que dos abortos practicados en Galicia entre as nove e catorce semanas nos tres últimos anos, o setenta por cento leváronse a cabo en centros autorizados. O que quere dicir que só o trinta por cento se levaron a cabo en centros públicos.

E dinnos tamén estes datos que o ano pasado, por exemplo, o trinta por cento dos abortos de entre as quince e vinte e dúas semanas de xestación se fixeron fóra da rede pública. Cando no mesmo documento a Consellería de Sanidade asume que se teñen que practicar en hospitais do Sergas, e que se non pode ser no seu hospital máis cercano irá a outro hospital da rede sanitaria pública. Aí xa non aparece a opción de centro autorizado. ¿Como poden explicar isto?



Para que o entendan mellor, falamos de exactamente catrocentos cincuenta e catro abortos realizados en centros privados que deberan ser practicados en hospitais públicos.

Pero hai máis temas que nos preocupan e que pon de manifesto que non mentiamos no que dixemos. Por exemplo, en Galicia, unha muller efectivamente pode exercer o seu dereito a abortar na pública, pero depende do lugar no que viva. Se pertence ás áreas sanitarias da Coruña, Ferrol ou Lugo, o máis seguro é que o aborto llo practiquen nun centro privado. Por pór un exemplo, no ano 2021, moi recente, na Área Sanitaria da Coruña, só o vinte e catro por cento dos abortos se facían na rede pública.

E, francamente, non entendemos por que, se existen recursos para que todo se faga na pública, como ademais dicía hai quince días o propio conselleiro. De aí a nosa petición de hoxe, tamén outra das peticións, que é garantir o dereito a abortar ata as vinte e dúas semanas de xestación nun centro público, coa capacidade clínica necesaria máis próxima ao domicilio da muller, pero dentro da área sanitaria á que ela pertence, a que lle corresponda. Marcamos as vinte e dúas semanas —si que é certo que as marcamos— porque, efectivamente, parece conveniente, despois de consultar diversas expertas, que para esas intervencións de maior risco exista sempre un hospital de referencia.

Xa noutra orde de cousas, nós congratulámonos de que, a pesar dese non rotundo do PP á lei e do voto en contra meses antes de penalizar o acceso ás mulleres que desexan abortar, no Partido Popular teñan por fin reflexionado e no trámite de emendas ao Senado non se opuxesen a protexer as mulleres de posibles coaccións.

Pero velaquí outra nova contradición dun PP que nun primeiro momento loaba o protocolo que podemos cualificar case de nazi, desa ultradereita coa que gobernan en Castela-A Mancha, e aquí en Galicia seguen protexendo asociacións antiabortistas que entraron da súa man no sistema e que son autoras de campañas que son pura coacción antiabortista.

De aí que para facilitarlles decisións en prol da coherencia, desta última coherencia que parecen vostedes promover, nós formulamos eliminar das subvencións públicas aquelas entidades que promovan posturas que non respecten os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres conforme a vixente lexislación. Non estamos inventando nada. Por suposto, para iso o que deben cambiar son os criterios de concesión nas bases das axudas públicas nas vindeiras convocatorias, e lembremos ademais que hai unha moi próxima.

En esencia —e xa remato—, o que hoxe buscamos con esta moción é asegurar que no noso país as mulleres todas imos poder exercer o noso dereito ao aborto en centros da rede pública máis próximos a nós sen coaccións, en liberdade, coñecendo os recursos existentes que deberan ser públicos, por suposto, e sendo moi contundentes na condena de atropelos ás nosas liberdades, como o que pretendía facer o Goberno de Castela e León ou como as barbaridades que podemos ler tamén nos argumentarios de entidades subvencionadas hoxe polo Goberno do señor Rueda. Dende logo, todas estas son para o PSdeG liñas vermellas que non imos pasar por alto.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Nós desde o BNG imos votar a favor da moción e as propostas que nela inclúe o Partido Socialista. E gustaríame facer tres consideracións nas que nós sostemos, por suposto, o noso voto a favor, pero tamén consideracións a respecto dalgunhas cuestións que escoitamos en días recentes ao fío desa reforma da Lei de interrupción voluntaria do embarazo e a saúde sexual e reprodutiva das mulleres a nivel estatal.

En primeiro lugar, por suposto, o aborto é un dereito e é un dereito fundamental das mulleres recoñecido como tal polas Nacións Unidas desde mediados dos anos noventa na Declaración de Beijing. Vou repetilo outra vez, señorías do Partido Popular: o aborto é un dereito fundamental das mulleres recoñecido como tal polas Nacións Unidas desde a Declaración de Beijing de 1995.

Non fai falta darlle tantas voltas. Eu, se mo permiten, que cadaquén na súa casa faga o que queira, ¿non? Pero eu creo que deberan soltar lastre segundo en que cousas e facelo con claridade e con rotundidade, neste caso poñerse do lado dos dereitos das mulleres, e nomeadamente dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos. Que van pola vella, ¡bastante!

Volveron lembrar ademais as Nacións Unidas que o aborto é un dereito sexual e reprodutivo das mulleres recentemente, o pasado mes de xuño de 2022, cando a Corte Suprema dos Estados Unidos —lembrarán— suprimiu ese dereito, o amparo constitucional dese dereito a nivel federal.

Pero o dereito ao aborto xa fora recoñecido antes de que o fixesen as Nacións Unidas en 1995. A primeira vez que se recoñeceu o dereito ao aborto e, polo tanto, a legalidade de interromper voluntariamente un embarazo non desexado foi en 1920 na Unión Soviética, a través da lexislación impulsada por unha das máis grandes do movemento e do pensamento feminista internacional que foi Aleksandra Kolontái.

A interrupción voluntaria dun embarazo garante o dereito á vida e o dereito sobre todo á saúde de todas as mulleres, e non só daquelas que poidan pagalo. Porque penalizar o aborto, prohibilo e perseguir a quen decide abortar non acaba coas interrupcións do embarazo. Non fai que desapareza, non fai que as mulleres deixen de abortar, senón que obriga as mulleres, sobre todo as máis empobrecidas, a utilizar métodos e, o peor, poñerse en mans de auténticos carniceros; así de claro. Prohibir non impide que a xente busque abortar, só fai que sexa máis mortal para as mulleres.



Cos datos do Fondo de Poboacións das Nacións Unidas, preto do corenta e cinco por cento dos abortos que se fan, que se levan a cabo en todo o planeta, case a metade, o corenta e cinco por cento, son inseguros e, polo tanto, convérteos nunha das principais causas de morte materna. Ningunha desas mortes se produce no Estado español e ningunha desas mortes se produce tampouco en Galiza, grazas á despenalización do aborto e á garantía da interrupción voluntaria do embarazo como o que é, un dereito fundamental, sexual e reprodutivo das mulleres que debe ser garantido a través da sanidade pública.

Como todo dereito, cando falamos das mulleres, está permanentemente cuestionado. Os nosos dereitos nunca se poden dar por permanentes nin por conseguidos, porque bastará —dicíao xa Simone de Beauvoir no século pasado— calquera crise política, económica ou relixiosa para que sexan postos en cuestión e sexan postos en dúbida. E estámolo vendo precisamente estes días, que se instrumentaliza e utiliza os corpos das mulleres. E as nosas, os nosos dereitos sexuais e reprodutivos non só como arma arreboladiza no debate político e electoral, senón cando unha forza política non ten notoriedade suficiente nese debate e necesita meter a cabeza como sexa. Sacan o que sexa da manga poñendo en cuestión os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres para intentar meterse no debate. É o que levamos vendo desde hai semanas. Aquí, ademais, moi cerca nunha comunidade autónoma que fai linde co noso país.

En segundo lugar, o dereito ao aborto é un dereito das mulleres, e como tal só corresponde a elas, só nos corresponde a nosoutras decidir sobre el. As mulleres deciden, o Estado garante e a Igrexa e os seus adláteres non interveñen. Esa é unha consigna do movemento feminista desde os anos setenta. As mulleres decidimos, o Estado garante os nosos dereitos e a Igrexa e os seus adláteres non interveñen.

Cada unha saberá as súas razóns para interromper un embarazo, cada unha terá as súas e non ten que contarllas a ninguén, nin tampouco verse condicionada ou tutelada de ningunha maneira para poder facelo. Aí está a reforma da lei do ano 2022 para perseguir, para punir o delito de coacción no exercicio do dereito ao aborto, a través, entre outras cousas, de presións como as que citaba a señora Díaz na súa intervención; presións exercidas, por exemplo, por grupos antiabortistas ás portas das clínicas. Ningunha que a nós conste en Galiza, e creo que é bo tamén dicilo.

Pero tamén esa reforma recentemente aprobada polo Senado, a pasada semana, para suprimir, en primeiro lugar, os tres días de reflexión obrigatoria. Cada muller sabe o tempo que precisa para tomar a decisión. Haberá quen chegue ao centro de orientación familiar e teña a decisión tomada. Haberá quen necesite tres días, setenta e dúas horas, quince días, un mes ou os que sexa. O prazo máximo para reflexionar e decidir establéceo a propia lei en catorce semanas, trece máis seis, como queiran dicilo. Dentro dese período das catorce semanas, ninguén pode condicionar as mulleres, tampouco a propia administración.

A decisión é libre e informada. É completamente falso, como escoitamos aquí na interpelación, que fan falta eses tres días e non se poden suprimir porque teñen unha cantidade enorme de información que pasarche. Non, mándancha a través dun libro e as



axudas sociais tanto de carácter autonómico como do conxunto do Estado para que tomes a decisión léndoas ti na túa casa.

Hai que ter en conta que nin sequera o día que chamas a un centro de orientación familiar, por exemplo, es atendida polo sistema sanitario. Nese informe que citaba a señora Díaz, que a nós tamén nos responderon a unha pregunta no mesmo sentido que levaba máis dun ano rexistrada, a propia Xunta, o propio Sergas recoñece que como mínimo se tardan tres días desde que ti solicitas ser atendida pola sanidade pública ata que te sentas diante das equipas, das persoas que traballan nos centros de orientación familiar, para que te informen ou para iniciar ese procedemento de interrupción voluntaria do embarazo. *Tres días, que te los comes tú, enteros con patatas, sola.*

En terceiro lugar, o cumprimento da lei, a garantía do aborto na sanidade pública. Hoxe non é así. Efectivamente, dicíao a señora Díaz con base nos datos que se nos proporcionaron polo propio Sergas. Eu pónolles un exemplo concreto de hai moi pouquiño tempo en Lugo: se ti vas ao centro de orientación familiar da praza de Ferrol, que é o que lles corresponde ás mulleres da Área Sanitaria de Lugo-Centro, do HULA, o protocolo é que ás oito semanas se ti decides utilizar un método farmacolóxico vas ao HULA e, polo tanto, subministránselle as RU a través da farmacia do hospital. A partir da semana oito ou antes, se a muller o decide, que ten a capacidade —como saben recollida na lei— para poder decidir, derivante á clínica Arce na Coruña. Iso non cumpre co que di a lei de que ten que ser prestado o servizo a través da rede sanitaria pública. Por suposto, ti non pagas nada porque é un dereito recollido na propia lei. E, ademais, ten un gasto para as propias mulleres, porque vas no teu coche, vas e volves a esa clínica Arce ti no teu coche e, ademais, acompañada porque despois dunha sedación non podes conducir.

Estas derivacións débense en moitísimos casos —a propia Xunta tamén o recoñece— á obxección de conciencia alegada polo persoal sanitario, non só médicos. Sabemos de persoal sanitario de enfermería ou mesmo celadores que se opoñen na sanidade pública do Estado español a participar nunha interrupción voluntaria do embarazo, e con iso están negando o exercicio dun dereito fundamental das mulleres. Non pode ser que iso sexa así. É necesaria unha regulación da obxección, a creación dese rexistro, que eu espero que sexa o máis áxil posible, previsto na reforma da lei impulsada recentemente, a semana pasada, e, sobre todo, que se garantan equipas que permitan exercer os nosos dereitos na sanidade pública.

Porque, máis alá do debate, sobre se a obxección de conciencia debe ter ou non límites, ou como debería regularse, que exista persoal sanitario obxector non pode en ningún caso impedir o exercicio do dereito fundamental —insisto— das mulleres a interromperen de maneira voluntaria e por decisión única e exclusivamente propia un embarazo na rede pública, que é o que está acontecendo agora no noso país coas derivacións a clínicas privadas ou no conxunto do Estado español, con provincias que ademais xa te derivan directamente a outra comunidade autónoma.

Poder abortar, —con isto remato— poder interromper de maneira voluntaria un embarazo garante o dereito á vida, á vida de milleiros de mulleres en Galiza, no Estado español e no conxunto do planeta, que polas razóns que sexan, que son súas e non llas teñen que explicar a ninguén, non queren ser nais.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Marta María Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

A iniciativa que debatemos hoxe, consecuencia da interpelación do pasado pleno, trata dun tema delicado para moitas mulleres galegas, como é o da interrupción voluntaria do embarazo. E digo «delicado» —e xa o dixen algunha vez máis— porque a muller que decide poñer fin a un embarazo non é unha decisión fácil, nin para ela, máis ben é unha situación moitas veces dolorosa para calquera nai. Por iso, debemos ser todos respectuosos e serios. E digo isto porque ás veces pois parece que este tema se trae a debate con outros fins, e nós pensamos que non se debería facer demagogia con este asunto.

Chámanos a atención que os seus compañeiros do Partido Socialista no Congreso, señora Díaz, non vostede, que din que tanto lles importan os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, pois parece que moito non lles deben importar, porque se tanto urxía reformar a Lei orgánica 2/2010 non entendemos por que se demorou tanto a entrada en vigor desta nova lei. En principio, parece que se atrasou coa escusa da introdución dunha emenda que pretende prohibir algo que xa estaba prohibido. E o exemplo de que xa estaba prohibido é que o propio Goberno central enviou un requirimento de constitucionalidade ao goberno dunha comunidade autónoma con base na anterior lei. Polo tanto, o atraso na entrada en vigor parece que responde máis ao interese de manter este tema no debate público máis que ao de defender os dereitos das mulleres. Dereitos, si, señora Rodil, pero ten que repasar a declaración de Beijing, porque realmente non di que o aborto sexa un dereito fundamental. Volva lela.

Por iso, nós pedimos seriedade con este tema en Galicia, señora Díaz, que sabemos que vostede é unha deputada seria, porque tanto dende o Goberno galego como do Grupo Parlamentario Popular respectamos as leis e os dereitos das mulleres que están recoñecidos nelas.

Non deixa de ser curioso que plantexen no primeiro punto da moción garantir os dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres galegas, porque parece que deixa entrever que en Galicia non están garantidos. E, dende logo, nós non sabemos como funcionan os gobernos do Partido Socialista, pero podo asegurarlle que o Goberno galego, sexa cal sexa a opinión que teña sobre unha lei, a súa posición é a de cumprir e garantir a súa aplicación. (*Aplausos.*) E quedou bastante clara a postura do Goberno galego na interpelación ao conselleiro de Sanidade no pasado pleno: cumprir a lei.

Deslizaba vostede a idea de que os datos que non se publicaban porque había algo que ocultar e falaba da discrepancia dos datos entre o Ministerio e a Consellería de Sanidade. E



certamente tiña razón e ten razón que existe esa discrepancia, porque en Galicia tiñamos dous sistemas de rexistro: un sistema de rexistro que se fai na Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, sobre un número de interrupcións voluntarias de embarazo que se realizan nos seus centros, e outro concretamente na Dirección Xeral de Saúde Pública, o sistema de información epidemiolóxica das IVE, que data do ano 1986, e son precisamente os datos publicados polo ministerio. Este último recibe todos os datos procedentes das clínicas concertadas e non distingue cando a prestación é gratuíta nunha clínica concertada ou cando a prestación é privada. De aí vén a disensión dos datos. Para evitar este problema dende xaneiro do ano pasado implantouse un rexistro único, o Rexistro dixital de IVE, que son os datos dos que vostede falaba, que lle pasou a Consellería. E por iso sabe, señora Díaz, que os datos non se ocultan.

O director xeral de Asistencia Sanitaria, ademais, ten comparecido varias veces na Comisión 5ª, na Comisión de Sanidade, para dar conta destes datos das IVE practicadas en Galicia. Ademais —dicíao vostede—, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria tenlle enviado os datos destes últimos anos, onde están publicados os datos desglosados por área sanitaria dos tres últimos anos, o 2020, 2021 e 2022, que eu tamén dispoño destes datos, onde se aprecia curiosamente que no ano 2022 as IVE realizadas nun centro público teñen unha porcentaxe do 68,20 por cento, fronte a un 31,8 por cento en clínica autorizada. Poñía vostede como exemplo na interpelación pois as comunidades como Cantabria, cun 67 por cento das IVE practicadas na pública; Baleares, cun 61,7 por cento. Pois ben, en Galicia, un 68,20 por cento —como lle acabo de dicir— o ano pasado.

E é certo, e nós non lle quitamos a razón de que moitas IVE se fan en clínicas concertadas. E digo que as IVE —perdoen, señores deputados—, interrupcións voluntarias do embarazo, se fan moitas veces precisamente porque vostedes esquecen algo fundamental que nós non esquecemos dende o Grupo Popular, é que a muller pode elixir onde facer a interrupción do seu embarazo. Precisamente, iso a nós parécenos importante: a liberdade da muller para elixir onde quere facelo, e nós non imos entrar niso. Isto está relacionado co que piden vostedes no segundo punto: garantir a práctica da interrupción voluntaria do embarazo nun centro público sociosanitario. Logo falaremos disto.

Señora Díaz, vostedes van moito máis aló da lei, porque vostedes exixen que se faga nun centro público, e iso non o di o artigo 18 da nova lei, que di textualmente: «*Las usuarias del Sistema nacional de salud tendrán acceso a la interrupción voluntaria del embarazo en condiciones de igualdad efectiva. Las administraciones sanitarias que no puedan ofrecer dicho procedimiento en su ámbito geográfico remitirán a las usuarias al centro o servicio autorizado para este procedimiento, en las mejores condiciones de proximidad de su domicilio, garantizando la accesibilidad y calidad de la intervención y la seguridad de las usuarias*». É dicir, con este artigo da lei na man non existe unha obriga para o Sergas de que teña que ofrecer a interrupción voluntaria do embarazo, xa non nun centro público como vostede pide, senón que non terían nin que ofrecela nas áreas sanitarias nin sequera terían que ofrecela en Galicia. Abre a porta a irse fóra do noso ámbito xeográfico. Díxoo o conselleiro no anterior pleno: unha escapatoria legal que Galicia non precisa. Probablemente si a precisen algunhas comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista. Por exemplo, A Rioxa, que non practica dentro do seu territorio ningún aborto que non sexa por causas médicas; Aragón, que non ofrece interrupcións



voluntarias de embarazo en ningún centro público e deriva as mulleres de Huesca e Teruel a unha clínica privada ou ben de Zaragoza ou ben de Valencia; Estremadura, onde tampouco está dispoñible esta prestación en ningún dos seus centros sanitarios públicos e deriva as mulleres a clínicas de Badajoz, de Salamanca ou de Madrid; ou Castela-A Mancha, que o propio Ministerio de Sanidade di que é a comunidade onde máis mulleres se ven obrigadas a recibir esta prestación fóra da súa provincia de residencia.

Para Galicia, dicíalle o conselleiro de Sanidade que é indiferente, porque ofrece esta prestación dentro do ámbito público nas catro provincias e nas sete áreas sanitarias. Polo tanto, esta práctica da interrupción voluntaria do embarazo ata as vinte e dúas semanas en Galicia, como vostede pide, está garantida. En ningún caso a lei recolle o que se plantexa no enunciado dese punto, tendo que atoparse o centro dentro da mesma área sanitaria da muller. E, ademais, parécenos curiosa a modificación sobre este asunto para engadir no centro público sociosanitario. Non o entendemos, non sabemos a que corresponde este cambio, xa que en ningún centro sociosanitario se realizan IVE. ¿Queren vostedes que se fagan nos centros de residencia da terceira idade? Parécenos pouco serio este cambio, salvo que nos expliquen e saibamos por que queren que se fagan en centros sociosanitarios.

Respecto do punto terceiro, que piden non dar subvencións públicas ás asociacións que axuden as mulleres embarazadas en condicións de especial vulnerabilidade, pois terán que explicar vostedes por que estas entidades non poden concorrer ás axudas, cando o que se exige é que cumpran a lexislación vixente e que cumpran coa legalidade vixente. Son asociacións que están legalmente constituídas, están no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais. Ademais, en todos estes anos, dende a vixencia da orde destas axudas non ten chegado á Secretaría Xeral de Igualdade ningunha protesta, ningunha denuncia sobre mala praxe, nin atentados contra a dignidade e os dereitos fundamentais das persoas. Se nolo explican, tamén llelo agradecemos.

Para nós, cumprir a Lei de saúde sexual e reprodutiva non está en contra de axudar a muller embarazada que quere ser nai. Nós apoiamos sempre a todas as mulleres, ás mulleres que queren ser nais e ás mulleres que non queren.

Respecto do cuarto punto, como xa non me queda moito tempo, o de ofrecer información pública, estamos de acordo con el, ampliando a información dada, xa ben sexa por medios dixitais ou físicos. E igual que estamos de acordo no punto cinco, que pide facer público un informe anual cos datos do Rexistro dixital das interrupcións voluntarias do embarazo do Sergas. E tamén a favor do punto sexto.

Polo tanto, —e xa para rematar— dende o Grupo Popular non teña a menor dúbida de que nos preocupa enormemente a atención sanitaria que se lles dá ás mulleres no caso de ter que someterse a unha interrupción voluntaria do embarazo, porque sabemos que é unha situación...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Vispo...



A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...—remato, señora presidenta— difícil para elas. Por iso, e porque é un dereito da muller recollido pola lei, que estamos seguros se cumpre en Galicia, non temos ningún problema en votar a favor de catro dos seis puntos que compoñen esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o seu remate ten cinco minutos a autora da moción, dona Noa Susana.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas.

Ben, proba de que fixemos ben en traer esta moción foi a súa intervención, señora Rodríguez.

Mire: o debate non o traemos nós, o debate trouxérono vostedes con eses titubeos e contradicións despois dese anuncio dese protocolo infame que era ilegal, pero o seu presidente —cando digo o seu presidente, é o meu tamén—, o señor Rueda, dábo por bo. Quero dicir que non trouxemos nós aquí este debate.

Os datos si se ocultan. Os datos si se ocultan porque non se dan todos, evidentemente. Xa nos podemos facer unha boa aproximación do que está acontecendo no noso país, pero os datos si se están ocultando. Ben, nós pedimos os datos dende o ano 2010, e non nolos están dando; só os do ano 2020 ao 2022, e algúns datos. Non, dende logo, coa precisión que nós queriamos e que si existe, esa previsión, sabemos que existe. O que queremos é que se fagan públicos.

Despois, non se escude na liberdade das mulleres. Por suposto, nós queremos que as mulleres sexan libres para decidir o que fan, primeiro, cos seus corpos e, despois, onde o fan, o que decidan, pero non. E a señora Rodil puxo un exemplo agora como poden ser millóns, porque eu non sei se vostede, probablemente vostede non, pero no noso círculo, máis á esquerda, coñecemos moitas mulleres que si abortaron e saben perfectamente que non son libres para decidir onde poden practicar os abortos. *(Murmurios.)* Asegúrolles que non, non son quen de decidir onde se lles practican os abortos. A señora Rodil —como digo— puxo un exemplo perfecto na Área Sanitaria de Lugo.

Máis cuestións. Claro, falaba tamén vostede dun punto, que entendo que ese é un dos puntos que piden votar separadamente, que ten que ver coas entidades antiabortistas. Xa lle digo que se ese é un dos puntos que piden votar separadamente non imos aceptar a votación por puntos. Ese punto para o noso grupo é unha liña vermella. Entón, non podemos. Porque dirame vostede que é ser tolerante cos dereitos e liberdades das mulleres dar protección e entrada no sistema a entidades antiabortistas, como esa lei que foi a primeira ou das primeiras que aprobou o señor Feijóo ao chegar ao goberno.

Por certo, estou falando, ademais, de entidades que, como xa denunciámos aquí neste Parlamento, perpetúan estereotipos sexistas e machistas con esas mulleres novas embarazadas que verten mentiras infames e acientíficas ou anticientíficas —como vostedes



queiran— acerca do aborto. Consulten vostedes as páxinas webs destas entidades. Vou sen ir máis lonxe á RedMadre, consulte vostede o que di aí acerca da práctica do aborto. E, ademais, son das que máis subvención reciben nas axudas da Secretaría Xeral de Igualdade. A nova reforma lexislativa —teño aquí varios artigos, o 6, o 26— fala de non apoiar estas entidades. ¿Cumprirá isto tamén o Goberno do señor Rueda? Non, xa me está dicindo vostede que non o cumpre.

É que esa lei que amparou esas entidades da RedMadre deu tamén pé a outras lesivas, como o dereito das mulleres a decidir sobre os nosos corpos, como esa Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia de 2011, que asimilaba como descendente para beneficiarse de prestacións sociais os concibidos e concibidas. Iso vai en contra xa do que dicía a sentenza, a última, do Tribunal Constitucional, en contra do que acaba de ditar o Tribunal Constitucional. Ademais, tamén financian vostedes nesas entidades campañas para a protección do dereito á vida en formación.

Entón, déanlle vostedes unha volta. Xa o volveremos probablemente traer aquí a este Parlamento, pero, dende logo, esa para nós é unha liña vermella. Porque as mulleres dicimos: ¡basta xa! Basta xa á pretendida tutelaxe dos dereitos e liberdades que nos corresponden unicamente a nós. Porque xa se dixo e é así: somos sempre, son sempre os nosos dereitos, os das mulleres, os que son cuestionados, sempre; os dos homes, non, non só pola extrema dereita, como estamos vendo, tamén con esa dereita que se di tolerante cos dereitos das persoas.

E nós preguntámonos se entende o PP de Galicia que é ser tolerante cos dereitos e liberdades das mulleres presentar un recurso ao Tribunal Supremo contra esa lei que cambiaba o sistema de supostos polo de prazos. Por certo, unha lei que despois foi moi imitada en países dos máis avanzados socialmente. Se é tolerante o PP de Galicia —pregúntolle— coa liberdade das mulleres discapacitadas e dos dezaseis e dezasete anos, que non necesitan consentimento paterno para moitas outras operacións, pero si para interromper voluntariamente o seu embarazo. E —como digo— se entende tamén o PP de Galicia que é ser tolerante cos dereitos das mulleres votar xunto coa ultradereita en contra de penalizar o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para interromper voluntariamente o seu embarazo. Porque vostedes votaron en contra. Agora enténdese perfectamente... Vostede, non, os seus compañeiros de Madrid. O que vostede queira. Se agora andamos con estas, entón xa me está dando a min un argumento para responderlle noutras ocasións.

Vostedes, o seu partido, votou en contra desa cuestión. Mire: mal que lles pese, o aborto é un dereito, efectivamente é un dereito conseguido —como dixen— grazas á loita feminista e a gobernos comprometidos coas mulleres e, sobre todo, coa nosa liberdade a decidir sobre os nosos corpos, pero tamén o supón decidir sobre as nosas vidas.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Votación das mocións

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos á votación das mocións.

Votamos, en primeiro lugar, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a atención primaria no sistema sanitario público galego.

Presentárase unha emenda polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que non foi aceptada.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) A votación por puntos. ¿Acéptalle a votación por puntos?

Votamos separado o punto 9 e o resto da iniciativa toda xunta.

Votamos entón, primeiramente, todos os puntos agás o punto 9.

Votamos.

Votación dos puntos do 1 ao 11, agás o punto 9, da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a atención primaria no sistema sanitario público galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Votamos agora o punto 9.

Votación do punto 9 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a atención primaria no sistema sanitario público galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 52.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 9 desta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao punto seguinte, o 3.2, que era a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico.

A esta iniciativa presentárase unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que non foi aceptada.



Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao seguinte punto, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas á agricultura ecolóxica.

Hai unha autoemenda e tamén se presentou unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, que entendo que foi rexeitada.

Votamos entón a proposta coa autoemenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre as axudas á agricultura ecolóxica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao último punto, que é a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller, á que non se presentaron emendas.

Non sei se se pediu a votación por puntos e se acepta. ¿Non se acepta a votación por puntos?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Imos volver facer a pregunta: ¿solicita a votación por puntos? Señora Vispo, ¿solicitou a votación por puntos? ¿Pode explicar que puntos pide na votación?

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Solicitamos a votación por puntos, pero vostedes din que non sen saber cales son os puntos que queremos pedir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Queremos pedir por separado a votación dos puntos 2 e 3 nun bloque e noutro bloque o 1, 4, Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ben, ¿acepta a votación por puntos? Déanlle a palabra ao escano da señora Noa.

A señora DÍAZ VARELA: Non, non aceptamos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ben.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa orde do día e pasamos ás proposicións non de lei.

Proposición do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Rodríguez Otero e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar a vía de alta capacidade da costa norte Ferrol-San Cibrao

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei... *(Murmurios.)* — ¡Silencio, por favor! — ...presentáronse as seguintes emendas: a número 50284 dos Socialistas de Galicia, a número 50282 do Partido Popular e a número 50286 do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Manuel Balseiro Orol, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:

<<2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que leve a cabo as seguintes iniciativas:

a) Ofreza prazos e datas concretas para acometer as obras de restauración e rehabilitación integral da estrada N-642, vía vertebral para a comunicación dos municipios do litoral da Mariña lucense, e



concrete os investimentos e o cronograma previsto para garantir a apertura desta estrada ao tráfico xeral en condicións de normalidade, vialidade e seguridade.

b) Acometa de xeito inmediato e sen máis dilación, a execución da Autovía da Mariña (A-74) na totalidade dos treitos que unen as localidades de San Cibrao (Cervo) con Barreiros, e deste xeito garantir o seu enlace coa autovía do Cantábrico (A-8).

c) Desenvolva un plan de conservación anual para o conxunto das estradas nacionais, a imaxe do que executa a Xunta de Galicia nas estradas da súa competencia, e así evitar situacións de abandono e deterioro por evidente falta de mantemento do que son exemplos obvios na provincia de Lugo a A-6, a N-642, a N-120 ou a N-540.>>)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer unha aposta decidida, real e efectiva pola VAC Costa-Norte, levando a cabo, en diálogo e consenso cos concellos polos que transcorre esta infraestrutura, todas as accións precisas para rematar e poñer en funcionamento todos os tramos da vía de alta capacidade Costa Norte Ferrol-San Cibrao, no menor tempo posible.

2. Dirixirse ao Goberno central para que:

2.1. Execute a obra de emerxencia consistente no arranxo da estrada N-642, tralo socavón que tivo lugar no seu firme, no treito entre Burela e Cangas de Foz (á altura da praia da Areoura).

2.2. Faga unha aposta decidida, real e efectiva pola construción e execución da A-74 entre Barreiros e San Cibrao, levando a cabo todas as accións precisas para a súa posta total en funcionamento no menor tempo posible.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Daniel Castro García, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo parágrafo:

<<O Parlamento galego insta a Xunta a reclamar do Goberno Central o desenvolvemento da autovía A-74 coa maior das celeridades, consignando o orzamento necesario para a súa execución no próximo ano.>>)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Pois a iniciativa que hoxe traemos a debate o que pretende é acadar un acordo por unanimidade desta Cámara, no que se lles pida ás distintas administracións, á Xunta de Galicia e tamén ao Goberno central, un compromiso real e efectivo polas infraestruturas da Mariña lucense. É unha débeda histórica das administracións, Xunta de Galicia e Goberno central, que teñen coas infraestruturas da miña comarca.

É o momento xa de pasar das promesas aos feitos e de que as administracións —e repito: Xunta de Galicia e Goberno do Estado— fagan unha aposta decidida tanto pola autovía da Mariña, a A-74, como a da Costa Norte, para rematar co illamento que sufrimos na nosa comarca. Levamos moitísimo tempo reclamando estas infraestruturas fundamentais para unha boa conexión coa Mariña.

Como dicimos, levamos moito tempo reclamando estas infraestruturas, que, se cabe, se puxo máis en evidencia a necesidade destas infraestruturas e de ter unhas infraestruturas acordes ao século XXI co que aconteceu hai un mes, con ese socavón que tivo lugar na estrada N-642, entre Cangas de Foz e Burela, á altura da praia da Areoura, que demostrou a alta dependencia que temos na nosa comarca desta estrada e a necesidade de que se articule xa dunha vez unha alternativa.

É certo que o Goberno central actuou con rapidez, pois en menos de corenta e oito horas houbo un desvío alternativo para poder entrar e saír de Burela, pero agora nós tamén, os socialistas, o que pedimos e o que lle pedimos ao Goberno central, e que tamén vai incluído na proposición non de lei que estamos a debater agora mesmo, é que se execute tamén esa obra de emerxencia, esa rehabilitación da N-642, consistente no arranxo desa estrada despois do socavón que tivo lugar no firme dela —como dicía— hai un mes. E pedimos esa obra de emerxencia da N-642, pero isto non impide tamén pedirles un impulso claro e decidido ás administracións con competencia, Xunta de Galicia, no relativo á VAC Costa Norte, e o Goberno central, coa A-74.

Como dicíamos, na Mariña somos un territorio historicamente illado en temas de infraestruturas, sobre todo, desde que algúns gobernos decidiran hai varios anos desviar a A-8 da costa e desviala cara a Vilalba.

Polo tanto, hoxe o que pedimos é un compromiso tanto da Xunta de Galicia, coa VAC Costa Norte, que une Ferrol con San Cibrao, e tamén do Goberno central, con esa autovía da Mariña, que une San Cibrao con Barreiros.

A infraestrutura da VAC Costa Norte Ferrol-San Cibrao é unha infraestrutura fundamental e que foi abandonada totalmente pola Xunta de Galicia, foi abandonada reiteradamente polos distintos gobernos, tanto do señor Feijóo como agora do presidente Rueda. E cómpre



recordar que esta infraestrutura xa foi anunciada aló polo ano 2001 polo señor Cuíña, pero nada se fixo ata o ano 2009, cando se iniciaron as obras do primeiro tramo. Como digo: é unha infraestrutura fundamental para a vertebración e conectividade da Mariña e tamén de Ortegá, pero atópase totalmente abandonada e olvidada por parte da Xunta de Galicia. E así se desprende dos atrasos inxustificables nela, así como da escasa dotación e execución orzamentaria ano tras ano.

Cómpre recordar que na nosa provincia, na provincia de Lugo, o único treito que hai aberto, esa variante de Xove, é o único que está posto en funcionamento. É verdade que esa variante foi inaugurada por un goberno do Partido Popular, pero con moitísimos anos de atraso, porque as obras xa quedaran licitadas baixo a presidencia do señor Touriño na Xunta de Galicia. Polo tanto, quen lle deu ese impulso verdadeiro a ese tramo foi o Goberno bipartito.

E agora a Xunta de Galicia utiliza a escusa de non seguir coa VAC Costa Norte dicindo que é culpa doutras administracións. Estou a falar nomeadamente que a Xunta de Galicia está a mentir, está a enganar os veciños de Viveiro ao dicir que o Concello de Viveiro está a bloquear este trazado da variante, que non é certo. Pero se fora certo, isto non é óbice para que a propia Xunta de Galicia puidera avanzar noutros tramos da VAC Costa Norte, pero non é así. O único que están a facer é poñéndose a escusa de que o Goberno municipal de Viveiro está a bloquear esta infraestrutura, que —como lle digo— é mentira. Porque cómpre lembrar que no ano 2009 xa había un trazado para a variante de Viveiro que levaba o vial por outro lado, pola ladeira. Este proxecto do ano 2009 foi consensuado e aprobado polo Consello da Xunta, foi aprobado polo Pleno do Concello de Viveiro e contaba co apoio dos veciños. Polo tanto, o único que facía falta cando vostedes chegaron ao goberno era licitar esas obras, pero non o fixeron.

O que fixo a Xunta de Galicia no ano 2010 foi impoñer unilateralmente un novo trazado, un novo trazado imposto unilateralmente por parte do Goberno galego, que non contaba nin co consenso da veciñanza, que ten presentado reclamacións, nin tampouco do Concello de Viveiro. Polo tanto, o trazado do ano 2009, con total consenso; o trazado do ano 2010 do Partido Popular, unha imposición unilateral da propia Xunta de Galicia.

Pero aínda así, despois dese suposto proxecto que tiña a Xunta de Galicia, tardaron máis de oito anos en chamar ao Concello de Viveiro para informar da existencia dun posible proxecto para esta variante, que consistiría na construción dunha ponte que cruzaría a ría de Viveiro. Pero non enviaron toda a documentación, chamaron ao Concello de Viveiro, reuníronse, iso si, con algún colectivo relacionado coa pesca, pero non lle comunicaron realmente cal era o proxecto que tiña a Xunta de Galicia para esta variante de Viveiro.

E seguen a mentir á veciñanza de Viveiro dicindo que a Corporación Municipal do Goberno socialista do Concello de Viveiro está a bloquear esta variante, cando vostedes saben que co voto de calidade da propia alcaldesa se votou en contra de rexeitar este proxecto que presentou a Xunta de Galicia porque carecían de documentación, pero non se opuxeron. Vostedes non sigan a enganar a cidadanía de Viveiro dicindo que é o propio Concello de Viveiro o que está a bloquear esta variante, porque ademais, vostedes saben que no PXOM, que está a tramitar o propio Concello de Viveiro, se incluíu este suposto proxecto da Xunta de Galicia para esta variante coa finalidade de poder sacar para diante este PXOM.



Polo tanto, non sigan a enganar e fagan esa aposta decidida e real en consenso cos concellos, que é o que pedimos na nosa iniciativa, para poder rematar dunha vez esta VAC Costa Norte.

Pero tamén nesta iniciativa pedimos un impulso decidido ao Goberno central por esa autovía da Mariña que vai dende San Cibrao a Barreiros. Tamén unha promesa reiteradamente incumprida, unha promesa que leva máis de vinte anos de atraso. E aí teño que recoñecer que nin o Partido Popular nin o Partido Socialista estamos para sacar peito con esta infraestrutura, porque ningún dos dous gobernos, nin o do Partido Popular nin o do Partido Socialista, foron quen de poñer xa non digo en funcionamento un quilómetro, é que nin un centímetro desta infraestrutura. Polo tanto, nin Partido Socialista nin Partido Popular estamos para sacar peito con esta infraestrutura.

Polo tanto, o que lle pedimos hoxe tamén dende aquí ao Goberno central é que pasen das promesas aos feitos e que, dende logo, sexa unha realidade canto antes esta infraestrutura, a A-74, a autovía da Mariña, tan necesaria para a nosa comarca.

É certo que temos logrado algún acordo nesta Cámara pedindo ese impulso decidido destas dúas infraestruturas, e o Goberno central algo fixo dende que chegamos a ese acordo aló polo mes de xuño do ano 2021. Polo menos sábese por onde vai ir este trazado, hai proxectos que saíron á fase de exposición pública. Pero repito que hai que impulsalo dun xeito decidido para que esta autovía sexa unha realidade.

Polo tanto, basicamente o que hoxe pedimos é un impulso decidido pola VAC Costa Norte, que é competencia autonómica; un impulso decidido pola A-74, que é competencia do Goberno central; e, dende logo, tamén que se leve adiante esa obra de emerxencia na N-642.

Dende que foi o momento do socavón na N-642, á altura da Areoura, houbo dúas formas moi distintas de reclamar as infraestruturas na miña comarca. Os socialistas reclamamos tanto á Administración autonómica como á Administración xeral que se fagan cargo das súas competencias. O único que lles vin facer ao propio Partido Popular e tamén á Xunta de Galicia é pedirlle ao Goberno central. Parece que se olvidaron desa VAC Costa Norte Ferrol-San Cibrao. Porque no momento en que se produciu o socavón nesa N-642, e tivemos que empregar outras infraestruturas da nosa comarca, vimos a necesidade de que se leve adiante esta A-74. Pero tamén os que iamos cara a Viveiro, saíamos de Burela cara a Viveiro, tamén viamos as necesidades desa VAC Costa Norte.

Polo tanto, o que hoxe pedimos con esta iniciativa ás dúas administracións é que fagan os seus deberes, que pasen xa das promesas aos feitos e que, dende logo, na Mariña queremos unhas infraestruturas que sexan verdadeiras, actualizadas ao século XXI.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

Quenda polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Daniel Castro García.



O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Corría aí o ano 2001, entraba Galiza no novo milenio e o Dépor estaba moito mellor, a verdade, o Celta tamén estaba mellor. Eu estaba na educación infantil, en cinco anos, e o Partido Popular, o señor Cuíña anunciaba a vía de alta capacidade Costa Norte Ferrol-San Cibrao. E, ademais, facíao con optimismo, que o optimismo sempre é bo, asegurando que este corredor estaría finalizado en 2007, e estamos en 2023.

Estamos en 2023 e seguimos con este debate, que é repetitivo, é dicir, que é cansino, aínda que sigamos debatendo *ad infinitum*, e que ten como única consecuencia que tanto na Mariña como en Ferrolterra continúen sen unhas comunicacións deste século XXI. Non pedimos moito, non pedimos utopías. Isto sábeo todo o mundo. E na Mariña, sobre todo, diría que máis consciente. Pero quizais quedou aínda máis á vista de todos e de todas co socavón de hai un mes na N-642, que evidenciou de novo o obvio: que estas comarcas estiveron sempre esquecidas. E para iso imos facer un pouco de hemeroteca. Non vai ser moi cansina.

Comezamos no ano 2000. Neste ano todas as organizacións políticas e sindicais, agás o PP, manifestábanse en Ferrol e na Mariña pola decisión do PP de que a autovía do Cantábrico — ¡jollo!, atentas e atentos: do Cantábrico— se desviase a Vilalba. As razóns pódenas pensar vostedes, eu creo que as sabe todo o mundo.

Como xa saben, logo en 2001, anunciaron a VAC Costa Norte, pero até o 2009 non empezaron as obras. Máis tarde, volveron ao Goberno galego e comezaron os grandes titulares, ben, máis ben, seguiron.

Podemos comezar, por exemplo, co conselleiro Agustín Hernández. Ano 2009, «*Agustín Hernández se compromete a finalizar el corredor antes del 2017*», ano 2009, ¡eh! Seguimos con Agustín Hernández, ano 2010: «*Hernández promete que el 40 % de la vía de altas prestaciones de Costa Norte estará en obra ou en fase de expropiaciones este año*». Pois vai ser que non.

Logo pasamos do conselleiro ao expresidente, ao señor Feijóo, ano 2010: «*Feijóo sitúa la VAC Costa Norte como muestra del compromiso de la Xunta con la vertebración territorial*». Eu aquí, señoras e señores do Partido Popular, heilles dicir que o señor Feijóo tiña razón, porque unha promesa que se fixo no 2001 para 2007 e que no 2023 sigamos como seguimos si que é unha mostra de que ao Partido Popular lle interesa a conexión da Mariña e de Ferrolterra co resto do país. (*Aplausos.*) Este era o compromiso, o que dicía Feijóo. O do seu compromiso con Galiza en xeral xa se pode ver: senador por designación autonómica e aínda non fixo ningunha pregunta que teña que ver con Galiza. O uso das institucións de xeito partidista xa é outro debate.

Pero agora pasamos ao 2014 e tocoulle a vostede, señor Balseiro. Voulle recalcar, aínda que onte estiven buscando bastante. E dicía vostede: «*A Axencia Galega de Infraestruturas poñerá en servizo a VAC Costa Norte*», 2014. Errou un pouco o cálculo, pero non pasa nada. Houbo xente que o errou máis ca vostede.



E xa sei o que vai dicir despois: a A-74. E dirao con toda a razón do mundo, porque todo o norte do país levamos vinte anos agardando por ela. E hai que dicilo claramente: o Goberno do Partido Socialista e de Unidas Podemos tivo pouco interese, ou máis ben ningún, por desenvolver esta autovía. E na Mariña a xente xa está farta de ver como ano tras ano e orzamento tras orzamento o único que se ve son uns cantos miles de euros para estudos e proxectos. Porque, ademais, por un ano pode pasar, por dous tamén, pero cando xa van máis de dez isto xa se transforma nunha auténtica vergonza. E por iso tamén introducimos esa emenda para reclamar que se desenvolva a A-74 e, sobre todo, que se faga cun orzamento, se consigne un orzamento realista para a súa construción.

Pero iso si, señor Balseiro —que supoño que logo tamén intervirá—, o Partido Popular tamén gobernou no Estado. Eu creo que M. Rajoy foi presidente do Estado español uns cantos anos e nada se viu. O que si que se viu en cambio cando o Partido Popular gobernou no Estado español foi que para a Mariña lle supuxo certas cousas. Por exemplo, supúxolle a privatización de Alcoa ou que a autovía do Cantábrico misteriosamente non pasase pola Mariña. E, claro, *de aquellos polvos, estos lodos*. Porque que ben estaríamos agora se Alcoa non fose privatizada e se tivésemos unha autovía polo Cantábrico. Estaríamos mellor, eu creo. E, sobre todo, non creo que se atrevan a dicir o contrario na Mariña.

Movémonos agora para o Ortegal... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non creo, señor Balseiro—. Movémonos agora para o Ortegal e Ferrolterra. Por exemplo, no caso de San Sadurniño e Moeche. Este primeiro treito de San Sadurniño e Moeche está xa máis que anunciado, e a xente segue agardando a que comece o proceso de expropiación. Pero mentres tanto, coma sempre, igual que se fixo no caso da Mariña, cando chegan as eleccións, damos campañas electorais nas que se promete xa o prometido e novos anuncios, e despois nada. A xente segue sen pode dispoñer das súas propiedades, tanto agrarias, forestais, rústicas ou ata urbanas. A única realidade aquí que temos é a variante de Ortigueira e uns poucos quilómetros dende San Cibrao até Celeiro.

En resumo, que non nos cremos nada. Vamos, ata que o vexamos enriba do papel e na realidade non nos cremos nada. Máis ben cremos no traballo. E facendo ademais este labor de hemeroteca, casualmente, púxenme a ver iniciativas do Bloque Nacionalista Galego no Congreso. E xa no 2003 estabamos reclamando a A-74 antes de que se chamase A-74, e no 2004, e no 2008, e agora tamén, evidentemente. Porque, ademais, isto non é construír por construír, é facer país. Facer que unhas comarcas que poderían ser un paraíso industrial non acaben sendo o deserto industrial no que se están transformando. E, sobre todo, estrañome cando vostedes, que se autodenominan os defensores das empresas, que na Mariña polo menos non fixeron outra cousa que deixar que pechasen unha tras outra, pois pódennos dicir como en vinte e dous anos, dos cales gobernaron dezaioito, como é posible que vaiamos a unha media de menos dun quilómetro por ano. Isto non creo que sexa defender as empresas, porque algo lles vai nunhas boas comunicacións ás empresas, ¿non? Dezaseis quilómetros de oitenta en vinte e dous anos.

E estou seguro de que as posibles factorías que se queiran instalar no norte do país están contentísimas coa rede viaria autonómica que vostedes desenvolveron, estou seguro que o están.



En resumo —e xa vou finalizando—, somos un país que vai a menos porque o Estado con nós non conta e co PP aínda menos aínda. No BNG temos claro que Ferrolterra, que Ortegale e que a Mariña teñen que ir a máis, que é pensar en grande, estar conectadas. E aínda o dicíamos hai un par de semanas: a Mariña conectada, a Mariña futuro, só hai futuro cunha Mariña conectada. Porque, ao fin e ao cabo, ir a Madrid é moi importante, ir rápido a Madrid é moi importante, estar ben conectados con Madrid é moi importante, pero á xente o que lle importa no seu día a día é chegar rápido quizais de Ribadeo a Viveiro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Castro, como ía de titulares de prensa, olvidóuselle a vostede un titular. Vostede supoño que coñece a Ramón Hermida e supoño que coñece a Antonio Veiga, e saíron alá polo ano dous mil e algo dicindo que o Bloque Nacionalista Galego condicionaba apoiar os presupostos do Estado por dous proxectos da Mariña: un era facer esa autovía e outro era abrir o dique norte de Alcoa. ¿E sabe como están eses dous proxectos? Vostedes non apoiaron os presupostos naquel ano, apoiaron ou abstivéronse consecutivamente mentres tiveron representación no Congreso todos os proxectos. ¿E sabe como están tanto o dique norte de Alcoa como a autovía da Mariña? Cero quilómetros e cero de todo. *(Murmurios.)* Iso dixérono vostedes. *(Aplausos.)* Iso dixérono vostedes, e apoiárono, e condicionárono, polo cal vostedes credibilidade na Mariña ningunha. Xa os coñecen, chámanlles alí a vostedes os «chufóns políticos». *(Aplausos.)* Porque credibilidade non teñen absolutamente ningunha.

Señorías e señora Otero, temos que ser claros... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se poñan nerviosos que aínda hai máis, ¡eh! *(Murmurios.)*

Aos socialistas galegos non lles importan absolutamente nada as infraestruturas da Mariña, de Ferrolterra e de Ortegale. A vostedes o único que lles importa é tapar as súas vergoñas, dos seus xefes do goberno en Madrid. ¿Que casualidade que só se lembran das infraestruturas da zona xusto cando a falta de mantemento da N-642 e a falta de investimentos da autovía, que é a única alternativa a ese socavón —non é o corredor da Mariña, a alternativa ao socavón que existe é a autovía da Mariña, non o corredor, non confundamos—, da que só existe esa autovía unha liña no papel e deixan á Mariña incomunicada.

Esta iniciativa, señora Otero, vale máis polo que cala que pola proposta de acordo que formulan os socialistas galegos. Porque o que di é que a Xunta faga unha aposta decidida pola vía de altas capacidades da costa norte —esta era a iniciativa inicial, ¡eh!—, entre Ferrol e San Cibrao, máis coñecidas nesta zona como corredor da Costa, que xa forma parte —como sabe vostede— dun acordo neste mesmo Parlamento, nesta mesma lexislatura, concretamente o 23 de setembro do ano 2021, aprobado por unanimidade, é dicir, polos tres partidos do arco parlamentario.



E aínda, para ser sinceros, o acordo que aprobamos por unanimidade incorporaba un segundo punto que poñía deberes tamén ao Goberno de España. No texto orixinal que o Partido Socialista remite a este Parlamento fan desaparecer toda a mención do compromiso de dirixirse ao Goberno de España, hoxe en mans do Partido Socialista —aínda que sexa por pouco tempo—, para que execute no menor prazo posible a autovía da Mariña, a A-74.

Atendan, señorías, que isto non ten desperdicio. (*Murmurios.*) Ese tan oportuno olvido, señora Otero, do Partido Socialista intentan corrixilo vostedes á última hora a través dunha autoemenda. ¡Mire que interese tiña vostede na autovía da Mariña! E así queda demostrado, como tamén aconteceu coa chapuza dos trens de FEVE, que non cabían como saben vostedes nos túneles novos. Vostedes xestionando..., apaga a luz e vaiamos para a cama, porque se non... E os socialistas, ¿sabe o que fixeron? Que os socialistas só acertan, ¿sabe cando acertan vostedes? Cando rectifican ou cando non lle tocan a nada, porque todo ao que lle tocan é para empeoralo.

E sobran razóns, claro que sobran razóns para o cese da secretaria de Estado de Infraestruturas, incluso sobran razóns para que dimita tamén a ministra de Transportes.

Pero o gran problema non son estas persoas cesadas. O gran problema é que o Goberno de Pedro Sánchez está a ser un inimigo de Galicia, tamén en materia de infraestruturas. O gran problema é que o Ministerio de Transportes non pode facelo peor con Galicia. E ante esta realidade o Partido Socialista garda un estrepitoso silencio.

Hai quen puidera pensar que o señor Formoso convenceu o señor Sánchez de situalo na Secretaría Xeral a cambio de calar ante evidentes agravios de Sánchez coa nosa comunidade autónoma e con Galicia. Ese listado de agravios daría sinceramente para facer un pleno de tres días seguidos só en infraestruturas neste Parlamento.

Vostedes soben as peaxes das autoestradas cando prometeron non facelo, os socialistas. Vostedes paralizan a transferencia da AP-9. Os socialistas dos trens AVRIL non chegan e aínda non sabemos que tipos de trens van chegar.

¿Quere que falemos da provincia de Lugo? Ímolo facer tamén. Vostedes non se lembran do problema da A-6 cun viaduto caído e sen ter aínda data de reconstrución. Lugo segue sen autovía a Ourense, o que fai inviable saír á Meseta pola A-52. Vostedes tampouco se lembran da A-54, esa conexión de Lugo con Santiago que se eterniza en mans do Goberno de España.

Está claro que Sánchez desconecta Lugo, Sánchez desconecta a Mariña e Sánchez desconecta Galicia. (*Aplausos.*)

E nós sospeitamos o que queren disimular os socialistas con esta iniciativa. ¿Saben que queren disimular vostedes? A súa mala conciencia en tema de infraestruturas na Mariña e en tema de infraestruturas en Galicia. Porque alcaldes incluso do Partido Socialista levan anos denunciando o mal estado das estradas de titularidade estatal. O ministerio carece dun plan de conservación e mantemento similar ao que ten a Xunta. Mentres que o Goberno galego inviste dez millóns de euros nestas tarefas, vostedes só bachean, por poñer un exemplo, a N-120, de Monforte a Ourense, cando se producen accidentes polo mal estado do firme.



Pero falando da Mariña non hai parangón da competencia que ten a Xunta de Galicia, que é o corredor desde San Cibrao ata Ferrol, do cal hai dous tramos xa abertos, que é o tramo San Cibrao-Celeiro, cincuenta millóns de euros de inversión nos momentos máis difíciles, cando os presupostos da Xunta de Galicia mermaban e houbo un goberno decidido, (*Aplausos.*) e a variante de Ortigueira, cincuenta millóns de euros. E en San Sadurniño outro tramo que se vai facer, que está presupostado en corenta millóns de euros.

¿E sabe vostede por que se fai a variante de Ortigueira? ¿Pero vostede que di do Concello de Viveiro? O Concello de Viveiro tivo oito alternativas encima da mesa (*Murmurios.*) e desbotou as oito alternativas. ¿Sabe o que fai falta en Viveiro? En Viveiro fai falta un cambio de goberno municipal (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) para que a Xunta poida facer ese corredor. Vostedes non poden dar leccións na Mariña, nin en Viveiro nin no resto da Mariña.

¿Sabe como está o tramo que ten competencia estatal? Porque vostedes nin cumpriron o que deixou Rajoy, nin cumpriron o que deixaron os gobernos de Rajoy, vostedes paralizaron todo. Neste momento, cero quilómetros executados, cero quilómetros en obras e cero en todo. E presupostan única e exclusivamente quíntos mil euros ano tras ano nos presupostos do Estado para non executalos. Iso co beneplácito do Bloque Nacionalista Galego, (*Aplausos.*) co beneplácito e co apoio do único deputado, da única representación que teñen vostedes en Madrid, que pode ir todo nun patinete desde... Digo que pode ir, non o deputado, que colle todo nun patinete desde Pedrafita toda canta representación teñen vostedes nese sentido. (*Murmurios.*)

Por iso, leccións absolutamente ningunha. Houbo un goberno e os dous tramos que están abertos recórdolles que os fixo un goberno do Partido Popular.

Efectivamente, coincido con vostede nunha cousa, porque eu tamén son da Mariña. Efectivamente, as obras por parte dos gobernos do Partido Popular, non así por parte dos gobernos do Partido Socialista, que nada fixeron cando tiveron oportunidade, puideron ir a máis ritmo, e a nós tamén nos tivera gustado que foran a máis ritmo. Pero como vostedes paralizaron e non deixan facer a variante de Viveiro, a Xunta de Galicia ten unha alternativa, que é a carretera da Gañidoira, presupostada en trece millóns e medio, e aí ímoslle dar saída a unha boa parte da Mariña, mentres que vostedes sigan bloqueando Viveiro.

Espero e desexo polo ben da Mariña pero, sobre todo, polo ben de Viveiro que a partir de maio poidamos sentarnos a negociar coa Xunta de Galicia, que haxa un goberno que mire os intereses de Viveiro, dos cidadáns de Viveiro, e que non mire os intereses partidarios.

Porque, ademais vostedes levárono á xustiza. Ese tema levárono á xustiza.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: E a xustiza —termino— ao Partido Socialista sacoulle a razón. Polo cal vostedes non están lexitimados para nada, nin o Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista, para falar de infraestruturas na Mariña.



Nós non é que esteamos tampouco demasiados lexitimados pero sen lugar a dúbidas... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Si, si porque hai que ser coherentes, señorías, porque hai que ser serios e hai que recoñecer os fallos. Pero, sen lugar a dúbidas, a anos luz de vostedes. *(Aplausos.)* A nós tivéranos gustado que iso fora a moito máis ritmo, pero quen o paralizou foi un goberno...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor BALSEIRO OROL: ...do Partido Socialista en Viveiro, se non hoxe Viveiro tería unha variante e os veciños de Viveiro non terían que ter as colas que teñen.

Polo tanto, leccións nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Torrado, vostede vai alí algunha vez, pero vostede aquilo non controla. *(Risos.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para rematar ten a palabra a autora da proposición non de lei, dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Vostede é moi ousado, señor Balseiro. É que agora propón a saída da Mariña polo interior, agora propón a saída da Mariña pola Gañidoira. Esa é a solución do señor Balseiro. E, claro, xa lle dicía eu, señor Balseiro, que deixaran a escusa de que o Goberno municipal presidido por unha grande alcaldesa, que moi ao seu pesar vai seguir sendo alcaldesa de Viveiro *(Aplausos.)* despois das eleccións que se van celebrar en maio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque non, señor Vega, é que nas últimas eleccións municipais quero recordarlle... está gobernando... É que nin sequera volven presentar o candidato que presentaron nas anteriores eleccións. Escóndense, ¡por favor!

A señora PRESIDENTA (Candía López): Respecten a rolda de palabra.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pero se xa perdemos a conta dos anos que levamos a gobernar en Viveiro. Señor Vega, ¡por favor!

Ademais, o anterior presidente da Xunta de Galicia tiña moita, moita..., e fixo unha aposta decidida e grande polo Concello de Viveiro, foi co candidato do Partido Popular prometendo aquela estrada Viveiro-Roupar e dicía: se gaña o Partido Popular en Viveiro farase esa estrada. Non se fixo porque o Partido Popular non gañou. Entón, ¿cando a van construír? É que esas son as promesas que vai o Partido Popular, ademais de empregar as institucións a favor dos seus candidatos. Estamos moi acostumbrados a velo ultimamente. Pero, por desgraza, se esa é a condición para poder arranxar tamén a estrada Viveiro-Roupar pois seguirá esperando, porque —como lle digo— imos seguir tendo unha alcaldesa socialista no Concello de Viveiro a partir do mes de maio.



Pero deixen de mentir con ese pretexto de que é o Concello de Viveiro o que non permite dar continuidade á VAC Costa Norte. Porque o que eu lle dicía, señor Balseiro, é que independentemente de que iso fora verdade e o Concello de Viveiro estivera a paralizar a variante de Viveiro, iso non impide que a Xunta de Galicia traballe no resto dos tramos da VAC Costa Norte, porque vai dende Ferrol ata San Cibrao, non é só Viveiro. Pero vostedes seguen a mentir e utilizan a escusa do Concello de Viveiro, cando saben que hai toda a colaboración por parte do Concello de Viveiro para sacar adiante este proxecto, porque é fundamental tamén para o propio Concello de Viveiro, que incluso no PXOM incluíron esa variante proposta pola Xunta de Galicia. Polo tanto, a vontade do Concello de Viveiro é toda, non amosa o mesmo a Xunta de Galicia.

Señor Balseiro, vostede falou de todo menos da A-74, da autovía da Mariña, da que xa lle dixen eu que nin vostede nin eu temos moitos motivos para tirar foguetes. Non temos moitos porque no día de hoxe non hai nin un só centímetro construído desa A-74, e vostedes estiveron moitísimos anos tamén a gobernar en Madrid. ¿Que estiveron a facer? É que o único que fixo foi botarlle a culpa ao Bloque Nacionalista Galego da A-74, nin sequera miraba para o PSdeG cando estaba a falar desa autoestrada, que eu lle dicía que nós tamén temos parte moi importante desa culpa.

Pero é moi ousado porque chegou a dicir que non teñen ningunha responsabilidade na A-74, non teñen ningunha responsabilidade da apertura do dique norte de Alcoa. Tampouco estiveron a gobernar en Madrid. Non teñen ningunha responsabilidade.

Agora di que é o Partido Socialista o que bloquea a transferencia da AP-9. Vostedes estiveron alí, pasaron por Madrid, pero non fixeron absolutamente nada. No tema da transferencia da AP-9 tiveron bastante que ver, bloqueando o debate, a toma en consideración desa proposición de lei na Mesa do Congreso dos Deputados.

Señor Balseiro, hoxe o que nós pedimos é unha aposta real e decidida. O mesmo grao e compromiso que lle pedimos á Xunta de Galicia coa VAC Costa Norte pedímosllo tamén ao Goberno central coa autovía da Mariña. ¿Que non ven ben niso? Poñer o mesmo grao de exixencia a unha administración que á outra. E, ademais, tamén pedimos esa obra urxente de emerxencia que hai que realizar na N-642 para poder arranxar ese problema dese socavón que se produciu á altura da praia da Areoura.

Se vostedes hoxe non votan a favor desta iniciativa, votarán en contra de darlle adiante á VAC Costa Norte, tan necesaria para a nosa comarca, tamén para Ferrolterra e Ortegá, e votarán en contra da autovía da Mariña. Despois moito lles gusta falar a vostedes, e nomeadamente a vostede, nos medios de comunicación dicindo que imos forzar unha votación no Parlamento de Galicia para que o Partido Socialista teña que votar e teña que posicionarse. Posiciónense vostedes porque estamos a pedir o mesmo: VAC Costa Norte, A-74 e a obra de emerxencia na N-642.

E, señor Balseiro, vostede falaba aquí neste *totum revolutum* de tantas cousas, e empezaba a falar deses ceses, desas dimisións, deses cambios. Están vostedes para falar de cambios, jeh! Vostedes foron quen de cambiar en medio dunha lexislatura un presidente dun goberno



autonómico que abandonou ese amor a Galicia, Galicia, Galicia, e saíu fuxindo, correndo cara a Madrid para solventar os problemas do Partido Popular de Madrid, e alí nin sequera lle deixan mandar, porque saben quen manda alí, porque nin sequera. Abandonou Galicia con todo o amor que lle tiña, *(Aplausos.)* vai para Madrid e a verdade é que pinta máis ben pouquiño.

Polo tanto, centrándonos na iniciativa: A-74, VAC Costa Norte e N-642. Creo que máis completiña non pode ser a iniciativa que hoxe traemos e que...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...non entendería —remato, presidenta— que non saia por unanimidade polos grupos con representación nesta cámara.

No tocante á emenda do Bloque Nacionalista Galego, entendemos que coa autoemenda, que tamén podemos presentar autoemenda, señor Balseiro. É a autoemenda do Partido Socialista a que se vai votar; olvídense da outra. O que se vai votar é a autoemenda do Partido Socialista. Vostedes utilizan esa técnica, nós tamén podemos utilizala. Polo tanto, cremos que non á emenda do Bloque Nacionalista Galego, xa está tamén asumida na que presentamos nós. Polo tanto, imos votar non á proposta orixinal do PSdeG.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moi ben, moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para executar todos os orzamentos que ten propios e procedentes do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e dos fondos europeos para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse a seguinte emenda, que ten o número 50285, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Begoña Freire Vázquez.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Begoña Freire Vázquez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:

<<2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que transfira todos os fondos que, en materia de vivenda, pertencen lexitimamente á Comunidade Autónoma de Galicia, en canto titular estatutario das competencias nesta materia (artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.>>)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei ten a súa quenda por dez minutos don Eduardo Ojea Arias.

O señor OJEA ARIAS: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Imos cambiar un pouco o terzo, imos ver se facemos isto un pouco máis tranquilo, porque a estas horas tanto nervio pode ser malo.

A covid aínda presente, a crise da enerxía, a guerra de Ucraína, a inflación descontrolada e a subida dos prezos de interese dos préstamos hipotecarios xeran un desequilibrio nas economías das familias máis vulnerables. A vivenda xa era un problema antes e agora agudizouse máis, de aí que as administracións deban dedicarlle máis atención nos seus orzamentos.

As familias con menos ingresos cada vez teñen máis dificultades para acceder a unha vivenda, pois os prezos disparáronse. Segundo os datos do Observatorio da Vivenda de Galicia, dende o 2015, os prezos dos alugueiros aumentaron un 29,7 por cento, superando o 35 por cento no conxunto das sete cidades.

En Galicia, máis de 253.000 persoas presentan carencias materiais severas, o que implica un empeoramento do acceso a unha vivenda digna, accesible e axeitada na poboación máis vulnerable.

Se ollamos o Rexistro de demandantes de vivenda, vemos que hai máis de quince mil demandantes, e un 83 por cento deles solicitan vivenda de promoción pública. O número de demandantes de vivenda de alugueiro no rexistro da Xunta triplica os inmobles ofertados.

Unha análise da evolución das vivendas de protección en Galicia indícanos que no período 2006-2009 había 10.556 vivendas iniciadas e 11.602 rematadas. No período 2015-2021, foron 578 iniciadas e 633 rematadas, o que mostra un descenso moi importante, coincidindo, iso si, coa crise económica logo do estoupido da burbulla inmobiliaria. A partir de aí, a nova vivenda no mercado libre sen réxime de protección multiplicou por dez as vivendas de protección en Galicia.

No que vai de lexislatura, son 468 as vivendas de protección rematadas. Segundo os datos do Ministerio de Transportes, no 2014 había 268 vivendas de protección; no 2016, 134; no 2021, 66; e no primeiro semestre do 2022 había 12 vivendas de protección.

A construción de vivendas protexidas e a súa adxudicación aos colectivos máis vulnerables debería ser unha prioridade nestes momentos, así como facer unha boa política do alugueiro. O orzamento para o 2023, en vivenda, da Xunta pasou de 123,5 millóns de euros a 125,6 millóns de euros, é dicir, aumentou un 2,1 millóns de euros, o que significa o 1,7 por cento do incremento do ano 2022, quedando moi lonxe do que o Goberno de Touriño no ano 2009 dedicaba á vivenda. Daquela, o Programa de aceso á vivenda tiña 109 millóns de euros destinados á vivenda e 78 millóns de euros á rehabilitación.



O Partido Popular mudou a partir de aí de prioridades, validando a rehabilitación fronte ao acceso á vivenda, de tal xeito que o Programa de fomento de rehabilitación e de calidade de vivenda dispón dun orzamento de case 90,4 millóns de euros, incluídas axudas para a rehabilitación, o programa Rexurbe, de rehabilitación de vivendas baleiras para incorporalas ao Programa de mobilización de vivendas, reparación de edificios, etc.

O Programa de acceso á vivenda, o programa 451B, inclúe a construción de vivendas protexidas de promoción pública, as vivendas públicas de protección autonómica e tamén é onde se convocan as axudas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025, e parte dun orzamento de 35,3 millóns de euros. Un exemplo, para a construción de vivenda de promoción pública hai 8 millóns e para o barrio de San Paio de Navia, 8,8 millóns de euros. Este orzamento vén representar o 1 por cento de todo o orzamento xeral da Xunta; é dicir, de cada cen euros, un deses vai para os programas de vivenda.

Só co impulso progresista de España, a través de plans como o Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e os fondos europeos remitidos á Xunta, fai que a Xunta mova ficha. O Goberno central está a loitar para que a vivenda sexa de verdade un dereito para os galegos e galegas, aínda máis para xoves e tamén para os concellos do rural. Así, o Plan estatal de vivenda 2018-2021 e o Plan estatal de vivenda 2022-2025 suman 191 millóns de euros. O bono de alugueiro xove son 22,8 millóns de euros, xunto cos 205 millóns de euros dos fondos extraordinarios do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Suman unha inxección de 419 millóns de euros do Goberno á Comunidade galega. É de recoller que son programas plurianuais e cofinanciados, loxicamente, como debe ser.

Galicia tamén destinará deses fondos 81,1 millóns de euros ao Programa de rehabilitación en contornos residenciais e 29,2 millóns para a reconstrución de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes. Tamén, ante a necesidade de construción de vivenda para alugueiro, convoca a Xunta, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, máis de 28 millóns de euros, dos cales 16 millóns proceden de fondos europeos, aos que se lles engaden outras axudas procedentes do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, unha contía de 12 millóns.

Aquí hai que dicir que é fundamental que a Xunta avance na execución deses fondos, xa que de aí van depender os novos investimentos. Ante este incremento orzamentario, a Xunta ten a obriga de executar ao máximo todos os programas para que non vaian ao remanente ou que teñan que ser devoltos aos fondos europeos. A realidade é que ano tras ano hai un déficit de execución, sobre todo no programa de acceso á vivenda. Así, no ano 2021, só o 34 por cento se executara e nos tres primeiros trimestres do 2022 só o 9,2 por cento se investira. Todo isto se xustifica por parte da Xunta dicindo que se trata de programas plurianuais, que é difícil cadrar as anualidades e outras desculpas. Aínda así, supoñendo que iso sexa certo, só algo máis do 70 por cento se executa en tempo e forma, o que indica un remanente de case trinta millóns de euros, cantidade moi necesaria para investir en construción de vivendas para o alugueiro, tan necesario en Galicia. Convén recordar que o Executivo galego ten todas as competencias neste ámbito, como di o artigo 27.3, e que a súa obriga é dar solucións reais ante a gran dificultade para acceder ao alugueiro en Galicia. De aí que a nosa iniciativa sexa para instar a Xunta a que execute todos os orzamentos propios que ten



procedentes do Plan estatal de vivenda 2022-2025 e dos fondos europeos para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro.

Como ven vostedes, señorías, esta é unha iniciativa de consenso, porque pensamos que iso non se lle debería pedir. Tería que ser o natural por parte da Administración. Polo tanto, esperemos contar co seu apoio e que de aquí en adiante ese 70 por cento se converta nun 90 por cento, porque sería bo para todos os galegos e galegas.

Moitas grazas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona María Begoña Freire Vázquez por un tempo de dez minutos.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

¿Impulso progresista, señor Ojea? ¿Impulso progresista para que? ¿Impulso progresista para promover unha lei estatal de vivenda, unha lei inconstitucional, unha lei que cercena o noso Estatuto de autonomía e unha lei que pretende admitir a ocupación ilegal como forma de acceso preferente ao parque público de vivendas? E vostedes, señores do Partido Socialista de Galicia, xunto cos señores do BNG, votaron a semana pasada neste Parlamento en contra de poñer freo á ocupación ilegal de vivendas e de ofrecer seguridade xurídica aos propietarios e ás comunidades de veciños.

Señorías, nós defendemos o dereito á vivenda e a obriga das administracións públicas de promover o seu acceso. Pero tamén defendemos o dereito á propiedade e a loita contra a ocupación; vostedes non. Xa sabemos onde están. (*Aplausos.*)

Señorías, a Xunta de Galicia é consciente de que a vivenda é unha das inxerencias fundamentais dos galegos e das galegas e por iso fai cada ano un esforzo de investimento e de xestión centrado no obxectivo de apoiar as familias galegas na consecución dunha vivenda digna. O Goberno galego do Partido Popular leva moitos anos traballando en políticas de vivenda cun marcado carácter social para facilitar o acceso á vivenda, especialmente dirixida ás persoas que máis o necesitan, cubrindo o cen por cento da renda a través do Bono de Alugueiro Social e cun impulso decidido tamén na aprobación de vivenda pública co obxectivo de dotar Galicia de 1.200 vivendas públicas máis.

A primeira remesa, de 500 vivendas, xa en diferentes fases, rematarase no ano 2025 e outra segunda tanda estarán rematadas no ano 2026. É un investimento importante, porque os fondos europeos financian unicamente o 35 por cento, e o IGVS, o 65 por cento do investimento.



Falan vostedes aquí ás veces tamén dos orzamentos da Xunta de Galicia e pretenden comparalos cos do Bipartito. Ben, por unha banda, os orzamentos do Goberno galego en materia de vivenda aumentaron ano a ano. Neste ano 2023, o incremento foi dun 13,85 por cento, señor Ojea, con respecto ao ano anterior, e temos un crecemento sostido nesta lexislatura de máis do 46,5 por cento. Á construción de vivenda de promoción pública e de alugueiro accesible destínanse, no 2023, 36,22 millóns de euros; a axudas ao alugueiro, 31,7, a través de catro programas. Son preto de 68,35 millóns de euros os que se destinan este ano a facilitar o acceso dos cidadáns á vivenda.

O orzamento, como dixen, é para a construción de novas vivendas de promoción por parte do IGVS para rematar a construción de vivendas na Coruña e en Santiago e iniciar outras novas vivendas en Vigo, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Lugo. Hai 1.500 vivendas en marcha.

Queren comparar tamén cos orzamentos do Bipartito; un orzamento —que xa o explicamos nalgũa ocasión— que dotaban de forma artificiosa vendendo solo do Instituto a Xestur para xerar ingresos no IGVS, endebedando as Xestur. Deixáronnos unha débeda de nada máis e nada menos que 260 millóns de euros, que se rematou de pagar no ano 2019, dez anos despois. Estas foron as súas contas, señores do Partido Socialista e señores do BNG, un recorte de 260 millóns de euros.

Tamén repiten constantemente o tema da execución, pois imos dar datos de execución. No ano 2021, houbo unha execución global do 83,93 por cento, e, polo que se refire ao ano 2022 —que, como saben, son datos provisionais—, dun 78,49 por cento. E isto, señores do Partido Socialista, a pesar do atraso do Estado en aprobar e firmar o convenio do Plan de vivenda, que impediu realizar antes a convocatoria dos diferentes programas. E isto, señores do Partido Socialista, a pesar de non poder executar, entre outros, a dotación consignada de 8 millóns de euros, ano tras ano, para San Paio de Navia, debido aos atrancos do alcalde socialista de Vigo; alcalde socialista que tamén boicotea o orzamento do Consorcio do Casco Vello de Vigo, bloqueando a rehabilitación de nove edificacións e vivendas de promoción pública.

Poderíamos poñer máis exemplos, que tamén hai que recordar, de atrasos nas licenzas, en Lugo, en Betanzos, en Ferrol e en Pontevedra. Unha vez máis pedímoslles aos grupos da oposición neste Parlamento que medien cos seus alcaldes para que deixen de bloquear os investimentos da Xunta no territorio. Nestes días houbo un novo atranco a proxectos da Xunta, un novo atranco ao investimento de máis de 450 millóns de euros para a construción do novo CHUAC da Coruña. A alcaldesa socialista racha o pactado coa Xunta en febreiro de 2021, utilizando o novo CHUAC como arma electoral e impedindo que poidan comezar as obras por puro interese partidista. ¡Lamentable! ¡Lamentable e irresponsable, señorías!

O IGVS executa programas de vivenda financiados con fondos propios, con fondos do Plan de vivenda e cos fondos europeos. Entre os programas financiados con fondos propios, temos os de adquisición de vivendas en centros históricos e os de adquisición de vivendas protexidas, os programas dirixidos a concellos para a rehabilitación de inmobles de titularidade municipal, infravivenda rural e o Fondo de Cooperación para a rehabilitación, o



Bono de Alugueiro Social e tamén as axudas para préstamos e rehabilitacións para comunidades de vivenda de promoción pública. En todas estas liñas no ano 2022 concedéronse todas as axudas solicitadas que cumprían os requisitos.

Con respecto ao Plan estatal de vivenda 2022-2025, cómpre recordar que o anterior plan rematou en decembro de 2021. Non aprobaron o novo ata finais de xaneiro, non se decidiu a repartición dos fondos ata marzo e ata o mes de xullo o Executivo central non se dignou a convocar á Xunta de Galicia para a firma do convenio de colaboración, en virtude do cal, como saben, non se pode comezar a executar o plan coa transferencia dos fondos.

Perdemos máis de medio ano: plan paralizado durante case sete meses, porque o Goberno de Sánchez foi incapaz de sacalo para que se puidese executar en xaneiro. Unha total irresponsabilidade, cando saben que moitos dos programas de carácter social dependen do Plan estatal de vivenda.

Malia este atraso, en 2022 o IGVS executou o cen por cento da anualidade do plan para o 2022, que era de 19,6 millóns de euros de execución, que foi debidamente xustificada ante o Ministerio. Por certo, convén tamén recordar que o Plan estatal de vivenda existe dende os anos oitenta. Non os inventaron vostedes, señores do Partido Socialista; o que si fixeron foi modificar a peor o plan estatal, que finalizaba en decembro do 2021, porque era do Partido Popular e, ademais, reduciron o esforzo, a aportación do Goberno central, respecto de plans anteriores, ao obrigar ao cofinanciamento do 30 por cento por parte das comunidades autónomas.

Polo tanto, señorías, o cofinanciamento de Galicia neste plan é do 30 por cento. A Xunta de Galicia achega 24,68 millóns de euros ao Plan de vivenda. Pese a iso, os representantes do Partido Socialista e do Goberno central non teñen reparo en afirmar que as axudas do plan son financiadas exclusivamente con fondos estatais. Outra mentira máis.

Respecto dos fondos europeos, señor Ojea, xa dixemos en moitas ocasións que o Estado actuou cunha total improvisación en relación coas axudas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que se financian con fondos europeos. Cada poucos días remitía ás comunidades autónomas novas instrucións sobre a aplicación dos fondos, obrigando a modificar as bases das convocatorias, co conseguinte atraso. Pese a iso, a Xunta de Galicia foi quen de executar preto do 90 por cento dos fondos do Plan de recuperación, situándose entre as comunidades con mellor cumprimento dos obxectivos. Catro dos programas dos plans rexistraron unha execución de entre o 94 e o cen por cento e un deles chegou ao 86 por cento.

O plan dividía os fondos para a rehabilitación da anualidade 2022 en dúas partes: unha de 67,27 millóns de euros, que foron recibidos pola Xunta en 2022, e outra de 81,18, que se distribuiría en dous pagos de 40,5 millóns cada unha. Para que a comunidade autónoma recibise os primeiros 40,5 millóns de euros debía acreditar a convocatoria de determinadas axudas. Galicia xa recibiu ese montante. Para recibir os segundos 40,5 millóns de euros debía acreditar a execución de polo menos o 25 por cento dos obxectivos.

Como se dixo, en Galicia cumprimos preto do 90 por cento, máis do triplo do mínimo establecido no plan. Xa se solicitou ao Ministerio a transferencia dos 40 millóns, e esperemos que non se demoren.



Ademais, hai 29,22 millóns de euros para a construción de vivendas para alugueiro social que se recibirán a comezos deste ano e outra cantidade equivalente que se repartirá ao longo do ano. Os fondos da primeira entrega xa están comprometidos e tamén parte dos da futura repartición.

Quero aclarar tamén que os fondos que envía o Goberno central para os programas do Plan de recuperación son financiados exclusivamente con fondos da Unión Europea, sen que o Goberno de España aporte nin un só euro. Pola contra, a execución do programa de construción de vivendas de alugueiro social si obriga a destinar a estes fondos da comunidade autónoma. Este programa execútase en parte coa construción de vivendas de promoción pública por parte do IGVS. Do custo total, o IGVS, como dixen, achega o 85 por cento e o 35 por cento é financiado con fondos europeos.

Polo tanto, señorías, a execución do Plan de recuperación finánciase exclusivamente con fondos da Unión Europea e da Comunidade Autónoma, sen que o Goberno de España achegue un céntimo.

Para finalizar, plantexan os señores do Partido Socialista unha iniciativa na que non temos ningún problema coa súa parte resolutiva, sempre e cando acepten a emenda de adición que presentamos dende este Grupo Parlamentario Popular: «...dirixirse ao Goberno de España para que transfira todos os fondos que en materia de vivenda pertencen lexitimamente á Comunidade Autónoma de Galicia».

Nós non temos dúbidas da xestión, da execución e do bo traballo que realiza o Goberno galego para que os recursos de que dispón en materia de vivenda cheguen á cidadanía galega, a pesar da incompetencia e dos reiterados atrancos postos no camiño polo Goberno de Pedro Sánchez. Pero o que reclamamos é que nos transfiran todos —¡todos!— os fondos que nos corresponden. Primeiro, porque son de Galicia e dos galegos e das galegas. Segundo, porque o Goberno central non os sabe xestionar, e non podemos perder esa oportunidade de dispoñer de todos os recursos de Europa. Terceiro, porque nos corresponden polo cumprimento dos obxectivos marcados. E queremos asegurarnos, ademais, de que non se fan adxudicacións directas a comunidades autónomas ou a concellos como Barcelona, etc., por parte dun ministerio retraendo os fondos que nos corresponderían a Galicia.

Xa nos dirán se aceptan a emenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra, por dez minutos, dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Falar hoxe de vivenda é falar dunha das principais preocupacións dos galegos e das galegas neste momento. Hoxe, na actualidade, no noso país, grazas á mala xestión da anterior crise



financeira, que tiña na especulación da vivenda e do ladrillo un dos principais eixos, grazas á falta de medidas intervencionistas eficaces no que debera ser un dereito e grazas ao empeoramento das condicións materiais de vida e da situación económica, ter unha vivenda digna, acceder a unha vivenda digna, é cada vez un dos problemas máis importantes a que se teñen que enfrontar os galegos e galegas, e non é en absoluto un dereito normalizado nin garantido.

E o peor é que temos un goberno que, como na crise económica en xeral, na cuestión da vivenda é parte fundamental do problema porque, lonxe de poñer solucións, o que fai é poñer obstáculos. E hoxe Galiza sofre consecuencias graves e intensas polas políticas do Partido Popular nos últimos anos; primeiro pola ausencia de políticas e segundo porque as que impulsa son absolutamente ineficaces ou, como demostran os datos que xa se foron dando en intervencións anteriores, pois non se executan adecuadamente.

A cuestión é que hoxe a exclusión residencial é o principal vector de empobrecemento. Hoxe, que estamos nunha crise económica, este dereito fundamental, o dunha vivenda, é un dos principais factores que fan que a xente estea nunhas circunstancias moi extremas.

É necesario recordar que xa antes da pandemia isto afectaba o 35 por cento da poboación do noso país. Somos a peor comunidade autónoma con case un millón de persoas afectadas por algún indicador de exclusión da vivenda. Efectivamente, a pandemia da covid-19, o aumento dos gastos derivados do acceso á vivenda e a inflación en xeral están a agravar notablemente esta cuestión, algo que en cada un dos informes sucesivos que edita a Rede galega contra a pobreza está sobradamente sinalado. Tamén a comezos de ano coñecemos datos preocupantes da evolución dos prezos. Os datos actualizados do Ministerio dicíannos que Galiza notaba o valor máis alto da vivenda nunha década e que os galegos gastan de media un 25 por cento do seu salario.

A voceira do Partido Popular —que, se non me equivoco, é da Coruña— estaba máis centrada na súa intervención en facer aquí unha demostración máis do argumentario do señor Feijóo a nivel do Estado —alimentando a preocupación social sobre a ocupación e buscando crear aí un problema— que de analizar que A Coruña é unha das cidades do Estado na que máis sobe o prezo tanto do alugueiro como da compra.

Tamén hai que ter en conta que neste contexto inflacionario non está a capacidade salarial dos galegos e das galegas para botar foguetes, xa que temos dous de cada dez asalariados que gañan menos de mil euros ao mes no noso país; polo tanto, non é en absoluto minoritario hoxe en día na Galiza de 2023 ser pobre traballando. Realmente, é unha realidade cada vez máis crecente. E por primeira vez, ademais, desde que hai rexistro dos inmobles —onte coñecía-se un informe da Federación Galega de Inmobiliarias—, sabemos tamén que cada vez hai menos mercado de alugueiro e que cada vez é máis caro; polo tanto, cada vez hai máis galegos e galegas en circunstancias de moita dificultade para poder asumir o que é ese custo mensualmente, sobre todo porque a precariedade, que é unha cuestión de fondo, é cada vez máis crecente. Temos falado moito no que vai de ano neste hemiciclo de como evolúen as pensións no noso país, de como evolúen eses datos de salarios medios que eu daba e de como, por exemplo, factores como ser muller —que é un



factor máis de risco para caer na exclusión residencial— e pensionista no noso país significa ter un 25,7 por cento de pensión menos que ser home; 4.288 euros menos ao ano. Pensemos, por exemplo, na mocidade deste país —que tamén se teñen debatido recentemente aquí iniciativas respecto do acceso da mocidade á vivenda—. Sabemos que un mozo ou unha moza deste país de media ten que dedicar, se quere vivir fóra da casa, un 58 por cento do seu salario —se é que o ten—, a sufragar os gastos de alugueiro; o cal é unha das causas —non a única— que explica as reducidas taxas de emancipación xuvenil que hai no noso país.

Esta é un pouco a situación. E, ante esta situación ¿que pode facer un goberno como o galego?, ¿que instrumentos ten? Pois un, pese a ese alegato que escoitamos hai aquí uns minutos, é o autogoberno. ¿Cal é o problema? Que o Partido Popular exerce o autogoberno cun ariete desde este atril; dá uns discursos moi enchidos de defensa do autogoberno, pero despois o que é legislar ou xestionar en absoluto o fai. Para mostra, tamén a finais de ano tiñamos o debate orzamentario e un ano máis o Partido Popular négase, por exemplo, a empregar a política fiscal para conseguir mobilizar vivenda; xa por non falar aquí outra vez dos datos de investimento en vivenda pública e na creación destes instrumentos, que son realmente lamentables. Hoxe rasgan as vestiduras novamente respecto do autogoberno. Nós estamos, por suposto, a favor de calquera iniciativa que o fomenta, pero, desde logo, o que hai é bastante hipocrisía.

E ao lado do autogoberno e de forma complementaria —porque, ao final, é o que nutre o autogoberno— está o orzamento. O orzamento é sempre o instrumento máis poderoso que pode ter un goberno para mudar a realidade dos galegos e das galegas. E, ante iso, ¿que vemos no orzamento da Xunta? Por unha banda, vemos que as políticas están mal enfocadas —isto tamén o debatemos anualmente— e, por outra banda, vemos que xa non só está mal enfocado o orzamento, senón que é un orzamento que non se cumpre, un orzamento realmente ficticio, porque, por unha banda —e isto tamén o din anualmente informes da Conta xeral do Consello de Contas—, vostedes non executan e, por outra banda, acometen tantas modificacións orzamentarias, tantas transferencias dunhas partidas a outras, que realmente o orzamento final, o orzamento que se leva escasamente á práctica, non ten anda que ver coas políticas inicialmente fixadas. E isto, insisto, é algo analizado polo Consello de Contas, non é unha cuestión que estean inventando aquí as/os deputados da oposición.

Por exemplo, as contas para o ano 2021, xa pechadas, xa publicadas, arrojan uns datos preocupantes sobre a baixa execución dos programas de vivenda. Podemos falar dos fondos consignados pola Secretaría Xeral Técnica da sección 8ª da consellaría correspondente, falar do Programa 451B, de acceso á vivenda, que dos seus 25 millóns de euros de crédito vixente, só 8 millóns de euros foron executados finalmente, apenas o 32 por cento. Seguimos: o Instituto Galego da Vivenda e do Solo, para este mesmo programa, dos 45,5 millóns de euros de crédito vixente, apenas ten gastos autorizados por importe de 31 millóns de euros, e executáronse, finalmente, 27. Tendo en conta, ademais, que estes investimentos sobre a teoría están orientados a un aspecto tan fundamental como a garantía dun teito digno ou a oportunidade para que a xente nova poida emanciparse, pois, desde logo, é inaceptable que un orzamento xa de por si pobre non sexa executado.



Así tamén outro ano máis poderíamos seguir poñendo exemplos, pero a cuestión é que a globalidade deste programa está á cola en execución respecto do total de programas recollidos. Veremos os datos de 2022, pero tememos que serán na mesma liña, porque isto que estou comentando non é algo anecdótico, dun ano, que hai unha dificultade puntual por algunha cuestión técnica. Non, non, é a evolución xeral que segue o orzamento da consellaría. Polo tanto, temos que concluír que é algo premeditado politicamente. Pode haber unha parte de incapacidade, pero nós estamos convencidas de que é parte do modelo político do Partido Popular, que prefire que a vivenda siga no mercado da lei da selva e que quen poida pagala pode e quen non pois que mire para o aire.

Entre as partidas nas que quedaron, por exemplo, fondos sen executar destacan algunhas como o investimento de 7,75 millóns de euros anunciado para a construción de vivenda de promoción pública, que finalmente se executaron 4,1, etc., etc.; unha tónica habitual. Por iso, non é sorprendente que, respecto das transferencias e dos programas que dependen do Estado, a execución sexa similar. Polo tanto, nós concordamos co fondo da cuestión que concreta a iniciativa do PSOE: que, evidentemente, hai uns fondos e hai que executalos. En todo caso, é sobradamente coñecido que non é o modelo do BNG. Nós vemos que ese modelo ten eivas. Por unha banda, as contías que consigna o Estado parécennos insuficientes e, por outra banda, apostaríamos por outro modelo que dese a este país máis capacidade de autogoberno e decisión sobre as políticas e que, polo tanto, vía esa reforma pendente do sistema de financiamento ou vía outro tipo de negociación política, puidésemos negociar os fondos directamente desde Galiza. Por iso, non nos opoñemos ao arrebatado semisoberanista do Partido Popular, aínda que non temos demasiada fe en que haxa unha vontade real detrás del.

En último caso, non quería rematar esta intervención sen facer unha última reflexión. Isto do que estamos a falar hoxe é importante, pero igual de importante é que se aumente a ambición por parte da Xunta respecto dos problemas que ten este país, que non son ese argumentario do Partido Popular de Madrid sobre a ocupación. Eu pensei que iso xa quedara claro no anterior debate que tiveron os voceiros da materia na Comisión 2ª, pero vexo que non. Entón, pois, unha vez máis, fronte aos titulares baratos, creo que hai que poñer os datos e que hai que recordar unha vez máis que en contraposición aos escasos datos de ocupación, na súa maioría en vivendas da Sareb ou de entidades financeiras, queremos poñer o exemplo das 3.176 —¡3.176!— execucións hipotecarias en Galiza só desde 2019 e sabendo que o ano da pandemia, durante o confinamento, etc., e ante situacións extraordinarias, houbo un baixón moi grande pola pandemia. Polo tanto, isto é un dereito fundamental. E estes presuntos grandes defensores da Constitución deberían estar máis ocupados en garantir ese dereito que en favorecer os grandes tedores, en favorecer os grandes especuladores bancarios, que o que fan é alimentar que a vivenda sexa no día de hoxe un dos principais problemas para os galegos e galegas e un dos principais vectores de empobrecemento.

Polo tanto, somos partidarios de que se executen eses fondos, somos partidarios e partidarias de que haxa máis capacidade de autogoberno e de xestión desde Galiza, pero máis partidarios seríamos de que realmente houbo un cambio de vontade na Xunta de Galicia...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...para executar eses fondos e para facer políticas activas de vivenda, porque están fracasando na execución, pero tamén no modelo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra o autor da proposición non de lei, don Eduardo Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Señorías do Partido Popular, estamos de acordo perfectamente e asumimos como nosa a súa emenda, porque pensamos que é unha adición que complementa un pouco o sentido da votación da nosa proposta. Polo tanto, non temos inconveniente en integrala.

Ao BNG tamén quero agradecerlle o sentido porque pensamos que é o resultado do acordo.

Convén recordar que o Executivo galego ten todas as competencias en ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda, como se recolle no artigo 27.3 do Estatuto de autonomía, e que é a súa obriga dar as solucións reais ante a grave dificultade para o acceso ao alugueiro en Galicia. Non podemos esquecer que o gasto en políticas sociais nun momento tan delicado como o que estamos a vivir debe ser prioritario e suficiente para dar resposta á realidade galega. As políticas de vivenda do Goberno central e do Plan de recuperación están orientadas a lograr que a vivenda sexa un dereito de verdade para os galegos e as galegas e non soamente un artigo da Constitución. Estas medidas teñen un gran impacto nas empresas, concretamente no sector inmobiliario, que ten un peso moi relevante na economía e no emprego. Ante a oportunidade única para Galicia do Plan de recuperación, é necesaria a cogobernanza e a colaboración público-privada para aproveitar ata o último plan, transformar Galicia e modernizar o parque de vivendas con criterios de eficiencia enerxética e sostibilidade.

Desde o 2018 o Goberno de Pedro Sánchez transferiu a Galicia preto de trescentos millóns de euros para actuacións en vivendas, edificios e barrios. Ese compromiso orzamentario vai ter continuidade este ano e os vindeiros co obxectivo de rehabilitar 25.000 vivendas en Galicia e construír 1.200 novas vivendas sociais.

Aquí gustaríame facer un inciso e comentar que é importante, dende o meu punto de vista, dende a experiencia que teño do respecto institucional entre as administracións, que non se deben omitir informacións á cidadanía sobre a procedencia dos fondos percibidos. Estoume a referir a algo acontecido hai moi poucos días nas axudas a menores de 35 anos para adquirir unha vivenda no medio rural en concellos de menos de 10.000 habitantes. Estas proceden dos fondos estatais, a través do Ministerio de Transportes. Dalgún xeito, a Xunta ou a conselleira correspondente debería dicirlle, unha vez que estaba entregando as chaves, de onde viña o orzamento. Pero, bueno, é unha opinión persoal.

Tamén comentaba a señora voceira do Partido Popular na última Comisión 2ª que se falaba das ocupacións ilegais. Nin nós nin o BNG negamos a maior, simplemente estabamos dicindo



que o sentido, a percepción que temos nós e a que ten o Partido Popular non é exactamente igual. De todos os xeitos, desde a Consellería de Vivenda da Xunta, nalgunha conversación, dáse por feito que un dos problemas máis importantes para que non exista en Galicia vivenda é o das ocupacións que está habendo, que son incontroladas. Os datos do Ministerio do Interior indícanos que ata o día de hoxe non hai ningún inmovible ocupado en Galicia que estea relacionado con organizacións criminais ou movementos radicais. Menos do 1 % das ocupacións de toda España suceden en Galicia. É dicir, en Galicia, segundo a Fegein, hai 660 vivendas ocupadas; e en España hai 85.000. É dicir, estamos a falar de moi pouca cantidade.

A pesar de todo isto, a incidencia deste delito en Galicia supuxo o 0,19 % de todas as infraccións penais do ano 2022, tanto de violación de morada como de usurpación de bens inmoebles. A pesar de todo isto —dámoslle a razón— o problema existe, é unha realidade que require unha atención e unha pedagogía axeitada.

Coméntolle tamén que Galicia é a comunidade de España con menos axudas ao alugueiro para a xente moza, así como a que ten a menor promoción pública de vivenda.

Con respecto aos fondos dos que falaba vostede —repito— é fundamental —e párome— que a Xunta avance na execución deses fondos, xa que de aí dependen os novos investimentos. Polo tanto, pensamos que é importante o feito de que todo ese incremento de orzamento externo para vivenda que nos está vindo sexa canalizado no sentido de que toda a política de vivenda que se faga en Galicia sexa para conquistar que se gaste, que se execute, a maior parte posible co fin de que os veciños e veciñas, os galegos e as galegas, poidan ter unha solución axeitada a ese problema que estamos a vivir de falla de vivenda — sobre todo para os máis mozos e xente que ten problemas, os máis vulnerables—.

Polo tanto, dígolle que aceptamos e que esperamos contar (...) *(Inintelixible.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos co punto 4.3.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un protocolo de prevención e intervención fronte a agresións e abusos sexuais no ocio nocturno

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, que ten o número 50283, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Rosalía López Sánchez.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Rosalía López Sánchez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP004022).

Emenda de substitución:



Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, en colaboración coas organizacións profesionais de locais de lecer nocturno, ás seguintes medidas:

- 1. Elaborar, a través dun proceso de diálogo con representantes do ocio nocturno, e no marco do o Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un protocolo común para toda a comunidade autónoma, para a prevención e intervención ante situacións de sospeita de agresións sexuais que teñan lugar nos locais de ocio nocturno que inclúa, entre outras, pautas de actuación en todos os ámbitos (incluído o sanitario e policial), formación específica ao persoal e información sobre medidas preventivas.*
- 2. Dar publicidade aos locais de lecer nocturno que implanten este protocolo, de xeito que estea accesible vía web, a disposición de toda aquela persoa que o queira consultar.*
- 3. Promover unha campaña, con carteleira específica a instalar nos locais, para sensibilizar e informar sobre o contido do protocolo e as pautas a seguir ante unha posible situación de violencia de xénero ou agresión sexual.*
- 4. Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para á inmediata revisión, pola vía de urxencia, da Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, e para que os que cometan delitos sexuais poidan ter, canto antes, as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022, e que se viron rebaxadas coa actual regulación.*

Neste sentido o Grupo Parlamentario Popular no Congreso ten rexistrada, desde decembro de 2022, unha Proposición de Lei de modificación da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal no relativo aos delitos de agresións sexuais, que permitiría a súa inmediata tramitación.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona Olalla Rodil por un tempo de dez minutos.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo.

Efectivamente, hoxe traemos desde o BNG esta iniciativa arredor das violencias sexuais, concretamente daqueles casos que se producen en espazos de lecer ou de ocio nocturno. E traémola tamén ao fío dun caso que precisamente foi hoxe outra vez noticia polo avance do proceso xudicial. Estou convencida de que todas as súas señorías escoitaron falar del, que o coñecen, e que tivo lugar nos últimos días do pasado ano 2022 nun local nocturno, neste caso da cidade de Barcelona. Trátase dunha violación, que aínda está en proceso xudicial — non foi xulgada—, cometida presuntamente por un coñecidísimo futbolista, Dani Alves, e que tivo lugar —insisto— nunha discoteca na que afortunadamente —eu creo que hai que dicilo así— todo o persoal, todo o persoal deste establecemento, desde o persoal que traballa na barra até o persoal que traballa na porta en materia de seguridade, recibira formación e información específica en materia de violencia machista e contaba, ademais, cunha



ferramenta clara que se demostrou, ademais, útil e —o máis importante desde o noso punto de vista— necesaria para enfrontar situacións de agresións sexuais nestes establecementos.

Concretamente, ese persoal coñecía a existencia dun protocolo que foi posto en marcha no seu momento pola patronal do ocio nocturno xunto co Concello de Barcelona. Tamén hai un protocolo ampliado posto en funcionamento pola Generalitat de Cataluña que está centrado na prevención e na intervención fronte a violencias sexuais que se poden producir neste tipo de establecementos, en locais —insisto—, bares, pubs ou discotecas de ocio nocturno. Son protocolos moi completos. Están os dous, tanto o do Concello de Barcelona como o da Generalitat de Cataluña, pendurados nas súas correspondentes páxinas web. Son protocolos que garanten —entendemos— a protección das mulleres agredidas; ferramentas para que o persoal saiba como actuar, como garantir o acceso das mulleres aos recursos de apoio e de acompañamento que poidan necesitar, tanto sanitario como psicolóxico, e tamén, e especialmente, favorecer os labores de instrución e de investigación dos corpos policiais nos casos de denuncia.

Nós, a partir deste caso moi coñecido, que ademais creou un estado de opinión e un debate social —como acontece en casos destas características, que teñen unha proxección e difusión pública tan grande—, cremos que hai que aprender de todos, de todos os casos, independentemente de que se produzan ou non no noso país. E a verdade hei de dicir que, unha vez que se fixo público o caso, co enorme —insisto— impacto mediático que tivo por se tratar dun futbolista, lamentablemente aquí no noso país tivemos que ver como a Delegación do Goberno Español tivo máis ansia no seu momento por sacar un titular que por aproveitar ese debate social, ese estado de opinión xerado no conxunto da sociedade do Estado español —e tamén, por suposto, aquí en Galiza—, e aproveitar ese debate social, ese caso concreto, para traballar en serio e con toda a disposición na loita contra as violencias machistas nos establecementos de ocio nocturno.

Pasou por riba de todo o mundo. Primeiro, da hostalería —que saíu dicindo publicamente que ninguén falara con eles—, e tamén da Xunta, que creo que dixemos moitísimas veces aquí desde o BNG que a nós nos gustará máis ou menos, pouco ou nada —neste caso politicamente—, o Partido Popular, pero o certo é que teñen a maioría para gobernar e teñen esa responsabilidade de facelo, e hai que lembrar que é o Goberno galego quen ten as competencias en loita contra a violencia machista —moi especialmente no ámbito social da prevención e, sobre todo, da atención ás mulleres agredidas ou vítimas de todas ou calquera das formas de violencia machista—. No ano 2007, na Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista que se aprobou aquí en Galiza, a violencia sexual, calquera tipo de agresión de índole sexual contra as mulleres ou nenas, xa é considerada unha forma de violencia machista —insisto, desde o ano 2007—.

O único que ten realmente o Goberno español —por iso digo que lamentablemente se intentou facer ou sacar unha tallada ou proveito máis ben político de toda esa situación, máis que intentar traballar para avanzar e mellorar—, o único do que dispón o Goberno español, é dunha guía violeta —que tamén todo o mundo pode acceder a ela, está pendurada na web— que non aborda de maneira específica o ocio nocturno nin supón protocolo de ningún tipo nin medidas de prevención e intervención específicas. É unha guía informativa que eu convido



a todo o mundo, por suposto, a descargar e ler, pero é de carácter xeral —por se calquera de nós somos testemuñas dunha agresión sexual ou dun caso de violencia machista—.

Nós, desde o BNG, a raíz deste caso, cremos importante impulsar unha iniciativa deste tipo, co que propoñemos hoxe e traemos a debate a este Pleno, co obxectivo de que situacións coma esta que centrou a atención pública ou outras violencias sexuais que acontecen no noso país ou que poidan acontecer nun futuro no noso país sexan abordadas con todas as garantías e, sobre todo, coas ferramentas necesarias, en primeiro lugar, para blindar os dereitos das mulleres agredidas, para blindar os dereitos das mulleres que poidan sufrir calquera tipo de agresión sexual e garantir, polo tanto, a nosa atención, ou a súa atención —calquera de nós somos potencialmente vítimas—, acompañamento e protección; pero tamén, en segundo lugar, para formar e informar a todo o persoal dun sector que, polas súas características, rexistra moitas das agresións sexuais que se producen no noso país.

No BNG temos claro que precisamos ferramentas que sexan, en primeiro lugar, sentidas como propias. Esa é a eficacia dos protocolos, das actuacións, das políticas que se desenvolven. O seu éxito radica en que todas e todos as sintamos como propias. E para iso é necesario que os axentes e os distintos actores en sectores como pode ser o do ocio nocturno traballen desde o seu inicio, desde o seu deseño e a súa elaboración man a man coa Administración. O outro, sacar unha nota de prensa, entregar unha guía, pendurar un par de cartaces... —moitas e moitos dos que estamos aquí estivemos en locais e establecementos que teñen carteis de que son espazos libres de violencia machista e tócanche o cu nada máis entraches pola porta—, pendurar cartaces, pendurar unha guía, publicar unha nota de prensa ou dar un día unha charla serve de pouco.

Este protocolo —por iso propoñemos que se impulse a súa elaboración conxuntamente e man a man cos representantes do sector da hostalería— desde o noso punto de vista debe incluír medidas —insisto— de prevención e de intervención.

As medidas de prevención serán a través de accións de información, de sensibilización, de publicidade, de formación sobre violencias sexuais, para impedir que este tipo de conductas, por suposto, se produzan, mais tamén medidas dirixidas a detectar situacións ou factores de risco que podemos atopar neses establecementos pola súa arquitectura, porque son espazos bastante escuros polo xeral ou polas situacións que se poidan producir dentro deles.

E despois tamén están as medidas de intervención, que partan duns principios que desde o BNG entendemos como fundamentais: en primeiro lugar, o respecto absoluto ás decisións que tome a persoa agredida; en segundo lugar, a universalidade e imparcialidade na aplicación do protocolo, é dicir, que se produza ou se aplique sen discriminación de ningún tipo; en terceiro lugar, o respecto —por suposto— á legalidade e seguridade xurídica —falamos de delitos tipificados no Código Penal e debe, polo tanto, darse a seguridade tamén aos distintos traballadores destes establecementos de que se cumpre coa normativa vixente—; e a claridade, saber o que ten que facer cadaquén en cada momento e como actuar nas diferentes situacións que poden darse, e iso exige moita formación entre o persoal.



É unha proposta que hoxe traemos desde o BNG en positivo, coa que queremos seguir avanzando e mellorando colectivamente como país, e desde todos os ámbitos, na loita contra a violencia machista en todas as súas formas e, neste caso concreto, tamén nas violencias sexuais; unha violencia que, de acordo cos propios datos difundidos e publicados pola Xunta de Galiza o ano pasado, correspondentes aos anos 2020 e 2021, continúa aumentando ano a ano.

E estou segura e convencida de verdade de que non é que haxa máis violencia sexual, senón que o que existe tamén é unha maior sensibilidade e conciencia feminista tanto nas mulleres como na propia sociedade. Do que estamos diante é dun número maior de denuncias, de situacións e de casos que antes, en moitas ocasións simplemente se daban por naturais, por normais, ou nos que acababamos calando e non denunciando porque non íamos ser cridas. Cos datos da Xunta —insisto—, na comparativa 2020-2021, que son os últimos que están publicados, os delitos contra a liberdade e indemnidade sexual incrementáronse nun 29 % no noso país, as agresións sexuais con penetración aumentaron un 32 % en Galiza, e calquera dos demais delitos vinculados coa liberdade sexual das mulleres aumentaron o 28 %. En Galiza no ano 2021 producíronse —que consten en rexistros de denuncias— 707 delitos sexuais. No conxunto do Estado español prodúcese unha violación a unha muller cada catro horas.

En síntese —e con isto remato—, hoxe traemos unha proposta para que o Goberno galego, que é quen ten as competencias, traballe man a man e en diálogo co sector da hostalería do ocio nocturno para elaborar, para aprobar, para pór en práctica, un protocolo de prevención e intervención fronte a agresións sexuais que garanta ferramentas útiles, pero sobre todo necesarias, para que os pub, os bares ou as discotecas sexan espazos seguros tamén para nosoutras, para as mulleres. Porque estou segura, segura, de que todas as que estamos aquí temos polo menos un caso no que nos vísemos implicadas no que fomos agredidas. E eu creo que é hora tamén de ir dicindo que abonda xa.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno para o Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona Rosalía López.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Señorías, Galicia é unha comunidade pioneira na implantación de medidas contra a violencia de xénero, e, de feito, moitas destas medidas foron aprobadas por unanimidade nesta Cámara. E vou citar algúns fitos acadados nestes últimos anos.

O primeiro é a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que reconece a violencia sexual e os abusos sexuais como unha forma de violencia de xénero e, en consecuencia, artella actuacións para combatela. O segundo, a Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica a lei



anterior e pola que a explotación sexual pasa a ser considerada unha forma de violencia de xénero e así as mulleres vítimas de explotación sexual poden percibir a prestación periódica á que teñen dereito as mulleres vítimas de violencia de xénero. A dita lei autonómica, ademais, tivo melloras ao longo desta lexislatura ao recoñecer de forma expresa e legalmente a violencia dixital e a violencia vicaria como formas tamén de violencia de xénero.

En Galicia tamén contamos dende o ano 2012 co Observatorio Galego de Violencia de Xénero, que é un órgano colexiado, interinstitucional, que estuda, que avalía, que segue todos os casos e todas as políticas contra a violencia de xénero que se levan a cabo nesta comunidade, e que é interinstitucional e interdisciplinario, como non podería ser doutro xeito.

Dende a Consellería de Sanidade, por outra banda, no último 28 de setembro, nunha reunión que tivo lugar, aprobáronse dous procedementos para actuar ante casos de submisión química e agresións sexuais. Un foi o procedemento de atención a mulleres vítimas de agresión sexual e, outro, un procedemento de actuación do Servizo Galego de Saúde ante casos de sospeita de submisión química. E, ademais, nesta mesma reunión tomouse a decisión de facer un grupo de traballo para a análise en profundidade das violencias sexuais, para así tentar dar unha resposta efectiva ante o incremento de casos, o alarmante incremento de casos que se está a producir non só na comunidade senón en toda España.

Dende o ámbito da Consellería de Emprego e Igualdade vanse poñer en marcha tres novas medidas: os centros de crise e atención ás vítimas de violencia sexual, que van ser centros de atención integral ás mulleres vítimas de violencia sexual e que funcionarán as vinte e catro horas do día os trescentos sesenta e cinco días do ano, e no que a Xunta traballa firmemente para a súa creación e para a súa posta en marcha coas máximas garantías e canto antes; a nova Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que entrará na Cámara galega este mesmo ano; e o informe sobre as violencias sexuais —a Xunta de Galicia ten a obriga de presentarlle ao Parlamento tres informes de carácter anual: o primeiro é o informe sobre as violencias sexuais, o segundo é o informe sobre a situación de violencia de xénero en Galicia e o terceiro é o informe sobre a prestación periódica—.

Ademais, hai outras seis medidas que xa foron implantadas hai tempo e que xa están en funcionamento. Unha é a asistencia xurídica gratuíta para todas as mulleres vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual. Outra é asignación de convenios con entidades do terceiro sector, como pode ser a Fundación Meniños, que é unha entidade que traballa dando atención a mulleres que son vítimas de violencia de xénero, ou a asociación Acadar, que é a asociación de mulleres e nenas con discapacidade de Galicia, que fai programas de promoción, de prevención e de concienciación sobre a violencia dixital e a violencia sexual que se exerce sobre as nenas e mulleres con discapacidade en Galicia, xa que non podemos obviar o concepto de interseccionalidade cando falamos de vulnerabilidade fronte á violencia de xénero de determinados colectivos de mulleres. Tamén temos a campaña «Agresión off», que é unha campaña para a formación e información sobre violencia sexual a toda a cidadanía, pero máis concretamente para a mocidade, a través da instalación de puntos de formación e de información en toda a xeografía galega en eventos, feiras, festivais, etc. Temos o Campus Virtual de Formación en Igualdade Laboral e Relacións Laborais, que é o primeiro campus virtual de formación en igualdade laboral que se leva a cabo dende unha



administración autonómica e que este ano formou a máis de tres mil persoas. E, por último, temos o portal web autonómico sobre igualdade laboral.

Ademais, a todo o que mencionei hai que sumar dúas iniciativas das que non me podo esquecer. Unha é o Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, que está dotado con 7 millóns de euros e que foi aprobado o mes de agosto pasado, co que a Xunta fai efectivo o seu compromiso —xa do 2010— do Protocolo interinstitucional de actuacións coas mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual —que ademais é un documento estratéxico que sitúa a Galicia unha vez máis como referente do reforzamento e fortalecemento dos recursos en atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero—. E, a segunda, a Rede Galega de Acollemento para Vítimas de Violencia de Xénero, que conta con casas de acollida, vivendas tuteladas e tamén centros de emerxencia, cun orzamento de 700.000 euros —o que implica un 24 % máis que o ano anterior—. E, por último, hai que dicir que nestes momentos a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior xunto coa Secretaría Xeral de Igualdade están a iniciar a elaboración dun protocolo para a prevención e tratamento das violencias sexuais sobre a muller no eido do ocio nocturno, como vostedes solicitan na súa PNL.

Mais, señorías, a pesar de todas as medidas que acabo de mencionar e a pesar do enorme esforzo da Xunta de Galicia no seu traballo transversal a través de todas as consellerías, a violencia de xénero continúa a espallarse e os seus tentáculos chegan a todos os recunchos da nosa realidade. E así temos que seguir a pelexar e así temos que estar hoxe aquí falando das violencias sexuais exercidas sobre as mulleres. Os datos a verdade é que son arrepiantes. Segundo o quinto informe elaborado polo Observatorio Noctámbul@s, que pertence á Fundación Salud e Comunidade, no 2018 as violencias sexuais máis frecuentes no eido do ocio nocturno foron: comentarios sexuais incómodos —sufridos polo 97 % das mulleres enquisadas—; insistencias ante negativas —86 %—; tocamientos non consentidos —81,4 %—; acurrallamentos —44,7 %—; unha de cada cinco mulleres que responden sufriron violacións —é dicir, agresións sexuais con penetración—; violencia a través das redes sociais no contexto do ocio nocturno —32,5 %—; un 18 % dos homes participantes na enquisa invitaron a consumir algunha droga a outra persoa, basicamente a mulleres, coa finalidade de acabar tendo relacións sexuais —á inversa só un 6 % de mulleres—, e en ningún caso estamos falando de burundanga. Tamén di que é un erro relacionar a xuventude coas violencias sexuais, porque, por desgraza, as violencias sexuais non teñen fronteiras en canto á idade. E estas cifras mostran a alta frecuencia e o amplo espectro de violencia sexual que sofren as mulleres, moitas veces dun xeito case normalizado —e eu diría que cun carácter estrutural e sistémico, por desgraza—.

E con todo isto que acabo de mencionar, con todos estes datos e coa que está a caer, señorías, o Goberno de España, nun acto de irresponsabilidade extrema e cunha decisión cunhas consecuencias terribles, decide aprobar a Lei do «só si é si», co que ata o día de hoxe 45 delincentes sexuais en Galicia viron xa reducidas as súa penas e co que, máis pronto que tarde, 45 delincentes sexuais estarán moi pronto convivindo con todas nós e coas nosas fillas. Fai falta ter pouco sentido, fai falta ter pouca responsabilidade, fai falta ter pouco sentido do deber e pouco pundonor profesional cando ninguén dimitiu a estas alturas e non



hai visos de que ninguén vaia dimitir. (*Aplausos.*) ¡En fin!, ¡que dicir que non se teña dito xa!, así que continúo.

Se falamos de iniciativas con carácter privado para acometer estas situacións, temos iniciativas de eido internacional ás que se pode adherir calquera país de Europa, por exemplo o protocolo «Ask for Angela», que é un manual de instrucións internacionais ao que están adheridas 40 discotecas en España —ningunha galega—; ou o que comentaba a señora Rodil en Cataluña —en Barcelona máis concretamente—, o protocolo «No callamos», implantado desde o ano 2018. En canto ás administracións públicas, houbo un conato de encontro entre o Ministerio de Igualdade e a Federación de Empresarios do Ocio Nocturno este verán, pero que só quedou nunha mera declaración de intencións. E con respecto ás comunidades autónomas, existen iniciativas heteroxéneas pero si é certo que necesitamos pautas e protocolos comúns de actuación.

E, polo tanto, por todo o exposto e como así manifestamos na emenda que presentamos, cremos que é necesario elaborar, a través dun proceso de diálogo, con representantes do ocio nocturno e no marco do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un protocolo común para toda a comunidade autónoma, con pautas de actuación en todos os ámbitos —sanitario, policial...—, formación específica do persoal e información sobre medias preventivas, publicidade aos locais de lecer nocturno que implanten este protocolo vía web, promoción dunha campaña para sensibilizar e informar sobre contidos do protocolo; e, por último, e como non podería ser doutro xeito, instar a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para a inmediata revisión, pola vía de urxencia, da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, para que os que cometan delitos sexuais poidan ter canto antes as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022 e que se viron rebaxadas coa actual regulación. (*Aplausos.*)

E, nese sentido, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso ten rexistrada dende decembro de 2022, unha proposición de lei de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, no relativo aos delitos de agresións sexuais, que permitiría a súa inmediata tramitación.

Máis nada pola miña banda e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora López.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Lamentablemente, pese a contar cada vez con máis recursos, existe un máis que preocupante incremento de casos de agresións sexuais. E, por suposto, o ocio non queda alleo a isto. Son numerosos os informes, e xa se deron aquí os datos —que non imos repetir— que falan dunha multiplicación da violencia sexual durante o ocio nocturno ou contextos de lecer. Estamos falando de que preto do 60 % das mulleres no Estado afirma ter experimentado



algunha vez na súa vida unha situación de violencia sexual —jollo!, normalizada— en espazos de ocio; algo, por certo, que, fronte a ese 60 % das mulleres, só manifesta o 4 % dos homes.

Nós non imos facer hoxe aquí —ningunha das voceiras o fixo— un discurso —que podería entenderse, ademais, demagórico— asumindo que as agresións sexuais se dan de forma maioritaria nos locais de ocio nocturno, porque estaríamos terxiversando a realidade. Pero si é certo que os contextos de ocio son moi propensos a que se dean agresións sexuais, precisamente porque determinados comportamentos, como digo —e de aí o termo—, están máis que normalizados. Falamos de comentarios incómodos, miradas lascivas, insistencias, acurrallamentos, tocamientos ou bicos non consentidos. A señora Rodil dicíao aquí e eu tamén estou convencida de que absolutamente todas cantas de nós estamos aquí presentes sufriu isto algunha vez —je se só fose algunha vez, ¿verdade?!—. Porque, tal e como alerta o persoal experto e as entidades feministas que traballan neses ámbitos, en contextos de ocio nocturno, efectivamente, existe unha maior permisividade coa violencia sexual, nos que se chega en moitos casos mesmo a xustificarse ou a lexitimarse esas condutas a través de argumentos como o consumo de alcohol e drogas ou o uso e cosificación das mulleres novas como reclamo sexual en determinados locais.

Por iso, e antes de nada, o que é necesario e imprescindible é aplicar a perspectiva feminista e tomar conciencia dela. É importantísima, porque finalmente é o machismo o que provoca que en demasiadas ocasións non se identifiquen as condutas de violencia machista que non se adecúan ao estereotipo social de violencia sexual no que hai un gran uso da forza por parte do home e un elevado grao de medo experimentado pola muller. O resto non parece ser violencia, de aí que o consentimento sexa clave. Queda moito por facer nesta materia, pero mentres non avanzamos, efectivamente, deben crearse espazos máis seguros. E aquí tamén podemos introducir un termo novo, ou non tan novo, como é a importancia dun urbanismo feminista. E á parte deses espazos máis seguros, evidentemente hai que elaborar protocolos de actuación coa complicidade, por suposto, do sector do ocio —que o agradece, ademais— pero tamén de toda a sociedade. E a sociedade inclúe, por suposto, o noso Goberno, que debería ser —nós tamén o cremos así— quen dea o paso.

Efectivamente, o caso de Dani Alves —hoxe seica hai noticias novas que apuntan nun novo sentido, agardemos que continúe así— puxo de manifesto a eficacia de ferramentas formais contra as violencias sexuais en locais de ocio. Como xa se dixo, nese caso foi grazas ao protocolo «*No callem*» do Concello de Barcelona, elaborado tamén en colaboración co sector do ocio nocturno, que permitiu ser dilixente na atención á vítima precisamente porque o persoal desa sala tiña formación, a formación adecuada sobre violencia sexual, e soubo como actuar sen dilación. Porque, non nos enganemos, como xa dixeran, nos espazos de ocio adoitan normalizarse determinadas condutas que levan á impiedade do agresor e mesmo tamén a xustificar o seu comportamento. Por iso —repetimos— é imprescindible que o persoal traballador deses locais teña a formación adecuada para detectar esas violencias e actuar rápida e correctamente.

Tamén é imprescindible, por suposto, o compromiso de todo o local ou de quen organice calquera evento que teña lugar nese contexto, dende a prevención e sensibilización, que



son fundamentais en todo ese proceso, á detección e reacción fronte a unha agresión sexual, pasando, por suposto, de maneira prioritaria por unha correcta atención á vítima. Este tipo de ferramentas para abordar as violencias sexuais en espazos de ocio son fundamentais, primeiro, para previlas e, despois, para reaccionar ante elas. E deben ser, efectivamente, os poderes públicos quen poñan en marcha estas actuacións e traballen tamén para que todo o sector se adhira. Porque, a pesar de que os plans de seguridade deste tipo de locais xa teñen protocolos para actuar en caso de violencia, as violencias sexuais deben ter un protocolo específico, xa que o seu impacto na vítima é moitísimo maior que en calquera outra e porque non sempre é doado detectalas, e aí radica o problema. Se o persoal da sala barcelonesa non tivese formación —repito, a formación de todo o persoal é o punto de partida— a bo seguro que esa muller vítima marcharía, como adoita acontecer, para a súa casa acompañada das amigas que estaban con ela. E alí tomarían decisións complicadas. O problema é que alí, aínda que decidisen tomar decisións acertadas —porque sempre serán acertadas, son as súas—, como, por exemplo, se decidisen denunciar a agresión, pode que, de non existir ese protocolo que existiu en Barcelona, xa fose tarde para que as distintas instancias se fixesen coas probas necesarias para deter ese agresor.

Por suposto, os protocolos deben estar milimetricamente coordinados coas forzas e corpos de seguridade e con outras instancias, como as sanitarias ou xudiciais. E esta é outra das razóns ao noso entender —no Grupo Socialista— para que sexa a propia Xunta de Galicia quen colla a batuta para elaboralos conxuntamente co sector.

Desta vez, señora López non seremos pioneiros ou pioneiras nisto, pero si podemos poñernos á cabeza. Hai experiencias que xa se nomearon aquí que podemos imitar ou tomar como referencia. Por exemplo, xa se falou de Cataluña, que vai moi por diante de nós neste contexto. Pero non é malo, como digo, poder tomalas como referencia, porque é certo que á acertada iniciativa «*No callem*» do Concello de Barcelona se lle suma tamén o protocolo de seguridade contra as violencias sexuais en contornas de ocio do departamento de interior da Generalitat, que ten como ámbito de actuación toda Cataluña, e que aplican os Mossos d'Esquadra, policía locais, profesionais de seguridade e entidades que se adhiran, tanto públicas como privadas, a un convenio que previamente teñen que asinar.

Pero tamén en Cataluña existe algo máis, como a Guía de actuación diante de violencias sexuais para locais e outros espazos de ocio nocturno no contexto do consumo de alcohol e outras drogas —posto en marcha polo departamento de drogodependencias da Axencia de Saúde Pública de Cataluña—. Ou sexa, xa hai literatura dabondo como para poder empregala como referencia para o noso protocolo, para o protocolo galego.

Xa remato e non me vou estender máis, porque, efectivamente, creo que queda claro o noso apoio a esta iniciativa. Pero non quería rematar sen subliñar algo a pesar de que non é o tema concreto de hoxe pero si importante. E queremos deixar aquí constancia da importancia —dende logo para o Grupo Socialista— de incorporar de maneira urxente a educación afectivo-sexual na educación formal, tal e como apuntan todas as persoas expertas e organizacións e tal e como xa se garante nesa Lei de liberdade sexual. As agresións sexuais en boa medida teñen que combaterse ou erradicarse con educación, algo, por certo, no que insistimos desde o Grupo Socialista en múltiples ocasións, e ao que, lamentable e



inexplicablemente, tanto o Grupo Parlamentario Popular como o propio Partido Popular e como o noso Goberno se resisten de maneira inexplicable. Que quede claro: as violencias, e tamén as sexuais, combátense con educación e máis educación.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pecha a autora da proposición non de lei, dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de máis, quero agradecerlle ao Partido Socialista o seu apoio, e ademais coincidimos ao cento por cento coa intervención que fixo a señora Díaz.

Eu, señora López, mire, agradézolle que saque o tema da Lei do «só si é si» neste caso concreto e neste debate, da Lei de liberdade sexual, que entrou en vigor o 7 de setembro de 2022 coa súa publicación, como saben, no *Boletín Oficial do Estado*. Grazas a esa lei a muller da que falaba eu neste caso concreto, esa muller violada no cuarto de baño dunha discoteca en Barcelona o 30 de decembro de 2022, ten o recoñecemento desde o primeiro momento de vítima de violencia machista, antes non. (*Aplausos.*) Porque o seu violador era un descoñecido, non tiña relación de parella con ela desde ningún punto de vista, por moi famoso que fose. Con iso, con esa consideración —que por vez primeira se incorpora na lexislación española— de vítima de violencia machista, por ser unha vítima de violencia sexual, tivo, desde o minuto un, todo un sistema de apoio psicolóxico e xurídico que antes desa lei no Estado español non existía. E algo que poden consideralo quizais vostedes máis importante que todo o que acabo de mencionar anteriormente —eu creo que, en todo caso, será igualmente importante, neste caso ela presentou unha denuncia— é que non ten que demostrar que se resistiu a ser violada, porque o que vai determinar un delito contra a súa liberdade sexual é que non quería ter relacións sexuais con esa persoa. Ese é o enorme avance da Lei de liberdade sexual, da Lei do «só si é si». E eu agradézolle que a trouxese hoxe a este debate porque este é un caso concreto dos beneficios, dos avances e dos dereitos que recoñece esa Lei de liberdade sexual, que, cando foi violada, o 30 de decembro de 2022, xa estaba en vigor e publicada no *Boletín Oficial do Estado* o 7 de setembro.

Respecto dese consentimento no centro do tipo penal —saben que me gusta darlle voltas ao debate, ao *Diario de Sesións* e á hemeroteca— nós chegamos a un acordo en novembro de 2019 por unha proposición non de lei que impulsou a miña compañeira Noa Presas aquí neste Parlamento, a un acordo unánime de todas as forzas da Cámara —por suposto, tamén do Partido Popular— no que instabamos o Goberno español a introducir as modificacións no marco xurídico español para que se incluíse o concepto de consentimento e se mellorase a tipificación da violación e das agresións sexuais facendo cumprir ou dando cumprimento ao artigo 36 do Convenio de Istambul, que é precisamente o que fixo esta Lei de liberdade sexual.

En todo caso, e entrando na súa emenda, o punto 4 é no que vostede facía referencia á posición que ten o Partido Popular sobre a Lei do «só si é si», ou Lei integral de liberdade



sexual. Debatémola, porque son os dous puntos. Na proposta que vostedes trouxeron a este Pleno hai quince días eu creo que fomos o suficientemente claras na nosa explicación da posición que ten o BNG sobre a Lei de liberdade sexual. En novembro de 2022 tamén o debatemos. Tamén o manifestamos no Parlamento español. E ata nos medios de comunicación recentemente publicaba a portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, un artigo a este respecto. Nós, se se quere traer outra vez a debate, encantadas.

O que queremos neste caso é poder chegar a un acordo. Voulles facer chegar, como votamos mañá e creo que temos tempo, unha proposta de transacción a todos os grupos, porque eu creo que hai unha parte moi importante —nos primeiros tres apartados da súa emenda— que enriquece a nosa proposta, a que formulamos desde do BNG. Enriquece en aspectos que teñen que ver con que sexa dentro do Observatorio onde se desenvolvan eses traballos co sector para elaborar este protocolo; tamén con que se publique e sexa perfectamente accesible todo o material —o propio protocolo e todo o material, incluída a sinalética— para os propios establecementos a través da páxina web da Xunta de Galiza. Nós cremos que hai cuestións que vostedes formulan na súa emenda que enriquecen —insisto— a nosa proposta. Recollémolas así na proposta de transacción que lles farei chegar.

E con isto remato. Nós sempre, eu creo que o temos demostrado —e vostede mesma facendo referencia a moitos dos acordos que saíron por unanimidade nesta Cámara, que nalgunhas ocasións impulsou o BNG, outras veces o Partido Popular e outras o Partido Socialista—, temos a man tendida para avanzar, para garantir máis e mellores dereitos para as mulleres e con iso unha sociedade máis xusta e máis democrática para o conxunto das galegas e dos galegos. Para iso, nós sempre temos vontade de acordo, de diálogo, por suposto, e tamén a man tendida. Para volver atrás xa saben que non.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver os procesos selectivos das ofertas públicas de emprego dos exercicios 2018 e 2019

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei non se presentou ningunha emenda, e para formulala ten a palabra don Iago Tabarés por tempo de dez minutos.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Non se presentaron emendas porque a aproban seguro. (*Murmurios.*)

Vamos ver, esta iniciativa esencialmente e unicamente é instar a Xunta de Galiza a que cumpra a lei. Resulta sorprendente nun Estado de dereito que teñamos que presentar iniciativas para instar un goberno a que cumpra normas, normas nalgún caso elaboradas polo propio Parlamento, polo propio grupo parlamentario que en solitario sustenta o Goberno. Mais iso é así. Neste caso falamos de función pública pero poderíamos falar tamén



de organización administrativa, e en organización administrativa poderíamos, como fai o Consello de Contas, pedirlle á Xunta que cumpra a lei. Poderíamos falar de emerxencias, e poderíamos facer como o propio Grupo Parlamentario do Partido Popular e pedirlle á Xunta que cumpra a lei. Poderíamos falar de contratación pública ou poderíamos falar doutras moitas cousas e pedirlle á Xunta de Galiza que cumpra a lei. Incluso poderíamos pedirlle á Xunta que cumpra o Regulamento desta Cámara, pedirlle que cumpra o Regulamento e que achegue aos grupos parlamentarios a información solicitada e se deixe de encubrir infraccións graves que acontecen nas residencias; ou incluso poderíamos solicitar ao exdeputado don Alberto Núñez Feijóo que xustifique a esta Cámara —como é a súa obriga e en cumprimento do Regulamento— ese incremento patrimonial de 800.000 euros que aínda fica pendente de xustificar. E, por certo, reitero pois esa insistencia, seguramente esa xustificación na insistencia do Partido Popular na derogación do delito de malversación. Ese comportamento, ese enriquecemento patrimonial inxustificado, hoxe sería un delito tipificado no Código Penal.

En definitiva, en moitos campos poderíamos solicitar ao Partido Popular que cumpra co Estado de dereito, que cumpra a lei. Mais simplemente lle estamos a pedir que execute a oferta pública de emprego aprobada pola Xunta de Galiza en 2018 e 2019. ¿Que son as ofertas públicas de emprego? Pois son uns instrumentos básicos elementais de planificación dos recursos humanos dunha administración pública. Plasman as necesidades que ten esa administración pública —a xuízo do goberno— e os sistemas e os procesos selectivos para a cobertura desas necesidades. A propia oferta de emprego público di: «É un instrumento para unha xestión eficaz na prestación dos servizos públicos e de eficiencia na xestión dos recursos públicos».

Segundo a lei, tanto a lei estatal como a lei nacional de Galiza, a aprobación da OPE xera a obriga de convocar os procesos selectivos e de executalos no prazo máximo de tres anos. Pois ben, transcorrido xa o prazo máximo, transcorridos catro anos, entendemos necesario instar a Xunta de Galicia para que axilice a resolución dos procedementos selectivos e tamén as tomas de posesión nas prazas de destino —inicialmente provisional e despois de destino definitivo—.

Pois esta negligencia, este incumprimento da Xunta de Galiza, afecta as expectativas laborais e vitais de milleiros de persoas, contribúe á precarización da función pública e condiciona a prestación dos servizos públicos, pois a oferta pública de emprego 2018-2019 contempla a celebración de procesos selectivos, tanto de acceso libre como de promoción interna, como de estabilización e de consolidación de prazas —neste caso, polo sistema de concurso-oposición—. Hoxe —como hoxe mesmo recolle a prensa— existen moitas aspirantes, por exemplo, de auxiliar de enfermería, de auxiliar de clínica, persoal subalterno, de educación e traballo social, bombeiros forestais, por exemplo, que logo de superar a fase de oposición deste proceso selectivo levan anos agardando pola resolución da fase de concurso. Levan tempo agardando coñecer se logran un posto de traballo e o destino do mesmo. É unha resolución que condiciona o desenvolvemento do seu proxecto vital.

Esta situación de incerteza, lóxica e evidente no caso de procesos de acceso libre, condiciona a participación, a preparación, a matriculación e o pago de taxas en procesos selectivos



convocados posteriormente. Tamén afecta a participación nos procesos de estabilización de persoal con contratos temporais. As traballadoras que participan en procesos de estabilización da OPE de 2019, que están pendentes de resolver, vense na obriga preventivamente de participar nos procesos selectivos que se están a convocar. Procesos selectivos que, por certo e tamén debido á mala xestión da Xunta de Galiza, non só se convocaron unha vez, non só tiveron que matricularse e pagar taxas unha vez, senón que debido aos erros da Xunta de Galiza houbo que facer unha ampliación de convocatoria e, por tanto, tiveron que matricularse e pagar taxas unha segunda vez. Todo preventivamente e todo por se acaso. Todo por se resulta que non superan eses procesos selectivos que están en curso correspondentes a esa OPE de 2019.

Ademais, falamos de procesos de novas convocatorias de estabilización nas cales non se coñece con exactitude o número de prazas, porque o número de prazas destes novos procesos de estabilización dependerá da resolución da estabilización da OPE de 2019. Tampouco, debido á falla de transparencia da Xunta de Galiza, moitas destas traballadoras coñecen se as súas prazas —as prazas que interinamente poden estar ocupando— están afectadas pola OPE de 2019, polo proceso de estabilización de 2019, se están afectadas polos procesos de estabilización de 2022 ou de 2023 ou por ningún dos tres anteriores. Debido ao escurantismo e á falla de transparencia da Xunta de Galiza nin sequera teñen acceso a esa información. ¡Mala xestión sobre mala xestión!

Por certo —como se falaba antes aquí—, non existe ningún responsábel; ningunha persoa, nin o director xeral de Función Pública nin outra, é responsable de tanta mala xestión e de tanta chapuza. Mais todo iso non só afecta a planificación, non só afecta milleiros de persoas, senón que tamén provoca un prexuízo económico para todos e todas as galegas, sendo un dos factores determinantes na precarización do emprego público.

Como xa dixemos máis dunha vez, a precarización da Administración pública galega, a elevada taxa de temporalidade que existe, é consecuencia da imposición dunha taxa de reposición nula ou mínima en moitos casos. É consecuencia dunha indisimulada e evidente vontade privatizadora por parte do Partido Popular, mais tamén pola falla de resolución en prazo das ofertas de emprego público.

Así, por exemplo, o Consello de Contas informou —non o Bloque Nacionalista Galego, senón o Consello de Contas, e non grazas á información que lles facilitou a Xunta de Galiza, senón ao *Boletín Estatístico do Persoal das Administracións Públicas* fornecido pola Administración xeral do Estado; xa digo, non pola Xunta de Galiza— no último quinquenio dun escaso incremento do cadro de persoal conxunto. Existiu un incremento da temporalidade dun 33,59 por cento, mentres o persoal fixo de Galiza baixaba nun 3,31 por cento. A temporalidade para o persoal laboral da Administración pública galega é superior ao 53 por cento, e no persoal estatutario —no que está englobada a maior parte do persoal que presta servizos na Administración sanitaria— xa era máis dun 35,96 por cento, case dun 36 por cento. Isto é a temporalidade e a precarización do servizo público galego.

Ademais da cobertura de prazas ocupadas por persoal temporal, a OPE contempla a cobertura de prazas vacantes consecuencia de xubilacións, pasamentos, renuncias, baixas definitivas



e un oito por cento adicional sobre a taxa de reposición. Por isto, en moitos casos a falla de resolución destes procesos selectivos o que implica é que non hai persoal na administración pública para realizar as funcións tanto sanitarias, como de administración xeral, como de ensino, como de servizos sociais. A falla de resolución destes procesos selectivos implica que non hai persoal.

E de aí un dato elocuente tendo en conta o Bipartito, que é a medida de todas as cousas: os gastos de persoal do Bipartito en 2009 —actualizados no día de hoxe, como é correspondente a calquera débeda de valor— serían 172.000 euros superiores aos gastos de persoal de toda a Xunta de Galiza no día de hoxe. Por tanto, a Xunta de Galiza do Bipartito investía en persoal máis do que se está investindo no ano 2020, covid mediante.

En conclusión, a nosa proposición de lei é para que cumpran a lei, para que atendan as necesidades e as expectativas vitais e profesionais lexítimas de milleiros de persoas, para que melloren a eficacia da prestación dos servizos públicos e a eficiencia na utilización dos recursos públicos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Tabarés.

Rolda dos restantes grupos. *(Pausa.)*

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Gonzalo Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Falamos agora de función pública e do modelo de administración pública que queremos ter en Galicia para prestar os mellores servizos públicos e para resolver os problemas dos galegos e das galegas. E é importante apostar por unha administración pública competente, capaz, eficaz e eficiente que estea á altura das circunstancias nuns momentos nos que o reto das administracións públicas desborda toda experiencia pasada que coñecemos. Cada vez exixímoslle máis á función pública, nunha sociedade máis complexa, con maiores riscos, con maiores dificultades. É a hora tamén de apostar por un modelo de administración pública con firmeza, que estea á altura dos tempos en que estamos vivindo. É a hora de falar de administración pública e de calidade dos servizos públicos.

Eu quero comezar esta intervención trasladándolle á cidadanía galega a miña satisfacción polo que foi unha concentración e unha manifestación masiva en Santiago de Compostela para defender unha sanidade pública de calidade, na cal traballadores e traballadoras públicas dan o mellor de si mesmos para ter unha sanidade pública universal, eficiente, próxima ao territorio; unha sanidade pública de calidade e que é tan reclamada polos galegos e polas galegas.



Cando falamos de funcionarios, de empregados públicos, da función pública ou das administracións públicas, falamos de servizos públicos, como no caso da sanidade. E tamén quero poñer en valor como hoxe mesmo un goberno de progreso en España acaba de aprobar a maior partida existente na historia do noso país para bolsas públicas, elevando a 2.520 millóns de euros o investimento para axudas á educación postobrigatoria, que pode chegar a un millón de alumnos e de alumnas. Inclúe, entre outras cuestións, bolsas de ata catro mil trescentos euros por estudar fóra da casa nesas etapas, novecentos euros máis. E tamén inclúe un proxecto e un plantexamento de axuda de catrocentos euros para cada un dos alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo. Catrocentos euros para alí onde hai máis necesidades educativas e que son tamén froito dunha administración pública con traballadores públicos eficientes e capaces que van poñer o mellor de si mesmos para levar adiante eses proxectos.

E cando falamos da calidade das administracións públicas temos que falar tamén da estabilidade do emprego público. Porque se queremos ter unha administración pública de primeira non a podemos basear na precarización do traballo dos empregados públicos.

É por iso que o Goberno da Xunta de Galicia ten que mudar. Está tentando mudar, pero faino de forma ineficiente, insuficiente e con falla de determinación. Ten que mudar, porque a temporalidade do sector público, despois de trece anos de goberno do señor Feijóo en Galicia, case duplicou a temporalidade das empresas e porque — como xa lles dixemos aquí noutras ocasións — os traballos temporais na Xunta disparáronse cos gobernos do señor Feijóo e do Partido Popular. Disparárona dende 2009. Por cada catro traballadores temporais que había na Xunta no ano 2009 o señor Feijóo incorporou tres traballadores temporais máis; por cada catro, deixou sete. E á vez que isto ocorría vimos tamén como a porcentaxe de traballadores fixos e de funcionarios de carreira caeu máis de dez puntos no total do emprego público na Xunta dende o ano 2009; estaba no oitenta e tres por cento do emprego público da Xunta e baixou ao setenta por cento.

É por iso que tamén houbo queixas de tantos traballadores e traballadoras públicas, como ata cinco xuntas de persoal funcionario da Xunta chegaron a pedir a dimisión do director xeral de Función Pública. Vostedes en función pública non o fixeron e non o fan ben.

É por iso que é necesario poñerlle deberes a un goberno para facelo mellor, porque en xaneiro deste ano 2023 estímase que o trinta por cento dos traballadores das administracións públicas teñen contrato temporal. Pola Lei 20/2021, de redución de temporalidade, temos o obxectivo, entre todos e todas, de levar esa temporalidade a unha ratio que ten que estar por debaixo do oito por cento a finais do ano 2024. Así saíu adiante neste Parlamento galego, marcada polas directrices da lei estatal, a Lei autonómica 5/2022, do 21 de decembro, que tivo que esperar ata o 26 de decembro para que se publicase no *DOG* o primeiro proceso de estabilización de tantos traballadores e traballadoras temporais de 5.647 prazas.

Cando falamos desta situación, do que temos por facer por diante, cando poñemos o retrovisor e miramos cara a atrás, aínda vemos que o Goberno da Xunta de Galicia non está



cumprindo coa función pública e coas ofertas públicas de emprego que fixo en anos anteriores.

É por iso que é acaída e é necesaria esta proposición non de lei, que, dende logo, vai contar co respaldo do Grupo Parlamentario Socialista, para traballar en dar solucións a aqueles casos de problemas que non teñen solución coa xestión do Partido Popular. Claro que hai que buscar esa axilización e inmediata resolución dos procesos selectivos convocados nas ofertas de emprego público dos anos 2018-2019, así como da adxudicación e toma de posesión de prazas. Porque non é de recibo que esteamos vendo como despois de ter pasadas determinadas fases de oposición, as de concurso poidan estar paralizadas en convocatorias de consolidación, estabilización ou acceso libre.

Hoxe mesmo sinálase nos medios de comunicación. Vou ler un parágrafo que resulta significativo dun diario galego de hoxe mesmo: «*Los casos ilustran la situación. Nunca se dio una situación similar. Nuria es personal subalterno sociosanitario, su convocatoria es de 2019 y dice que “sin el baremo definitivo y sabiendo que tengo opciones a plaza he tenido que anotarme en el examen de este verano” —explica la opositora—. Antía, que es educadora social, tiene la misma situación: “es humillante y totalmente frustrante este proceso” —afirma—. Manuel es auxiliar de clínica y, según dice, también tiene acceso a plaza, para la que lleva dos años esperando mientras sigue trabajando como interino: “hay épocas en las que trabajo y épocas en las que no, las condiciones en los centros de mayores son difíciles; nosotros suplimos las carencias con nuestros esfuerzos para que los residentes tengan buen servicio”*».

É, polo tanto, necesario darlle resposta a toda esa masa de traballadores que teñen un contrato precario para a cal hai un avance importante coa lei que se aprobou neste Parlamento de Galicia hai escasas semanas. Pero, sen dúbida, cando vemos o que tiña que estar feito non o está, e é hora de que o Goberno da Xunta e o presidente Rueda se poñan mans á obra.

Non pode ser que tantos traballadores e traballadoras estean á espera. Non pode ser, porque a calidade institucional importa e moito, e temos que dotar a Administración pública galega da capacidade de poder dar os servizos públicos e a atención pública que os galegos e galegas necesitan. Cando buscamos os indicadores que miden a calidade institucional temos que facelo a través de indicadores de transparencia, a través de indicadores que verifiquen o estricto cumprimento da lei, o *rule of law*. E aquí hai evidentemente unha debilidade nestas ofertas de emprego público nas cales non se está chegando a tempo e nas cales hai unha parálise pola incapacidade do Goberno da Xunta de cumprir. Hai que medir tamén a imparcialidade da administración pública. Hai que medir que non existan cargas burocráticas excesivas para ter unha xestión eficiente. E, dende logo, hai que eliminar calquera risco de corrupción, explícita ou implícita, de calquera mecanismo.

E a min tamén me gustaría que o Partido Popular fose contundente nesas cuestións que teñen que ver coa corrupción. Vostedes teñen este sábado unha concentración aquí na que vai volver a Galicia o presidente Feijóo. Eu quería preguntarlle hoxe ao presidente do Partido Popular: ¿podería aclarar o señor Feijóo se avala as mensaxes de apoio a Casado dos seus voceiros, Cuca Gamarra e Maroto, para defendelo cando este acusou a Ayuso de corrupción?



(*Murmurios.*) ¿Tamén lle enviou Feijóo un wasap de apoio a Casado hai un ano ou é que Feijóo prefire tapar a corrupción?

Respondan a estas preguntas, que queren escoitar tamén os cidadáns en Galicia, e mentres non nolas responden cumbran coa lei e axilicen as ofertas de emprego público. Cumbran con este mecanismo para ter calidade institucional. É necesario facelo, porque queremos que os traballadores e as traballadoras públicas que teñen dereito a ter unha praza e que pasaron unha fase de concurso non estean esperando meses, quizais anos, pola baremación de méritos e, polo tanto, pola fase de oposición-concurso. É necesario resolver esas prazas.

Querémoslle dicir ao Partido Popular que se poña a traballar polos galegos e polas galegas, que cumpra co país, que lle dea respostas e que aposte por unha administración pública de primeira, transparente, limpa, sen redes; unha administración imparcial e á altura do país, unha administración na que se aposte pola estabilización do persoal en vez de pola precariedade. E iso que non fixo o señor Feijóo en trece anos de goberno á fronte da Xunta debería estalo agora cumprindo o Partido Popular, en vez de estar escusando a ausencia de goberno e a ausencia de políticas públicas do señor Rueda.

Nada máis. Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Caballero.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra don Alberto Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

E eu pensando que ía ser esta unha intervención aburrida e de trámite. (*Murmurios.*) ¡Que cousas hai que oír! Ben, por ir punto por punto...

Señor Tabarés, imputar un delito a un exdeputado desta Cámara no momento en que está ausente, que non se pode defender e aproveitando a impunidade que lle dá a acta de deputado é simplemente unha covardía. No seu caso, ademais, que é letrado, se o dixese en serio sería unha absoluta mostra de total e profunda ignorancia. Pero sabemos que non o é, porque vostede non se atreve a soste esas acusacións nun xulgado para aforrar o bochorno que lle suporía a moquetada que lle ían dar na sentenza se fose dicir as ridiculeces que dixo hoxe aquí. (*Aplausos.*) ¡Hai que ser ridículo!

E, a partir de aquí, algunha puntualización. Señor Caballero, eu xa sei que para vostede ver trescentos trece candidatos ás municipais xuntos, claro, no Partido Socialista parecería unha concentración. ¡Non se falan co do lado, ver trescentos trece xuntos é un susto enorme! (*Aplausos.*) É o normal. Facémolo habitualmente cando chegan estas cousas. Antes que ninguén, tamén é certo, pero facémolo.

Pero despois tamén, vaime permitir... Coa que lles está caendo a vostedes en Valencia, coa que lles está caendo a vostedes en Canarias, coa que lles está caendo a vostedes coa redución



das penas do delito de malversación, hai que ter unha coraxe para vir falar hoxe aquí de corrupción... Vou recordar aquela frase que lle dedicou a outro deputado o señor conselleiro de Facenda: «recolla a faciana do chan, ¡home!, que lle ten que estar caendo». ¡É que lle ten que estar caendo! (*Aplausos.*) Pero, ¡de verdade! En fin, a vostede non lle mandan o argumentario; vostede é un argumentario con patas. De verdade, é unha cousa tremenda. Córtese, de verdade, córtese e non lle falte vostede ao respecto aos funcionarios.

Eu xa indo ao que viñemos falar hoxe aquí, antes de que fixeran esta rolda de chistes. A min gustárame comezar manifestando o absoluto respecto da Xunta de Galicia pola legalidade vixente, polo seu cumprimento e tamén, por certo e por suposto, por todas e cada unha das persoas que se presentan a un proceso selectivo para tentar acceder a un emprego público. Nós coñecemos perfectamente as obrigas establecidas. A Xunta coñece perfectamente o Estatuto básico do empregado público e a Lei de emprego público de Galicia. E a Xunta vén desenvolvendo de maneira exemplar as súas convocatorias de emprego público coa máxima garantía e coa maior celeridade posible. ¿Para que? Para o lóxico: para protexer o interese das persoas que se presentan aos procesos e para protexer os intereses dos servizos públicos que precisan desas incorporacións. E lévao facendo moito tempo.

Entre todas esas cifras deslabazadas que deron vostedes —que xa non saben como retorcer as cousas nesa triloxía da que falaba esta mañá da confusión, o bulo e o insulto—, o que se lles esqueceu contar de todo isto é que o Goberno autonómico coa menor taxa de interinidade de todo o Estado é o galego. Non o digo eu, son datos oficiais do Goberno de España. E dicía vostede: a ver se se fai mellor. ¿Mellor que quen? ¡Se ninguén o fixo mellor cá Xunta! O 29,8 por cento de interinidade. A media estatal é 41,7 por cento. ¡Home!, xa que lle mandan o argumentario ou que vostede o memorizou, ¡polo menos memorice os datos e non veña aquí mentir co descarro co que o fixo hoxe! (*Aplausos.*) Non se pode fallar á verdade no ámbito deste Parlamento con absoluta impunidade. ¡Pero póñanse colorados! ¿Tamén lle vai discutir a Pedro Sánchez? Ben, será a primeira cousa que lle discuta vostede. Está ben, algunha vez tiña que tocar.

Pero o respecto que temos pola realidade, eu creo que todos entendemos que debe ser compatible coa realidade que nos rodea. E a realidade que atrasou os procesos de selección —e que vostedes, por certo, obvian na súa iniciativa, porque non a nomean en ningún momento— chamouse «pandemia da covid». Eu dicía que o BNG é doutro planeta e de verdade que veu vostede aquí corroboralo. Fala vostede do atraso dos procesos selectivos... Deben ser vostedes —que despois subiu aquí o señor Caballero— os únicos dous cidadáns do mundo que non saben que houbo unha pandemia de covid que atrasou as cousas. Unha circunstancia que condicionou a totalidade —non só isto— das actividades das nosas vidas, das de todos nós, excepto das de vostedes. Paralizando, primeiro, completamente toda actividade non esencial, e, segundo, ralentizando o conxunto da actividade social; aquilo que se chamou —xa se esqueceron— «a nova normalidade».

A realidade é que as dificultades derivadas da pandemia coincidiron no tempo, ademais, cun importante incremento do número de procesos selectivos convocados e tramitados pola Xunta de Galicia. Ninguén, agás os propios aspirantes, probablemente, ten maior interese que a propia Xunta de Galicia en que se completen coa maior brevidade posible os procesos,



para que as prazas sexan adxudicadas e se produzan as incorporacións que garantan o mellor servizo posible no ámbito dos servizos públicos.

Nos anos 2019 e 2020 convocáronse no ámbito da función pública un total de 2.523 prazas, distribuídas en corenta e sete procesos selectivos. E nestas prazas acoden, por certo, os primeiros procesos de estabilización acordados coas organizacións sindicais para reducir a temporalidade no emprego público. Eses corenta e sete procesos foron afectados pola declaración dos dous estados de alarma, eses dous ilegais que ditaron —non sei se se acordan—, os dous, que non permitiron que as probas selectivas comezasen ata marzo de 2021.

A partir de aí comezaron aplicando, evidentemente, todas as garantías sanitarias. ¿Acórdanse vostedes da restrición de aforos?, ¿acórdanse? Pois iso obrigou a multiplicar as sedes, a multiplicar as quendas, a elaborar protocolos de actuación para cada proceso, para cada exercicio a puntuar; a incrementar os exercicios co exame covid, por certo, que obrigou a repetir a proba de selección un mes despois da súa celebración... Pero parece que os únicos que non se enteraron de que se paralizou o mundo son o BNG e o Partido Socialista de Galicia. Eu dígolles que, de verdade, non o entendía cando estaba lendo a proposición. ¡É que non a entendía! ¿Pero vostedes en que planeta viven?

A todas estas circunstancias, ademais, engádense os douscentos dezasete procesos derivados da execución da Lei para a redución da temporalidade do emprego público, que foron convocados, por certo, no pasado mes de decembro e que se están a desenvolver con total normalidade. E para abordar ese enorme volume de procesos selectivos o Goberno galego está a tomar medidas que melloran a súa tramitación. Por un lado, estender a implantación da plataforma FIDES e, en segundo, reforzar as capacidades da Dirección Xeral de Función Pública.

Están xa en marcha setenta e cinco procedementos selectivos. Concorreron a eles oitenta mil opositores para 2.967 prazas. Vinte e cinco deles teñen prevista a finalización no primeiro cuadrimestre deste ano. Ao tempo, trabállase nos outros cincuenta, que estarán finalizados nos prazos legalmente establecidos, non o dubide. Catorce xa están avanzados á súa fase de oposición, que se iniciará posteriormente cando se remate a fase de concurso, e os trinta e seis restantes teñen previsto o seu inicio nos meses de xuño e xullo.

A FIDES vaise converter na canle dixital especializada para a xestión do emprego público e, polo tanto, é un modelo tecnolóxico ao servizo de todos os opositores e do conxunto dos traballadores públicos. Vai permitir a xeración de solicitudes dos procesos que están en marcha e, ademais, facer o seguimento continuado do estado desa solicitude. Ademais, estase traballando coas organizacións sindicais para aumentar os medios persoais na Dirección Xeral de Función Pública. Algo que entende absolutamente todo o mundo menos as dúas persoas que me antecederon no uso da palabra.

Polo tanto, señorías, máximo compromiso da Xunta, máxima dilixencia da Xunta e máximo respecto aos opositores por parte da Xunta. Oxalá se sume a iso o máximo respecto á intelixencia dos galegos por parte de quen veu hoxe aquí plantexar este esperpento que vostedes chamaron «proposición non de lei».



Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pazos.

Para rematar o debate desta proposición, e tamén para rematar a sesión de hoxe, ten a palabra novamente don Iago Tabarés, por un tempo de cinco minutos.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Xa me dera conta de que falara moi rápido. Teño que falar máis despacio, porque se non o señor Pazos ten certa dificultade para entender segundo que cousas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (Aplausos.) Mire: eu non imputei ningún delito ao señor Núñez Feijóo. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, vaia con calma, porque se non por moi despacio que fale, non chega a entendelo.

Vamos ver, a reforma do Código penal introduciu o artigo 438 bis. Entrou en vixencia o 12 de xaneiro de 2023. Por tanto, ¿os comportamentos anteriores ao 12 de xaneiro de 2023 son puníbeis? Non. Por tanto, por esa razón non imputei ningún delito a ese señor por comportamentos anteriores á entrada en vixencia dese 438 bis do Código penal. Se vostede —por se sigo falando moi rápido— le ese artigo 438 bis do Código penal, aforraría algunhas imprudencias que ao mellor deixan en evidencia os seus coñecementos xurídicos. (*Murmurios.*) (Aplausos.)

En todo caso, para... (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Estamos rematando, estamos rematando.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: En todo caso, e para todas aquelas persoas que non teñan eses vastos coñecementos do señor Pazos, quería simplemente dicirlles que esa modificación do Código penal do delito de malversación introduciu o delito para aquelas autoridades que non xustifiquen un ingreso patrimonial superior a douscentos cincuenta mil euros.

E agora digo: ¿hai algunha persoa que, antes da entrada en vixencia do Código penal, deixase de xustificar neste Parlamento un ingreso patrimonial de oitocentos mil euros? Pois contéstese vostede soíño. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Despois hai outra cuestión. Vostede fala de celeridade da Xunta de Galiza na resolución dos procesos selectivos ou de ofertas públicas de emprego e a pandemia. ¡Home!, por favor, xa non pido que non minta, pero non falte ao respecto a esta Cámara. Mire: o decreto de 2018, dous anos e pico antes da pandemia. Tres anos para a execución das OPE. É do 17 de decembro de 2018 e o nomeamento do tribunal non foi ata febreiro de 2022, máis de dous anos despois.

Temos 2019. Igualmente, temos o 29 de marzo de 2019 a Resolución pola que se nomea o tribunal cualificador, ata febreiro de 2022. O proceso selectivo de nomeamento do tribunal. Ben, estamos de acordo. A celebración da oposición foi hai un ano. ¿Por que tardan tanto en resolver o concurso-oposición? ¡O tribunal xa está nomeado! Aínda non está resolta a fase de concurso.



Por tanto, aínda non está resolto ese proceso selectivo. Por tanto, aínda esas persoas teñen que matricularse nos procesos selectivos posteriores. Por tanto, aínda non hai destino provisorio. Por tanto, aínda non hai concurso de traslados. Por tanto, aínda non hai destino definitivo.

Despois, unha cuestión. Respecto da temporalidade na Xunta de Galicia, simplemente quería darlles os datos. A temporalidade da Xunta de Galicia é maior porque non se cobren as baixas. Precisamente non existen interinos, non existen contratos temporais, porque nin sequera a Xunta de Galiza, en menor medida que outras comunidades autónomas, está cubrindo eses problemas que temos de persoal. E o dato xa llelo demos antes: en 2009 investíase máis en persoal na Xunta de Galiza do que se está facendo en 2022. Iso quererá dicir algo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Chegue vostede á conclusión.

Hai unha cuestión en que insistiamos. A OPE é un instrumento de planificación, a OPE é para unha xestión eficaz da prestación de servizos públicos e unha xestión eficiente de emprego de recursos públicos.

E chegamos a unha conclusión. A vostedes os recursos públicos non lles importan en absoluto. Polo tanto, dan igual as persoas que están afectadas por todo iso, dá igual que se estean pagando sobrecostos, dá igual que a Xunta de Galiza estea pagando por prestacións que non recibe e dá igual que teña que pagar indemnizacións millonarias por non resolver as OPE en prazo; por non cumprir co que marca a lei.

Pero vostedes son negligentes na xestión disto e na xestión —diso que está tan de moda— dos fondos europeos. Están reclamando ao Goberno do Estado a xestión de fondos europeos —que me parece moi ben— pero, cando menos, aquí tamén xestionen e resolvan, que dos fondos europeos que recibe Galiza vostedes non executan nin o cincuenta por cento, catrocentos millóns de euros. Mil seiscientos millóns de euros deixou de recibir a Xunta de Galiza pola brillante xestión de Núñez Feijóo.

Remato. Cumpran a lei, respecten as persoas, teñan respecto, teñan en consideración todas aquelas persoas que están inmersas nun proceso selectivo e cuxo futuro laboral e vital está dependendo do que resulte dese proceso selectivo ou está condicionado por iso. Respecten os servizos públicos e respecten os recursos públicos. En definitiva, cambien a maneira en que están detendo o poder na Xunta de Galiza.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Tabarés.

Rematado este debate, suspendemos a sesión ata mañá ás dez.

Boa tarde.


Suspéndese a sesión ás sete e vinte minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

